Sobre as medidas que ten previsto adoptar o Goberno galego no referido á execución dos fondos europeos

- 30628 (12/POP-004583)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández González, Ariadna e 2 máis
Sobre as previsión da Xunta de Galicia de realizar reunións de traballo cos servizos e os sectores implicados ante unha posible vaga de dermatose nodular contaxiosa que afecta o gando vacún

- 30647 (12/POP-004584)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 2 máis
Sobre a valoración que fai o Goberno galego respecto da súa responsabilidade na conservación do patrimonio cultural de Galicia

- 30655 (12/POP-004585)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara
Sobre a postura da Xunta de Galicia respecto do Real decreto lei 7/2025, do 24 de xuño

- 30675 (12/POP-004586)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ruanova Vilas-Boas, Brais e 2 máis
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego en relación co capital público depositado na sociedade Impulsa Galicia

- 30691 (12/POP-004587)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Fernández Davila, María Cristina e Prado Cores, María Montserrat
Sobre as medidas que prevé adoptar o Goberno galego para incorporar o persoal de pediatría necesario nos centros de saúde dos municipios da comarca Condado-Paradanta

- 30693 (12/POP-004588)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis
Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia respecto da previsión de fondos europeos pesqueiros na proposta do Marco financeiro plurianual 2028-2034

- 30696 (12/POP-004589)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos
Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia respecto do recoñecemento da figura das cofradías de pescadores

- 30698 (12/POP-004590)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos
Sobre a situación en que se encontra a renovación e modificación do decreto de artes de pesca e marisqueo

- 30700 (12/POP-004591)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia
Sobre a valoración que fai o Goberno galego respecto da declaración como servizo complementario dos programas de madrugadores, servizos de aula matinal e almorzo

- 30702 (12/POP-004592)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia
Sobre o control realizado pola Xunta de Galicia respecto das achegas voluntarias por parte dos centros de educación en réxime de concerto

- 30704 (12/POP-004593)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis
Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para a protección das persoas traballadoras do sector marisqueiro na ría do Burgo

- 30706 (12/POP-004594)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia
Sobre a planificación de investimentos nos centros educativos públicos galegos

- 30708 (12/POP-004595)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis
Sobre o criterio da Xunta de Galicia respecto da construción do Edificio de Investigación en Industria Intelixente (EI3) de Ferrol

- 30710 (12/POP-004596)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis
Sobre a valoración que fai o Goberno galego respecto do novo edificio do Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e das Comunicacións (CITIC)

- 30712 (12/POP-004597)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia
Sobre determinadas cuestións relacionadas coa Formación Profesional Dual en Galicia

- 30714 (12/POP-004598)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia
Sobre as escolas unitarias e os CRA (colexios rurais agrupados) en Galicia e as medidas que se están a tomar para garantir a súa subsistencia

- 30716 (12/POP-004599)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia
Sobre o estado de execución do Plan de infraestruturas universitarias asinado pola Xunta de Galicia e as universidades públicas do SUG

- 30718 (12/POP-004600)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia
Sobre os resultados dos últimos concursos de profesorado, o número de prazas vacantes e a taxa de interinidade no persoal docente da Consellería de Educación, Ciencia, FP e Universidades

- 30720 (12/POP-004601)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis
Sobre a eficacia do control da Xunta de Galicia sobre os xestores dos comedores escolares no que atinxe á utilización de produtos de proximidade

- 30722 (12/POP-004602)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis
Sobre os efectos nos centros de ensino do rural da limitación da oferta de prazas nos cursos iniciais de cada ciclo

- 30724 (12/POP-004603)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis
Sobre a valoración que fai o Goberno galego respecto da necesidade de especialistas en Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe

- 30726 (12/POP-004604)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos
Sobre o nivel de diálogo da Consellería do Mar co sector marisqueiro para a posta en marcha das axudas do Plan de competitividade e sostibilidade do marisqueo de Galicia 2024-2025

- 30728 (12/POP-004605)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis
Sobre a incidencia das patoloxías cardíacas na área sanitaria da Coruña-Cee e na de Ferrol

- 30731 (12/POP-004606)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e 3 máis
Sobre as unidades xestoras da Xunta de Galicia dos programas de financiamento da I+D+I que están actualmente en vigor

- 30733 (12/POP-004607)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego co fin de incrementar o persoal de enfermaría na provincia da Coruña ata acadar a curto prazo, como mínimo, a media española

- 30735 (12/POP-004608)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis
Sobre a postura que ten o Goberno galego respecto da creación da especialidade de enfermaría escolar para incorporar aos centros educativos públicos de Galicia

- 30737 (12/POP-004609)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis
Sobre a calidade dos servizos prestados na estación de autobuses de Ferrol ás persoas usuarias do transporte por estrada

- 30739 (12/POP-004610)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos
Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia respecto dos efectos que podería ter para a sanidade pública a situación do saneamento no porte de Lorbé, no concello de Oleiros

- 30741 (12/POP-004611)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis
Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia respecto da execución dos distintos proxectos de rehabilitación planificados en Ferrol ao abeiro do programa Rexurbe

- 30743 (12/POP-004612)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia
Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia dunha eventual reforma das bolsas predoutorais para mellorar a situación do alumnado investigador

- 30745 (12/POP-004613)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis
Sobre os proxectos que o Goberno galego prevé financiar no ano 2025 nos concellos da área de ferrol

- 30747 (12/POP-004614)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis
Sobre o orzamento previsto para a construción do parque canino de Catabois, no concello de Ferrol

- 30749 (12/POP-004615)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis
Sobre as actuacións previstas no Plan de rehabilitaciónd os barrios do Concello de Ferrol

- 30751 (12/POP-004616)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e 3 máis
Sobre a avaliación que fai a Xunta de Galicia respecto das axudas á mobilidade por autoestrada para a xente moza e os maiores de 65 anos no concello de Ferrol

- 30755 (12/POP-004617)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e 3 máis
Sobre o plan orzamentario previsto para construír o Edificio de Investigación e Innovación na Industria (EI3) no Campus Industrial de Ferrol

- 30757 (12/POP-004618)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis
Sobre as características das vivendas protexidas que se construirán nas parcelas concedidas por concurso público no barrio do Bertón, en Ferrol

Santiago de Compostela, 12 de agosto de 2025
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30332
Data envío: 01/08/2025 14:36:16.439

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 01/08/2 14:33 Por Carmen Rodrígue

## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario Socialista,** por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey, María Elena Espinosa Mangana, María Carmen Rodríguez Dacosta e Silvia Longueira Castro,** a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

O pasado 31 de xullo, o Consello de Contas de Galicia fixo públicos e remitiu ao Parlamento galego varios informes de fiscalización correspondentes a diferentes ámbitos da Administración autonómica. Entre os documentos presentados destaca, de maneira especial, o *Informe de fiscalización das actuacións para a prevención integral da violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia durante o período 2018-2022*.

Este informe foi elaborado por iniciativa do propio Parlamento de Galicia, que no ano 2023 adoptara formalmente o acordo de instar o Consello de Contas a realizar unha análise detallada do uso e xestión dos fondos recibidos pola Comunidade Autónoma ao abeiro do Pacto de Estado contra a violencia de xénero (PEVG) ao longo do período comprendido entre os anos 2018 e 2022.

A finalidade principal deste traballo de fiscalización é avaliar a eficacia, a eficiencia e a transparencia na execución deses recursos públicos, así como verificar se os fondos foron destinados conforme aos obxectivos establecidos no marco do citado Pacto de Estado, que constitúe unha ferramenta chave para o impulso de políticas públicas de prevención, protección e atención ás vítimas da violencia de xénero.

Este informe sinala, entre outras cousas, que a Xunta carece dun plan estratéxico específico para a loita contra a violencia de xénero.

Por José Ramón Gómez Besteiro
Asinado o día 01/08/2025 ás 14:33 Por Elena Espinosa Mangana
Asinado o día 01/08/2025 ás 14:32 Por Paloma Castro Rey
CSV: BOPGDSPG-Fy5inSceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E que dos 39,7 millóns de euros asignados a Galicia no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero para o período 2018-2022, a Xunta deixou sen executar 3,76 millóns, o que supón un 11,3 % do orzamento global, así como que dos fondos executados moitos foron destinados a políticas que nada teñen que ver coa loita contra o machismo.

E conclúe que a política do Goberno galego en relación coa violencia machista é reactiva, existindo un declive nas políticas de prevención.

Ante isto, as alegacións formuladas por parte da Xunta de Galiza e asinadas polo director xeral de Loita Contra a Violencia de Xénero, son as seguintes: “ *No apartado n.59 (páx. 53) indícase que “O número de mulleres asasinadas é un dos parámetros que mellor amosa o avance das políticas de prevención e loita contra a violencia de xénero”*

*Non se recollen no informe datos obxectivos que sustenten esta conclusión. Lamentablemente o número de asasinatos e vítimas de violencia de xénero non ten unha relación directa, causa-efecto, coa intensidade das políticas de prevención e sensibilización contra a violencia de xénero. Deste xeito, actualmente, despois de máis de 20 anos da aprobación da Lei 1/2004 e da Lei 4/2007, estase a ver un repunte, moi preocupante, de actitudes machistas, entre a xente moza.*

*Mais concretamente, na análise realizada a nivel interinstitucional dos asasinatos por violencia de xénero revélase que, en moitos casos un dos detonantes ou motivos que levou ao agresor a acabar coa vida da muller -e moitas veces tamén a acabar coa súa despois-, foi a decisión dela de deixalo e poñer fin á relación que mantiñan.”*

Desde o Grupo Socialista amosamos a nosa total discrepancia ao contido destas alegacións entendendo que a prevención, a sensibilización e a

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

educación en igualdade son actuacións chave na loita contra o machismo, do que deriva a violencia contra as mulleres, e polo tanto, deben ser liñas políticas estratéxicas e fundamentais.

E condenamos as alegacións efectuadas polo director xeral de Violencia, que non atenden á realidade estatística da violencia machista, que infravaloran os avances acadados coas leis de igualdade aprobadas estes anos e que volven poñer o foco da violencia machista nas mulleres vítimas.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

1. O Parlamento de Galicia manifesta a súa vontade de que a Xunta de Galicia cese ao director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero polas alegacións presentadas ao Informe de fiscalización das actuacións para a prevención integral da violencia de xénero na Comunidade Autónoma 2018-2022 e rectificar o contido das ditas alegacións.

2. O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, co fin de executar o 100 % dos fondos provenientes do Pacto de Estado, aprobe un plan estratéxico específico para a loita contra a violencia de xénero, que poña o foco na prevención e sensibilización da cidadanía, en especial da mocidade que inclúa a educación afectivo-sexual nos proxectos curriculares dos centros de ensinanza obrigatoria; e en relación coa asistencia ás mulleres vítimas mellore a coordinación insterinstitucional e os recursos asistenciais existentes.

Parlamento de Galicia, 1 de agosto de 2025

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30332
Data envio: 01/08/2025 14:36:16.439

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 01/08/2025 14:32:53**

**Elena Espinosa Mangana na data 01/08/2025 14:33:10**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 01/08/2025 14:33:27**

**Silvia Longueira Castro na data 01/08/2025 14:33:45**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 01/08/2025 14:33:57**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30332
Data envío: 01/08/2025 14:36:16.439

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/08/2025 14:36:17**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/08/2025 11:27:19
Nº Rexistro: 30357
Data envio: 04/08/2025 11:27:19.151

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Jose Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Rio, Julio García Comesaña, Cristina Sanz Arias, Gonzalo Trenor López, Manuel Santos Costa, Juan Manuel Casares Gándara, Miguel Fidalgo Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González e Noelia Pérez López,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Pleno**

**Exposición de Motivos**

O Goberno de España e o Goberno da Comunidade Autónoma de Cataluña veñen de pactar, no seo dunha comisión bilateral entre ambas administracións, un novo modelo de financiación singular para esta comunidade.

Unha vez máis, Galicia sae perdendo como consecuencia dunha cesión do Goberno de Pedro Sánchez en favor dos intereses dos independentistas cataláns, tras a creación dun *cupo separatista,* un novo sistema fiscal propio non previsto na Constitución.

Cómpre lembrar, nese senso, que a Constitución Española (artigo 14) e o Estatuto de Autonomía de Galicia (artigo 4) consagran o principio de igualdade, establecendo que todos os españois, tamén os galegos, deben ter os mesmos dereitos e obrigacións, e consagrando o principio de non discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

A saída de Cataluña do réxime común supón tamén a ruptura de principios constitucionais tan relevantes como o de solidariedade interterritorial e o de igualdade, alterando o sistema de financiamento e as relacións entre as comunidades autónomas entre si e estas co Goberno central.

Esta é unha liña de actuación característica do Goberno que preside Pedro Sánchez coa que se busca quebrar o principio de igualdade e alterar o actual modelo territorial, con iniciativas como a aprobación da Lei de Amnistía ou, máis recentemente, coas últimas concesións aos partidos independentistas de Cataluña, como a mutualización da débeda catalá.

Asinado o día 04/08/2025 ás 11:27
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A pesar da pouca información dispoñible, pois a negociación ten lugar de costas ao resto das Comunidade Autónomas, o pacto supón a cesión a Cataluña da xestión total dos impostos -da recadación e inspección dos impostos existentes e un aumento de competencias comezando xa pola recadación do IRPF do 2025-.

Un paso así só pode facerse en prexuízo do resto das facendas autonómicas. Xa no seu momento, nunha primeira aproximación, o Goberno galego estimou en 627 millóns de euros ao ano o que perdería Galicia polo financiamento singular de Cataluña, e se se estende ao resto de CCAA pasaría a 2.000 millóns de euros.

Decisións destas características impactan directamente no presente e futuro do modelo territorial e tamén repercuten nos petos das galegas e dos galegos. De feito, Galicia vese especialmente castigada por estas propostas inxustas, regresivas e insolidarias e que só buscan xerar unha pugna entre territorios. A imposición deste novo sistema de financiamento autonómico poría en risco os servizos públicos que as Administracións prestan en cada territorio

Cada comunidade autónoma presenta as súas singularidades e todas deben ser tidas en conta, porque, de actuar en sentido contrario, estaríase a consagrar que hai cidadáns de primeira e de segunda, en función do lugar onde se vivan. De feito, Galicia conta cunha capacidade fiscal próxima ao 89% da media española, mentres que as súas necesidades de gasto están ao redor do 108%. Ademais elementos característicos como a dispersión territorial ou o envellecemento, tradúcense na nosa comunidade nun custo engadido á hora de prestar os servizos públicos, sen que o Goberno de España sexa sensible a esta realidade.

Por outra banda, a inconcreta vontade do Goberno de España de tentar “compensar” ao resto de comunidades autónomas, lonxe de corrixir esta situación, permite adiviñar un novo agravio para Galicia, xa que nos veriamos prexudicados por facer nestes anos o que se espera dunha Administración responsable: limitar o nivel de endebedamento que, no caso de Galicia, foi o que menos creceu de toda España, e que foi todo o contrario do que fixo o independentismo catalán.

Desde o Grupo Parlamentario Popular de Galicia consideramos que é imprescindible reafirmar o compromiso de todas as institucións públicas coa igualdade de todos os cidadáns e co exercicio do autogoberno en condicións de equidade, evitando calquera disposición lexislativa que beneficie de maneira singular a unha comunidade autónoma en detrimento das demais ou calquera pretensión de negociar o sistema de financiamento fóra do marco multilateral.

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Galicia nin pode, nin debe, asistir con resignación e en silencio á substitución do Estado das Autonomías tal e como o coñecemos hoxe por un réxime de intereses ideolóxicos, partidistas e persoais. Reclamamos un trato autenticamente equitativo e un sistema de financiamento que garanta que os servizos públicos e as infraestruturas cumpran cos mesmos estándares de calidade en todas as autonomías e no conxunto do territorio.
A voz das galegas e dos galegos debe escoitarse con toda claridade, con toda contundencia e coa autoridade moral que dá a defensa dos intereses da sociedade galega. A fortaleza das institucións do noso autogoberno e a necesidade de defendelo, é a que fai do Parlamento de Galicia o foro axeitado para expresar o firme compromiso coa defensa da igualdade entre todos os cidadáns no marco da Constitución e do Estatuto de Autonomía que garanten a unidade e a solidariedade. Trátase en definitiva de defender a dignidade de Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei:

> "O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a rexeitar o acordo bilateral do Goberno de España co Goberno autonómico de Cataluña, pactado ao marxe do Consello de Política Fiscal e Financeira, e que condiciona de inicio calquera sistema de financiación das comunidades autónomas de réxime xeral.
>
> Asemade, a Xunta de Galicia dirixirase a Goberno de España co obxecto de:
>
> 1º. Reafirmar o compromiso co principio de igualdade recollido na Constitución Española e no Estatuto de Autonomía de Galicia, garantindo que ningunha iniciativa lexislativa ou negociación bilateral incorpore disposicións que favorezan a unha comunidade autónoma sobre outras.
>
> 2º. Impulsar un diálogo construtivo e multilateral, no seo do Consello de Política Fiscal e Financeira para abordar, entre todas as comunidades, a reforma do sistema de financiamento autonómico, buscando unha repartición equitativa e xusta dos recursos, que preserve a autonomía fiscal, a solidariedade e o equilibrio interterritorial e que garanta que todos os cidadáns accedan en condicións de igualdade aos servizos públicos con independencia do territorio no que residan.

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/08/2025 11:27:19
Nº Rexistro: 30357
Data envio: 04/08/2025 11:27:19.151

3º. Revisar e, no seu caso, modificar calquera proxecto de lei que conteña cláusulas que poidan ser interpretadas como discriminatorias ou que atenten contra a igualdade entre todos os cidadáns, independentemente de onde residan, asegurando que todas as iniciativas lexislativas respecten os principios constitucionais de unidade, igualdade e solidariedade.

4º- Fomentar a transparencia e participación de todas as comunidades autónomas nos procesos lexislativos que afecten o marco competencial autonómico, asegurando que os seus intereses se articulen de maneira equitativa e desde o máximo respecto ás súas institucións e autogoberno.

Santiago de Compostela, 4 de agosto de 2025

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/08/2025 11:27:19
Nº Rexistro: 30357
Data envio: 04/08/2025 11:27:19.151

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 04/08/2025 11:27:04**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/08/2025 11:27:19**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/08/2025 12:18:29
Nº Rexistro: 30378
Data envio: 04/08/2025 12:18:29.064



**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Julio García Comesaña, Paula Prado del Río, José Alberto Pazos Couñago, Roberto Rodríguez Martínez, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, Carmen María Pomar Tojo, María Felisa Rodríguez Carrera e Katherinie Varela Fernández,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Pleno**

**Exposición de Motivos**

O pasado ano cumpriuse o décimo aniversario da proclamación de S.M. o Rei don Felipe VI ante as Cortes Xerais como Xefe do Estado. Esta efeméride ofrece unha oportunidade para reiterar o compromiso do Parlamento de Galicia coa Constitución de 1978 e coa Monarquía parlamentaria como forma política do Estado español, así como para recoñecer a dedicación exemplar de don Felipe VI ao servizo de España e da cidadanía durante esta primeira década de reinado.

A Monarquía parlamentaria foi clave na restauración e consolidación da democracia en España, e constitúe un piar fundamental da estabilidade institucional, da convivencia e do progreso social que o noso país experimentou nas últimas décadas. Ao longo destes dez anos, o Rei Felipe VI demostrou un firme compromiso coa defensa dos valores constitucionais, da unidade e da diversidade de España, actuando sempre con neutralidade institucional, proximidade á cidadanía e vocación de servizo público.

Cómpre salientar tamén o papel crecente da Princesa de Asturias, S.A.R. dona Leonor de Borbón, quen vén asumindo con responsabilidade e naturalidade as funcións propias da súa condición de Herdeira da Coroa. Este compromiso quedou recentemente simbolizado durante a súa estadía en Galicia con motivo dos seus estudos na Escola Naval de Marín, no ultimo ano, e co outorgamento da Medalla de Galicia, máximo recoñecemento da nosa comunidade autónoma, como mostra do afecto e respecto do pobo galego á súa figura e á institución que representa.

A entrega desta distinción foi un acto cargado de significado institucional e afectivo, que puxo de manifesto a sintonía da maioría da  sociedade galega cos valores de servizo público, exemplaridade e continuidade que encarna a Princesa de Asturias, nun momento no que a estabilidade institucional e o respecto ao pacto constitucional seguen a ser elementos clave para o futuro común de Galicia e do conxunto de España.

Asinado o día 04/08/2025 ás 12:17
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei:

"O Parlamento de Galicia acorda como Resolución:

1º.- Reiterar o seu apoio á Monarquía parlamentaria como parte esencial do pacto constitucional de 1978 e como garante da unidade, da continuidade institucional e da estabilidade democrática en España.

2º.- Agradecer e recoñecer a S.M. o Rei Felipe VI o seu compromiso coa defensa dos valores constitucionais e co desempeño exemplar das súas responsabilidades institucionais ao longo da súa primeira década de reinado.

3º.- Expresar o respecto, a confianza e o afecto do pobo galego a S.A.R. a Princesa de Asturias, dona Leonor de Borbón, e felicitala polo recente outorgamento da Medalla de Galicia, como símbolo do vínculo institucional e afectivo entre a Coroa e a Comunidade Autónoma de Galicia.

4º.- Renovar o compromiso institucional do Parlamento de Galicia coa Constitución, coa Monarquía parlamentaria e co marco de convivencia democrática que representa."

Santiago de Compostela, 4 de agosto de 2025

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/08/2025 12:18:29
Nº Rexistro: 30378
Data envío: 04/08/2025 12:18:29.064

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 04/08/2025 12:17:06**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/08/2025 12:18:29**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/08/2025 12:18:34
Nº Rexistro: 30379
Data envío: 04/08/2025 12:18:34.645



**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Paula Mouzo Mas, María Deza Martínez, Jesús María Fernández Rosende, María Dolores Hermelo Piñeiro, María Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en pleno.**

## Exposición de Motivos

O sector pesqueiro constitúe un piar esencial tanto desde o punto de vista económico como social e ambiental. Galicia conta cunha das maiores frotas pesqueiras da Unión Europea e lidera, en moitos ámbitos, a transformación do sector cara a unha pesca máis sostible, innovadora e resiliente.

Nos últimos anos, o sector afrontou importantes retos: a necesidade de substitución xeracional, a adaptación a novos estándares ambientais, a transformación tecnolóxica da frota, o encarecemento dos custos operativos, o impacto do Brexit e a competencia internacional. Todos estes desafíos requiren do apoio decidido dos instrumentos europeos de financiamento, como o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) cunha dotación orzamentaria suficiente.

O 16 de xullo de 2025, a Comisión Europea adoptou unha proposta para o próximo marco financeiro plurianual (MFP) para o período 2028-2034. Este inclúe o apoio á aplicación da Política Pesqueira Común, ao Pacto Europeo para os Océanos e á política marítima e acuícola da Unión, diluída no marco do Fondo de Asociación Nacional e Rexional.

Neste senso resultan fondamente preocupantes as noticias recentemente coñecidas sobre a intención de propoñer un recorte aparente do 67% nos fondos destinados ao sector pesqueiro no próximo marco orzamentario. Esta redución, de confirmarse, comprometería gravemente a viabilidade da adaptación de moitas explotacións pesqueiras e das comunidades que dependen directa ou indirectamente desta actividade. Ademais, supoñería un retroceso na capacidade de adecuación e consecución dos obxectivos comúns en materia de sustentabilidade, competitividade e seguridade alimentaria.

Neste contexto, resulta urxente que as distintas administracións e, particularmente o Goberno de España -na súa condición de interlocutor directo coa Unión Europea-

Asinado o día 04/08/2025 ás 12:05
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-Fy5inssceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

adopte unha posición clara, firme e proactiva para defender os intereses do sector pesqueiro español no proceso de negociación do novo marco financeiro europeo, ademais de adoptar un compromiso claro en defensa e apoio do sector marítimo-pesqueiro español no marco do seu plan nacional específico.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentamos a seguinte proposición non de lei:

> "O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España e trasladarlle as seguintes demandas:
>
> > 1º.- Manifestar publicamente o seu rexeitamento a calquera proposta que implique unha redución substancial dos fondos europeos destinados ao sector pesqueiro no próximo Marco Financeiro Plurianual (2028-2034).
> >
> > 2º.- Impulsar unha posición común entre os Estados membros da Unión Europea con maior peso pesqueiro para rexeitar a devandita redución e propoñer un financiamento adecuado que garanta os obxectivos da Política Pesqueira Común, a sustentabilidade do medio mariño e o mantemento da competitividade e resiliencia do tecido socioeconómico do litoral europeo.
> >
> > 3º.- Defender, no seo do Consello da Unión Europea, o mantemento dun orzamento específico e suficiente para un fondo equivalente e homologable ao actual Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, de forma que se garanta a competitividade, modernización e viabilidade futura do sector.
> >
> > 4º.- Adoptar, facer explícito e exercitar un compromiso claro en defensa e apoio do sector marítimo-pesqueiro español no marco do seu plan nacional específico, coa reserva de fondos para a pesca equivalentes aos existentes actualmente para España no seo do FEMPA.
> >
> > 5º.- Activar mecanismos de interlocución permanente coas Comunidades Autónomas e co sector pesqueiro galego para informar do estado das negociacións, recoller as súas achegas e aliñar a posición de Galicia e de España coas necesidades reais do sector."

Santiago de Compostela, 4 de agosto de 2025.

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/08/2025 12:18:34
Nº Rexistro: 30379
Data envio: 04/08/2025 12:18:34.645

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 04/08/2025 12:05:49**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/08/2025 12:18:34
Nº Rexistro: 30379
Data envio: 04/08/2025 12:18:34.645

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/08/2025 12:18:35**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30400
Data envío: 04/08/2025 14:04:19.083



Asinado o día 04/08/2
13:57
Por José Ramón Gón

## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario Socialista,** por iniciativa das súas deputadas, **Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia levamos desde o inicio desta lexislatura solicitando que se cumpra a Lei de servizos sociais de Galicia do ano 2008. Nela fálase da elaboración dun plan estratéxico que sería elaborado polo Goberno da Xunta de Galicia co fin de, cada 6 anos, ter unha planificación conxunta entre o goberno autónomo, os concellos e a sociedade. A realidade é que esta obriga nunca se cumpriu, cando noutras autonomías están xa finalizando o segundo plan estratéxico.

Asinado o día 04/08/2025 ás
13:57
Por Elena Espinosa Mangana

A realidade tamén é que desde hai 16 anos, e tras sucesivos gobernos do Partido Popular, nin Feijóo nin Rueda foron quen de liderar os servizos sociais de Galicia. Diferentes conselleiros e conselleiras de Asuntos Sociais non fixeron máis que asumir as políticas austericidas do Goberno de Mariano Rajoy. Ao tempo que nin planificaban as necesidades dunha sociedade envellecida, nin escoitaban as demandas dos concellos que se vían e se ven abocados a ser os que soportan as demandas de miles de galegas e galegos que, tendo dereito ás prestacións da Lei de dependencia transitan coas súa necesidade de coidados por un labirinto de valoracións e listas de agarda na que esperan anos a ser atendidos.

Asinado o día 04/08/2025 ás
13:57
Por Silvia Longueira Castro

E precisamente esa falla de planificación levou a que os concellos de Galicia tivesen que dar resposta a través do Servizo de Axuda no Fogar á inxente demanda que suscitaba a Lei de dependencia, á marxe do propio servizo de axuda municipal.

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30400
Data envío: 04/08/2025 14:04:19.083

O que vén de acontecer co asasinato o 29 de xullo de Teresa de Jesús Rodríguez, traballadora do SAF no concello do Porriño que pedira o día antes non acudir a prestar o servizo no domicilio debido ao acoso sufrido polo usuario que acabou coa súa vida; é unha terrible e cruel consecuencia do abandono e a saturación que padece o servizo en toda Galicia.

O SAF é, hoxe en día, un traballo feminizado e precarizado polo que ten un marco amplo no que poden ser vulnerados os dereitos laborais das traballadoras. Empresas que estiran ao máximo as quendas e libranzas das traballadoras, moitas delas rexeitan pedir baixas polo precario do salario que chegarían a percibir. E mesmo ven como se incumpre a avaliación de riscos laborais obrigatoria en todos os domicilios nos que se presta servizo. O acontecido no Porriño é un terrible exemplo de como levar a situación ao límite.

O servizo está colapsado, igual que outros servizos e prestacións da Lei de dependencia. A súa lexislación está estruturada a través de tres normativas:

A Lei de servizos sociais do ano 2008, que precisa ser actualizada, e que establece a carteira de servizos sociais, entre eles o SAF como unha prestación de carácter esencial que ten que ofrecer en todo o territorio. O Decreto autonómico 99/2012 que estima que as entidades locais son entidades titulares do servizo no territorio. E a Orde de axuda no fogar de 2008 que regula o servizo. Así como reformas normativas, a última de setembro de 2024, que non están a ser aplicadas na súa totalidade.

Así pois, a Xunta de Galicia é a que crea e establece a carteira de servizos e a que indica que son os concellos os que teñen que efectuala. Ten a obriga de inspección, financiamento e a planificación da regulación normativa que está totalmente desfasada. E a coordinación coa Administración local.

CSV: BOPGDSPG-Fy5inSceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero a realidade é que o SAF é o recurso de dependencia que máis elixen as galegas e galegos, pero está sendo empregado como un "caixón de xastre", de xeito que tamén palía a longa espera da Lei de dependencia (máis dun ano como mínimo).

Deste modo, bloquéase o sistema producindo esperas longas e ofrecendo unha solución errónea ao usuario e á súa contorna. Os concellos vénse prestando este servizo a modo de "parche" debido, basicamente, á ausencia dese Plan estratéxico establecido na Lei de servizos sociais e que é unha obriga do goberno da Xunta de Galicia e polo que levamos esperando 16 anos.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1.- Esixir a aplicación do Real decreto 893/2024, do 10 de setembro no que se introducen as seguintes modificacións:

a) Incluír expresamente ao persoal de axuda a domicilio no réxime xeral de prevención de riscos laborais.

b) Avaliar os riscos laborais, que debe ser obrigatorio en todos os domicilios onde se presta o servizo.

c) As avaliacións deben ser presenciais e adaptadas ás condicións do fogar e da persoa usuaria.

d) Implantar medidas preventivas: dotación de medios mecánicos, descanso entre servizos, dobre persoal, etc.

e) Recoñecemento médico gratuíto como mínimo cada tres anos.

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

f) Obriga de formación preventiva durante a xornada ou compensada.

g) Protocolo contra o acoso obrigatorio.

2. Constituír, nun prazo máximo de dous meses, a Mesa Técnica de Dependencia para que os responsables políticos e os colexios profesionais do sector acorden un plan de actuación que solvente con urxencia, e coa planificación a futuro, unha coordinación e racionalidade sobre a prestación de servizos e a concesión dos dereitos tanto de persoal traballador como de persoas usuarias.

3. Crear, nun prazo máximo de tres meses, un observatorio sobre o sistema da dependencia en Galicia para que se poidan obter datos sistemáticos da prestación do SAF.

4. Elaborar o Plan estratéxico de servizos sociais tal e como recolle a Lei de servizos sociais de Galicia.

Parlamento de Galicia, 4 de agosto de 2025

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30400
Data envio: 04/08/2025 14:04:19.083

**Asinado dixitalmente por:**

**Silvia Longueira Castro na data 04/08/2025 13:57:17**

**Elena Espinosa Mangana na data 04/08/2025 13:57:31**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 04/08/2025 13:57:42**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30400
Data envio: 04/08/2025 14:04:19.083

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/08/2025 14:04:19**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **María Encarnación Amigo Díaz, Julio García Comesaña, Patricia García Fernández, Miguel Fidalgo Iglesias, Noelia Pérez López, Ethel María Vázquez Mourelle, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Pleno**

**Exposición de Motivos**

A pandemia da covid-19 trouxo cambios a todos os niveis sociais, desde o eido laboral ata o sanitario, pasando polo educativo.

Un destes cambios foi o referido á organización dos exames de médicos residente (MIR). O desenvolvemento da pandemia fixo que o Ministerio de Sanidade incrementara as sedes onde se podían realizar os devanditos exames, incluíndo á cidade de Vigo como nova localización en Galicia.

A decisión tomada no seu día respondeu, principalmente, a razóns loxísticas, sanitarias e de equidade xeográfica. Así pois, con este incremento de sedes, mantíñanse as indicacións de seguridade sanitaria á vez que se reducían os desprazamentos, mellorábase a equidade territorial e a accesibilidade dos aspirantes.

Desde que Vigo se estableceu como centro examinador, moitos graduados en medicina acudiron a esta cidade para realizar o exame MIR. Sen ir máis lonxe, nesta última convocatoria máis de 500 persoas examináronse en Vigo, o que pon de manifesto a consolidación da cidade olívica como unha sede afianzada.

Recentemente, o Ministerio de Sanidade decidiu reducir o número de sedes de exame das 28 actuais a 22, deixando fóra das cidades para poder realizar os exames MIR a Vigo. Esta decisión prexudica gravemente a Galicia ao deixar unicamente na nosa comunidade a Santiago de Compostela como sede para o MIR.

A decisión non só rompe coa accesibilidade e coa equidade territorial coa que se tomou inicialmente a decisión, senón que penaliza a unha cidade que nos últimos anos se consolidara como sede ante o continuo incremento de prazas ofertadas de formación sanitaria especializada.

Asinado o día 04/08/2025 ás 16:43
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-Fy5inscerR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30431
Data envio: 04/08/2025 16:45:16.612



Por todo o anteriormente exposto, o deputados arriba asinantes presentan a seguinte proposición non de lei:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central para solicitarlle o mantemento da cidade de Vigo, xunto con Santiago de Compostela, como sede para a realización dos exames de formación sanitaria especializada (MIR) na nosa comunidade".

Santiago de Compostela, 4 de agosto de 2025

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30431
Data envio: 04/08/2025 16:45:16.612

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 04/08/2025 16:43:59**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30431
Data envio: 04/08/2025 16:45:16.612

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/08/2025 16:45:19**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 10:18:21
Nº Rexistro: 30435
Data envío: 05/08/2025 10:18:21.515

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 05/08/202
Por Secundino Fernánde
Fernández

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputado **Sonia Vidal Lamas, Ariadna Fernández González** e **Secundino Fernández Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a potenciación do sector vitícola.

Asinado o día 05/08/2025 ás 10:15
Por Ariadna Fernández González

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector vitivinícola en Galiza vive unha situación crítica que require unha resposta institucional profunda, seria e pensada a medio e longo prazo, non medidas improvisadas nin de curto percorrido.

A realidade actual é a dun modelo produtivo onde máis do 70 % das explotacións teñen menos de 1 hectárea, cunha estrutura minifundista e un alto grao de dependencia dos prezos que impoñen as grandes adegas. Isto supón unha vulnerabilidade estrutural para milleiros de pequenos viticultores que sosteñen as denominacións de orixe, a identidade vitícola galega e o tecido económico de comarcas enteiras como o Ribeiro, a Ribeira Sacra, Monterrei, Valdeorras ou Rías Baixas.

Asinado o día 05/08/2025 ás 10:15
Por Sonia Vidal Lamas

No último ano, a Xunta de Galiza impulsou como resposta á saturación do mercado de viño medidas como a vendima ou poda en verde, a través do procedemento MR446C publicado en abril de 2025. Esta convocatoria, que pretendía ser unha solución de choque fronte á acumulación de viño nas adegas e á caída de prezos, só tivo como resultado a execución de axudas en 16 hectáreas, fronte ás máis de 1.300 hectáreas da Ribeira Sacra ou as 2.500 do Ribeiro. É dicir, un impacto inferior ao 1 % da superficie produtiva afectada, cun orzamento ridículo de 63 000 €, que nin sequera compensaba os

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 10:18:21
Nº Rexistro: 30435
Data envio: 05/08/2025 10:18:21.515

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

custos reais da colleita. A cantidade por quilo destruído limitábase ao 50 % dun prezo medio de referencia de 1,17 €/kg, o que supón 0,58 €/kg, moi por debaixo do custo efectivo de producir uva en zonas heroicas como Chantada, Amandi ou o Avia. Esta medida, anunciada como salvavidas, foi tramitada con prazos inaceptablemente curtos (apenas 10 días entre a publicación e a data límite de solicitude) e sen unha campaña previa de información nin asesoramento técnico, o que impediu que a maioría dos viticultores, especialmente os máis pequenos e sen apoio tecnolóxico, puidesen participar.

Os sindicatos agrarios como o Sindicato Labrego Galego e Unións Agrarias denunciaron que moitos viticultores quedaran fóra do proceso por desinformación, falta de capacidade técnica e prazos impostos sen diálogo. Ademais, o cálculo de rendementos medios que se fixo para determinar as hectáreas subvencionables baseábase nas vendimas precedentes xa recortadas pola caída de prezos e a falta de demanda, o que fixo que moitos produtores quedasen tamén excluídos pola vía técnica, ao non acadar o mínimo rendible para destruír uva.

A esta situación engádese a xa crónica indefensión dos produtores fronte aos prezos impostos polas adegas. En 2024 e 2023, centos de viticultores víronse obrigados a malvender ou directamente a non recoller a uva pola falta de compradores ou pola imposición de prezos por debaixo dos custos. A Consellaría de Medio Rural non puxo en marcha ningún mecanismo efectivo para garantir prezos xustos nin contratos homologados.

As Mesas do Viño, que deberían ser espazos de planificación, regulación e diálogo entre Administración, Consellos Reguladores, produtores e adegas, están totalmente desprofesionalizadas, sen poder real nin capacidade de decisión. Limitáronse a ser escenarios decorativos sen impacto na regulación efectiva do sector.

Nun país onde o viño é parte do territorio, da cultura e da economía rural, esta situación é insostible. Galiza non pode seguir condenando aos seus viticultores a subsistir



CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 10:18:21
Nº Rexistro: 30435
Data envío: 05/08/2025 10:18:21.515

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

en precario mentres as administracións fan política de escaparate. Fronte a isto, é necesario un cambio de rumbo.

Por outra banda, debemos ter presente que o mercado exterior e nomeadamente as exportacións a mercados europeos e americanos teñen servido para aliviar a presión sobre a xeración de excedentes en épocas de redución de consumo de viños tintos, sobre todo en zonas vitícolas cunha orientación produtiva de este tipo de elaboracións. Esta opción vese condicionada e ameazada pola inseguridade que ocasiona a caótica política arancelaria do goberno norteamericano.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Profesionalización inmediata das Mesas do Viño, dándolles competencias reais para aprobar prezos de referencia vinculantes e actuar como órgano de planificación do sector.

2. Crear un sistema de contratos homologados obrigatorios entre adegas e produtores, que garanta un prezo mínimo que cubra os custos de produción e unha marxe de rendibilidade digna.

3. Poñer en marcha de campañas de información e asesoramento técnico nos meses previos ás vendimas e ás convocatorias, con medios materiais e humanos en cada comarca vitícola.

4. Priorizar aos pequenos viticultores na tramitación de axudas e medidas de apoio, cun sistema de baremos que penalice o acaparamento e premie a viticultura familiar.



CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 10:18:21
Nº Rexistro: 30435
Data envio: 05/08/2025 10:18:21.515

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

5. Elaborar un plan estratéxico plurianual do sector vitivinícola galego, que inclúa reconversión varietal, axuda á comercialización, renovación de viñedos e transición agroecolóxica.

6. Establecer medidas de apoio e promoción do mercado exterior que faciliten a apertura de novos mercados e reduzan a dependencia de exportación ao mercado norteamericano, así como medidas compensatorias para a redución do impacto da agresiva política arancelaria dos Estados Unidos de Norteamérica, de xeito que se eviten perdas de determinados canles de comercialización xa abertos e consolidados con grande dificultade e que poden ser ocupados por outros axentes."

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-Fy5inscеR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**Sonia Vidal Lamas na data 05/08/2025 10:15:11**

**Ariadna Fernández González na data 05/08/2025 10:15:27**

**Secundino Fernández Fernández na data 05/08/2025 10:15:35**

**Luis Bará Torres na data 05/08/2025 10:15:41**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 10:18:21
Nº Rexistro: 30435
Data envio: 05/08/2025 10:18:21.515

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/08/2025 10:18:22**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en pleno.**

**Exposición de Motivos**

O agro e toda a actividade vencellada ao sector agrícola e gandeiro constitúen un piar esencial tanto desde o punto de vista económico como social e ambiental. Galicia conta cun amplo número de profesionais que traballan neste ámbito ata o punto de liderar, en moitos ámbitos, a transformación do sector cara a unha futuro máis sostible, innovadoro e resiliente.

Nos últimos anos, o sector afrontou importantes retos: a necesidade de substitución xeracional, a adaptación a novos estándares ambientais, a transformación tecnolóxica, o encarecemento dos custos operativos, a competencia internacional. Todos estes desafíos requiren do apoio decidido dos instrumentos europeos de financiamento e que estes conten cunha dotación orzamentaria suficiente.

O 16 de xullo de 2025, a Comisión Europea adoptou unha proposta para o próximo marco financeiro plurianual (MFP) para o período 2028-2034. Este inclúe, fundamentalmente os fondos FEAGA (Fondo Europeo Agrícola de Garantía Agraria) e FEADER (Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural) da Política Agrícola Común (PAC).

Neste senso resultan fondamente preocupantes as noticias recentemente coñecidas sobre a intención de propoñer un recorte aparente do entorno do 20% nos fondos destinados ao agrícola e gandeiro no próximo marco orzamentario. Esta redución, de confirmarse, comprometería gravemente a viabilidade da adaptación de moitas explotacións e das comunidades rurais que dependen directa ou indirectamente destas actividades. Ademais, supoñería un retroceso na capacidade de adecuación e consecución dos obxectivos comúns en materia de sustentabilidade, competitividade e seguridade alimentaria.

Ademais, a actual Política Agraria Común quedaría diluída nun fondo único, no que tamén entraría a pesca e as políticas de cohesión territorial. Desaparecerían ademais

Asinado o día 05/08/2025 ás 10:31
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-Fy5inSceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

os dous piares actuais da PAC (axudas directas e desenvolvemento rural), que quedarían unificados nese mesmo fondo.

Convén lembrar que 20 Estados membros (dun total de 27), entre eles España, asinaron esta primavera unha carta na que lle pedían a Bruxelas manter a Política Agrícola Común como estratéxica, independente e autónoma, cunha boa dotación financeira, personalidade xurídica propia e separada do resto de políticas comunitarias

Neste contexto, resulta urxente que as distintas administracións e, particularmente o Goberno de España -na súa condición de interlocutor directo coa Unión Europea- adopte unha posición clara, firme e proactiva para defender os intereses do sector agrogandeiro no proceso de negociación do novo marco financeiro europeo, ademais de adoptar un compromiso claro en defensa e apoio a este sector no marco do seu plan nacional específico.

Cómpre salientar finalmente, que Galicia vén sendo un exemplo de xestión responsable e eficiente do financiamento destinado ás políticas de cohesión e de apoio ao medio rural. É de todo xeito inaceptable calquera pretendido recorte de fondos que, segundo os cálculos iniciais, suporá unha redución aproximada de 80 millóns de euros anuais para o rural galego, o que implica 480 millóns menos no período, deixando especialmente mermado o orzamento para o desenvolvemento rural. A PAC é un dos mecanismos máis importantes que se xestionan desde as comunidades autónomas e que permite garantir e manter a actividade dos gandeiros e agricultores. Ademais, sen este recurso de apoio directo ao sector, os prezos dos produtos agroalimentarios serían moito máis elevados e repercutiría de xeito negativo no consumidor.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentamos a seguinte proposición non de lei:

> “O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España e trasladarlle as seguintes demandas:
>
> 1º.- Manifestar publicamente o seu rexeitamento a calquera proposta que implique unha redución substancial dos fondos europeos destinados ao sector agrícola e gandeiro no próximo Marco Financeiro Plurianual (2028-2034).
>
> 2º.- Impulsar unha posición común entre os Estados membros da Unión Europea con maior peso rural para rexeitar a devandita redución e propoñer un financiamento adecuado que garanta os obxectivos da Política Agraria Común: asegurar unha subministración estable de alimentos a prezos alcanzables, garantir un nivel de vida xusto para os

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 10:42:46
Nº Rexistro: 30444
Data envío: 05/08/2025 10:42:46.066

agricultores, protexer o medio ambiente e promover o desenvolvemento sostible das zonas rurais.

3º.- Defender, no seo do Consello da Unión Europea, o mantemento dun orzamento específico e suficiente con recursos equivalentes e homologables á actual Política Agrícola Común (PAC) e aos fondos FEAGA e FEADER, de forma que se garanta a competitividade, modernización e viabilidade futura do sector.

4º.- Adoptar, facer explícito e exercitar un compromiso claro en defensa e apoio do sector agrícola e gandeiro no marco dun plan nacional específico, coa reserva de fondos como mínimo equivalentes aos existentes actualmente para España no marco da Unión Europea.

5º.- Activar mecanismos de interlocución permanente coas Comunidades Autónomas e coas organizacións profesionais agrarias para informar do estado das negociacións, recoller as súas achegas e aliñar a posición de Galicia e de España coas necesidades reais do sector."

Santiago de Compostela, 5 de agosto 2025.

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 10:42:46
Nº Rexistro: 30444
Data envío: 05/08/2025 10:42:46.066

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 05/08/2025 10:31:31**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 10:42:46
Nº Rexistro: 30444
Data envio: 05/08/2025 10:42:46.066

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/08/2025 10:42:46

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 11:08:06
Nº Rexistro: 30451
Data envio: 05/08/2025 11:08:06.289

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Jose Luis Ferro Iglesias, Argimiro Marnotes Fernández, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en pleno.**

A Xunta de Galicia leva anos promovendo accións e traballando contra o cambio climático, con resultados contrastables como a importante redución de emisións de gases á atmosfera e impulsando, neste ámbito, diversas iniciativas, como a Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 ou a Alianza Galega polo Clima, entre outras moitas, cunha demostrada eficacia que coloca a Galicia como un verdadeiro referente neste eido.

Porén, cómpre o desenvolvemento de accións orientadas á concienciación e sensibilización sobre o cambio climático e as súas consecuencias no medio e na nosa vida, e tamén introducir no ámbito do ensino hábitos que involucren a cidadanía de maneira directa neste reto.

Especialmente, estas accións deben ir en maior medida encamiñadas á xente máis moza, xa que é moi importante a concienciación en fases de aprendizaxe e maior plasticidade cognitiva sobre os pequenos xestos e boas prácticas polo clima, que non supoñen unha carga ou esforzo ao facelos, pero que se non se é consciente da súa importancia, non se fan, como desenchufar os aparatos electrónicos ou a correcta separación dos residuos para facilitar a reciclaxe.

Por todo o exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a poñer en marcha diferentes accións de concienciación e sensibilización para facer fronte ao cambio climático implicando á cidadanía na acción climática, con especial fincapé na xente máis moza.”

Santiago de Compostela, 5 de agosto de 2025.

Asinado o día 05/08/2025 ás 11:06
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 11:08:06
Nº Rexistro: 30451
Data envio: 05/08/2025 11:08:06.289

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 05/08/2025 11:06:04

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 11:08:06
Nº Rexistro: 30451
Data envio: 05/08/2025 11:08:06.289

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/08/2025 11:08:06

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 11:08:59
Nº Rexistro: 30453
Data envio: 05/08/2025 11:08:59.166

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Jose Luis Ferro Iglesias, Argimiro Marnotes Fernández, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en pleno.**

As accións dos concellos e a súa implicación e colaboración en materia de xestión de residuos é de capital importancia para o correcto desenvolvemento dos plans de protección do medio ambiente promovidos pola Xunta de Galicia e para seguir avanzando na Galicia verde e ambientalmente responsable.

Polo tanto, é importante promover e facilitar e, no seu caso, colaborar no financiamento da labor dos concellos nestas iniciativas, para o que é esencial o papel da Xunta de Galicia como apoio imprescindible das entidades locais para cumprir a súa labor, e para supervisar o correcto funcionamento da mesma.

Non se trata de cumprir a normativa vixente neste materia, que tamén, senón en avanzar de xeito coordinado no obxectivo de redución, reutilización e reciclaxe de residuos. Introducir innovacións e novas técnicas vangardistas ou campañas de educación, sensibilización e concienciación no ámbito ambiental só será posible de facerse desde a colaboración e sumando apoios de todas as administracións.

Todas estas accións ademais dunha  mellora da xestión dos residuos contribúen aos obxectivos máis ambiciosos que buscamos como son a consolidación de Galicia como refuxio climático e o avance na loita contra o cambio climático.

Por todo o exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

> "O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar aos concellos galegos seguir ampliando o compromiso na redución, reutilización e reciclaxe dos residuos municipais para dar debido cumprimento á normativa vixente e a seguir apoiando e incentivando ás entidades locais con liñas de financiamento, campañas e outras accións."

Asinado o día 05/08/2025 ás 11:06
Por Alberto Pazos Couñago

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-Fy5inscer-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 11:08:59
Nº Rexistro: 30453
Data envio: 05/08/2025 11:08:59.166

PARLAMENTO DE GALICIA

Santiago de Compostela, 5 de agosto de 2025.

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 11:08:59
Nº Rexistro: 30453
Data envio: 05/08/2025 11:08:59.166

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 05/08/2025 11:06:59**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/08/2025 11:09:00**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 11:44:22
Nº Rexistro: 30454
Data envío: 05/08/2025 11:44:22.845

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Roberto Rodríguez Martínez, María Deza Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, Argimiro Marnotes Fernández, Rubén Lorenzo Gómez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Pleno**

**<u>Exposición de Motivos</u>**

A Comisión Europea vén de remitir ao Goberno de España un ditame motivado no que advirte da vulneración das regras comunitarias en materia de contratación pública no proceso de prórroga da concesión da AP-9 (Autopista do Atlántico).

Segundo ten transcendido Bruxelas considera que as prórrogas constitúen unha modificación substancial equiparable á adxudicación dun novo contrato de concesión e, polo tanto, terían que someterse a un procedemento de licitación competitivo, de acordo aos principios de igualdade de trato e transparencia, aos que obrigan as directivas nesta materia.

España ampliou a duración da concesión da autoestrada AP-9, primeiro ata 2023 (por un período de 10 anos) e despois ata 2048 (por un período de 25 anos) sen convocar procedementos de licitación previos nin publicar un aviso no Diario Oficial da UE, como, ao xuízo do Executivo comunitario, require a lexislación europea.

A partir da notificación o Goberno de España dispón dun prazo de dous meses para adoptar a resposta e as medidas que estime necesarias e, en función das mesmas, as autoridades comunitarias poderán elevar a controversia ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

Con todo, esta eventualidade pode supoñer unha oportunidade para avanzar no obxectivo de acadar unha AP-9 galega e libre de peaxes. De feito, o propio Goberno da galego reclama ao Goberno central que asuma, de xeito inmediato, o rescate desta autopista estatal e a liberación das peaxes, por entender que esta é a alternativa máis vantaxosa para o interese público.

En particular, a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas vén de facer unha avaliación que cuantifica a estimación actual da indemnización polo rescate no entorno dos 2.356 millóns de euros, cantidade no entorno da que habería que pagar desde aquí ao final da concesión.

Asinado o día 05/08/2025 ás 11:44
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O estudo autonómico fai unha diagnose da situación da concesión, incidindo, por unha banda, a suba desmesurada das tarifas para os usuarios nos últimos anos e o enriquecemento progresivo da concesionaria. Na actualidade, cada 100 km da AP-9 teñen un custo de máis de 12€ e todo o traxecto da autoestrada (219km) ten un prezo de 26,85€. Así mesmo, os ingresos por peaxes incrementáronse nun 39,7% entre 2021 e 2024, o que significou un aumento da conta de resultados para a concesionaria dun 78,1% nese período.

O informe autonómico tamén lembra que xa no 2021, coa aprobación do real decreto que introduciu as bonificacións para os usuarios, logo ampliadas no 2024, tanto o Consello de Obras Públicas como o Consello de Estado sinalaban que ante o enorme compromiso de gasto previsto se debía analizar a conveniencia do rescate da concesión, cuestión que non foi atendida.

O novo estudo da Xunta -que actualiza o elaborado o ano pasado- tamén incide en que o rescate da concesión e liberación da peaxe implicará o transvasamento do tráfico dende as estradas convencionais cara á AP-9, o cal implica beneficios ambientais (ruído, emisións), de seguridade viaria, de calidade de vida, de aforro de tempo e de competitividade, que poden ser cuantificados economicamente polo Ministerio, para un mellor criterio na toma decisión sobre o rescate.

Queda acreditado unha vez máis que a xestión da autoestrada por parte do Estado nos últimos anos foi claramente prexudicial para o interese xeral, e especialmente para Galicia. Nese senso é fácil concluír que beneficiou claramente á concesionaria, con subidas de tarifas por enriba do resto das autoestradas e outras decisións que levan a esta situación.

Tamén é máis que evidente a discriminación de Galicia fronte a outras de España onde si se liberaron peaxes, como é o caso da valenciana, onde o Ministerio adoptou a decisión de facelo na AP-7 en Alacante. Polo tanto, procede aplicar para a nosa comunidade o mesmo criterio que o Goberno tivo coa AP-7 en Alacante, cuxa liberalización de peaxes comezou como unha medida temporal e logo consolidada por razóns de interese xeral. Entre as razóns esgrimidas polo Ministerio, estivo o beneficio social cuantificado en 16,8M€.

Agora atopámonos con unha oportunidade única. A máis que probable resolución da Unión Europea respecto á vixencia da concesión deben facer reflexionar ao Goberno de España acerca da conveniencia dun rescate que, canto máis tarde se faga, peor será dada esta escalada dos beneficios da concesión.

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 11:44:22
Nº Rexistro: 30454
Data envio: 05/08/2025 11:44:22.845

Cómpre lembrar que Galicia vén reclamando ao Goberno de España sen éxito a transferencia da titularidade desta autopista, cuxo itinerario transcorre integramente pola nosa comunidade, e requirindo tamén sen éxito explicacións sobre as alegacións presentadas polo Executivo estatal diante deste proceso sancionador incoado pola Comisión Europea.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei:

> "O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que, aproveitando o recente ditame da Comisión Europea, acorde o inmediato rescate da concesión e liberalización da peaxe da Autoestrada do Atlántico AP-9 por ser esta a alternativa máis vantaxosa para interese público, traer aparellados importantes beneficios sociais, ambientais e de seguridade viaria, e por contribuír á mellora da calidade de vida, aforro de tempo e maior competitividade para os usuarios desta infraestrutura"

Santiago de Compostela, 5 de agosto de 2025

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 11:44:22
Nº Rexistro: 30454
Data envio: 05/08/2025 11:44:22.845

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 05/08/2025 11:44:01**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/08/2025 11:44:24**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 12:17:31
Nº Rexistro: 30467
Data envio: 05/08/2025 12:17:31.195

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 05/08/2 12:11 Por José Ramón Gón

## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario Socialista**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **María Carmen Rodríguez Dacosta e Julio Ernesto Abalde Alonso**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno.**

Ao longo dos máis de 30 anos de existencia das escalas dos corpos especiais da Xunta de Galicia, a práctica habitual da Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal (DXEP), antiga D.X. da Función Pública, foi convocar procesos selectivos para estas escalas, sen ter realizado previamente o concurso de traslados correspondente. Despois adxudicaban ao persoal de novo ingreso, en “destino provisional”, as prazas vacantes por xubilacións ou os postos de nova creación, que non se ofreceran antes en concursos. Moitas eran prazas de máis responsabilidade, con retribucións máis elevadas, e/ou en localidades máis demandadas polo persoal. Posteriormente, tiña lugar o concurso de traslados para o persoal máis antigo, no que non podían participar as persoas con “destino provisional”, que só despois de resolto aquel, podían ter destino definitivo. Algunhas persoas chegaron a estar ata 6 anos nesta situación de "provisionalidade".

Asinado o día 05/08/2025 ás 12:11 Por Julio Abalde Alonso

Para agravar esta situación, a convocatoria de concursos nos corpos especiais produciuse sempre cunha frecuencia moito menor que noutros corpos da Administración, vulnerando o principio de igualdade. Ata 2024, a maioría das escalas tiveron acceso só a dous ou tres concursos, con períodos de máis de 12 anos sen ter dereito á mobilidade, conciliación familiar ou promoción profesional de non ser a través das comisións de servizos. Na actualidade hai promocións que concursan por primeira vez en 2024 tras 16 anos de espera.

Asinado o día 05/08/2025 ás 12:11 Por Carmen Rodríguez Dacosta

CSV: BOPGDSPG-Fy5inscer-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O retraso na convocatoria foi denunciado desde o ano 2021 en varias ocasións ante a DXEP e ante a Valedora do Pobo de Galicia. Xa no **2021**, alegouse que se podería vulnerar o principio de igualdade, mérito e capacidade, se se resolvesen os numerosos procesos selectivos en marcha sen ter resolto antes o concurso de traslados.

Así, o concurso, que o Estatuto Básico do Empregado Público (RDL 5/2015) establece como o "*procedemento normal de provisión de postos de traballo*", pasou a ter carácter secundario fronte ás comisións de servizo, que se adxudican de xeito subxectivo e sen ter necesariamente que atender aos principios de igualdade, mérito e capacidade.

Outra práctica común foi non convocar periodicamente procesos selectivos durante longos períodos de tempo, a pesar de existir vacantes nas RPT. Os prazos entre convocatorias foron de 7, 8 e ata 10 anos. As numerosas vacantes cubríanse con persoal interino, algunhas persoas estiveron así máis de 20 anos. Co fin de estabilizalas, entre 2021 e 2022, convocáronse entre 3 e 5 procesos selectivos para cada escala (procesos de acceso libre, de estabilización, extraordinarios de estabilización...). Hai que salientar que as escalas dos corpos especiais contan con poucas prazas e que nestes procesos (2021 e 2022), convocouse unha porcentaxe moi considerable delas. No caso das escalas de enxeñería de montes e enxeñería técnica forestal foi de ata o 50 %, ofertando máis prazas das que existían vacantes.

En febreiro de 2024 convocouse o concurso ordinario para a provisión de postos de traballo vacantes das escalas de enxeñería, enxeñería técnica, arquitectura, arquitectura técnica e ciencias (DOG núm. 50, do 11.03.2024). Trátase dun concurso moi esperado, xa que para moitas persoas destas escalas pode supoñer a última oportunidade de obter praza "en propiedade" con máis responsabilidade e retribucións, ou con máis facilidades para a conciliación.

CSV: BOPGDSPG-Fy5inscеR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 12:17:31
Nº Rexistro: 30467
Data envío: 05/08/2025 12:17:31.195



En xuño de 2024, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) ditou unha sentenza que declarou nulo que o destino adxudicado a unha funcionaria de novo ingreso fora provisional, procedendo á súa adxudicación definitiva (nº de resolución 498/2024). Esta fai referencia á sentenza do Tribunal Constitucional 116/2022, do 27 de setembro, relativa á adscrición provisional na Lei de emprego público de Canarias. Non foi recorrida pola Xunta de Galicia.

Ante este escenario, as persoas participantes no concurso enviaron escritos á Valedora do Pobo e á DXEP, e mantiveron reunións coa directora xeral para advertir da situación relatada. A pesar disto, e sendo coñecedora desta sentenza en firme, en decembro de 2024, a DXEP adxudicou "destino provisional" ás persoas que superaron os procesos selectivos de 2021 e 2022.

A maior parte destas prazas eran as mesmas que as ofrecidas no concurso de 2024, representando para algunha escala o 65 % dos postos ofrecidos no concurso, boa parte delas poden considerarse “as mellores prazas”.

Como era previsible, moitas persoas de novo ingreso presentaron recurso contra a resolución que lles adxudica "destino provisional", co fin de convertelo en definitivo. Algunhas solicitaron como medida cautelar a retirada das prazas do concurso e dúas delas xa foron removidas. Outras solicitaron a extensión de efectos da sentenza 498/2024 e xa hai autos do TSXG concedendo o seu destino como definitivo.

As persoas participantes no concurso presentaron varios recursos ante a DXEP e ante o TSXG contra esta toma de posesión provisional, e tamén se están a personar nalgunhas das demandas do novo persoal. A DXEP non facilita información suficiente para identificar os procedementos e tampouco dá información dos recursos que presenta contra os autos de extensión de efectos, dificultando poder presentarse neles como parte interesada.

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O 11.07.2025 resolveuse o concurso de traslados, adxudicando as prazas, pero adiando a toma de posesión ata nova publicación no DOG. A convocatoria do concurso non autoriza a diferir a data de toma de posesión de forma xenérica ou indefinida e tampouco o art. 8 do Decreto 151/2022. De feito, sinala expresamente que na resolución do concurso debe indicarse a data da toma de posesión. Unha das razóns para non tomar posesión está sendo que nas escalas de Enxeñería de montes e E.T. forestal non hai prazas dabondo para todas as persoas con dereito a unha, o que pon en perigo todo o proceso cun novo atraso.

Non tomar posesión tras o concurso supón que as persoas funcionarias antigas non poden consolidar os dereitos sobre as prazas que conseguiron segundo o principio de mérito. Ademais, a dilación dos prazos dá opción a máis solicitudes de medidas preventivas, que poden supoñer a retirada de máis prazas do concurso, e a que se diten máis sentenzas a favor do persoal de novo ingreso.

Toda a situación exposta vulnera os dereitos do persoal funcionario recollidos na Lei 2/2015 e na Lei 5/202; á promoción profesional a través da progresión na carreira profesional; á mobilidade profesional e á conciliación da vida persoal, familiar e laboral. Do mesmo xeito, vulnera os principios fundamentais de igualdade, mérito e capacidade.

Esta situación, non só afecta ás escalas do antedito concurso (2024), senón que é un problema global que se vai a estender a todas as escalas e corpos da administración da Xunta de Galicia.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

CSV: BOPGDSPG-Fy5inscеR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Dar unha resposta clara, urxente e fundamentada ás persoas adxudicatarias do concurso de traslados que aínda non tomaron posesión, así como ás persoas de novo ingreso actualmente en situación de "destino provisional", garantindo en todo momento o respecto aos principios e dereitos do persoal funcionario establecidos na Lei 2/2015 e na Lei 5/2021, en particular os relativos á mobilidade profesional, á promoción na carreira e á conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

2. Establecer un marco xurídico de emprego público baseado en criterios obxectivos, previsibles e estables, que asegure a garantía plena dos dereitos do novo persoal funcionario sen que, en ningún caso, iso supoña unha mingua nas condicións laborais nin na estabilidade do persoal funcionario que opta a un concurso de traslados. Este marco deberá evitar conflitos derivados da asignación provisional de prazas e asegurar unha xestión transparente e equitativa dos procesos selectivos e de provisión.

3. Garantir o cumprimento efectivo do principio de igualdade no acceso ás prazas dentro das escalas dos corpos especiais da Administración da Xunta de Galicia, mediante a implementación dun sistema de provisión e mobilidade baseado nos principios de mérito, capacidade, publicidade e igualdade de oportunidades, corrixindo as discriminacións derivadas da baixa frecuencia de convocatorias e da utilización preferente de mecanismos discrecionais como as comisións de servizo.

Parlamento de Galicia, 4 de agosto de 2025

CSV: BOPGDSPG-Fy5inisceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 12:17:31
Nº Rexistro: 30467
Data envio: 05/08/2025 12:17:31.195

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 05/08/2025 12:11:19**

**Julio Abalde Alonso na data 05/08/2025 12:11:30**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 05/08/2025 12:11:41**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 12:17:31
Nº Rexistro: 30467
Data envio: 05/08/2025 12:17:31.195

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/08/2025 12:17:31**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2025 10:15:10
Nº Rexistro: 30502
Data envio: 06/08/2025 10:15:10.762

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 06/08/202
Por Secundino Fernánde
Fernández

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputada **Daniel Pérez López, Montserrat Valcárcel Armesto** e **Secundino Fernández Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para a rexeneración das zonas afectadas polos lumes que asolaron o Concello de Ponteceso este verán.

Asinado o día 06/08/2025 ás 10:13
Por Montserrat Valcárcel Armesto

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Ponteceso vén de sufrir un dos lumes máis devastadores dos últimos trinta anos. Son, no momento de redactar esta iniciativa, 500 as hectáreas calcinadas polo lume. Malia estar estabilizados os tres grandes focos, o perigo de que reactiven continúa polas condicións climatolóxicas (temperatura e vento), o estado do monte nas zonas de máis difícil acceso (sen conservación, con grandes extensións con "vellío" de anos) e a proliferación de plantacións de eucalipto nas zonas máis accesibles.

Desde Valarés a Brántuas, pasando por Cerezo, Carballido ou A Graña, o lume arrasou con grandes extensións de monte, continuando cara A Barda e Monte Faro e o lugar de Guxín, en Corme Aldea. Só o traballo incansable en terra das brigadas apaga lumes, coa colaboración de Protección Civil e Garda Civil, e a presenza constante no aire de hidroavións e helicópteros, xunto coa axuda inestimable da veciñanza dos lugares afectados, evitou que o lume chegase as casas.

Asinado o día 06/08/2025 ás 10:13
Por Daniel Pérez López

Mais o dano ao a unha zona coma esta, dun incalculable valor natural, é inmenso. O Monte Branco ardeu por completo, e os montes e o entorno de paraxes como Valarés son hoxe cinza e materia queimada. Terán que pasar anos para que esta zona recupere.



CSV: BOPGDSPG-Fy5inscerR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2025 10:15:10
Nº Rexistro: 30502
Data envio: 06/08/2025 10:15:10.762

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Polo que tan pronto como se estabilicen e extingan os lumes, é imprescindible iniciar as tarefas necesarias para evitar a erosión dos montes queimados e permitir así a súa rexeneración no menor ciclo de anos posible.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a adoptar, tan pronto se extingan os lumes activos e se garanta a seguridade total de casas e veciñas e veciños afectadas, as medidas necesarias para evitar a erosión dos montes queimados polo lume no Concello de Ponteceso, nomeadamente no Monte Branco, Valarés, Monte Faro e o seu entorno."

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2025 10:15:10
Nº Rexistro: 30502
Data envío: 06/08/2025 10:15:10.762

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 06/08/2025 10:13:25

Montserrat Valcárcel Armesto na data 06/08/2025 10:13:46

Secundino Fernández Fernández na data 06/08/2025 10:13:57

Luis Bará Torres na data 06/08/2025 10:14:11

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/08/2025 10:15:11**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2025 10:49:59
Nº Rexistro: 30505
Data envio: 06/08/2025 10:49:59.582

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Xosé Manuel Golpe Acuña, Luis Bará Torres** e **Ramón Fernández Alfonzo** , ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a calidade da auga do río Eume augas abaixo do encoro da Capela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2020 vivimos no río Eume un grave episodio de verteduras das lamas acumuladas no encoro da Capela.

Estas lamas, depositadas no fondo e nas paredes do vaso do encoro, son susceptíbeis de conter elementos contaminantes con orixe na actividade mineira realizada pola empresa ENDESA durante 60 anos no Concello das Pontes, na que foi a mina a ceo aberto máis grande no estado español.

A imaxe de turbidez das augas e as cores enferruxadas dos sedimentos que a baixada do caudal do encoro deixaron á vista provocaron unha fundada alarma social.

Este episodio de contaminación do río EUME por culpa de ENDESA motivou a apertura dun expediente sancionador por parte da Administración que rematou nunha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza na que condenan á eléctrica a 1,9 millóns de euros polos danos causados no episodio de 2020.

Logo deste desastre ambiental, entidades ecoloxistas e de defensa do territorio denuncian que ENDESA incumpre a obriga de manter un caudal mínimo no río Eume, e



Asinado o día 06/08/2025 ás 10:47
Por Ramón Fernández
Asinado o día 06/08/2025 ás 10:46
Por Luis Bará Torres
Asinado o día 06/08/2025 ás 10:46
Por José Manuel Golpe Acuña
CSV: BOPGDSPG-Fy5inscеR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

as fotos publicadas nas súas redes sociais parecen darlles a razón, sen esquecer que de feito esta é unha obriga que foi incumprida por ENDESA durante moitos anos.

En marzo de 2025 tivemos coñecemento pola prensa dun estudio científico realizado pola Universidade de Santiago financiado por Endesa, en colaboración coa confraría de pescadores de Pontedeume. Este estudo revela que trala realización de varias mostraxes, revela que a baixa salinidade, a abundancia de sulfuros no sedimento e a presencia elevada de materia orgánica son factores que prexudican o crecemento dos bivalvos.

Non transcendeu se o estado do encoro da Capela, coa presenza dos sedimentos contaminados pode ter influencia no estado do banco marisqueiro.

Compre sinalar que a ría de Ares e a desembocadura do río Eume están declaradas como zona de produción de moluscos pola Orde do 19 de xullo de 2010 e posteriormente, polas ordes de 14 de maio de 2011, do 6 de xullo de 2011, do 28 de xullo de 2011, do 23 de novembro de 2011, do 5 de outubro de 2012 e do 30 de abril de 2013.

E por último hai que indicar que, os concellos de Pontedeume e Cabanas contan con cadansúa captación de auga de consumo augas abaixo do encoro da Capela.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

"O Parlamento de Galiza insta á Xunta a:

1. Realizar unha investigación e unha auditoría independente, coa colaboración do sistema universitario galego, sobre a contaminación do río Eume entre o encoro da Ribeira, no concello das Pontes e a desembocadura do río, que inclúa:



CSV: BOPGDSPG-Fy5inscеR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- A análise e caracterización exhaustiva dos sedimentos depositados no leito do río que quedaron ao descuberto como consecuencia da forte baixada do nivel das augas do encoro da Capela;
- a análise e caracterización dos escoamentos e lixiviados nestas zonas de acumulación de depósitos;
- a análise e caracterización dos lodos e sedimentos acumulados no fondo da presa, e os seus riscos potenciais para o medio e a saúde;
- o estudo e seguimento da posíbel afección aos bancos marisqueiros e aos recursos pesqueiros do río e da ría;
- outros impactos sobre o leito e a bacía do Eume, provocados por infraestruturas, obras, actividades industriais, verteduras, alteracións no terreo e na vexetación, etc.

2. Como consecuencia da anterior auditoría, desenvolver un Plan plurianual de mellora, descontaminación, recuperación ambiental, rexeneración e dinamización do río Eume e a súa bacía, contando tanto para a súa elaboración como para o desenvolvemento do mesmo coa participación da Deputación da Coruña e dos concellos, e esixindo á empresa ENDESA a responsabilidade derivada dos impactos negativos sobre o río da súa actividade industrial contaminante e da xestión da presa e da central hidroeléctrica.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-Fy5inscеR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2025 10:49:59
Nº Rexistro: 30505
Data envio: 06/08/2025 10:49:59.582

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Golpe Acuña na data 06/08/2025 10:46:42**

**Luis Bará Torres na data 06/08/2025 10:46:49**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 06/08/2025 10:47:01**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2025 10:49:59
Nº Rexistro: 30505
Data envío: 06/08/2025 10:49:59.582

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/08/2025 10:50:00**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 06/08/2
10:54
Por José Ramón Gón

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista**, por iniciativa das súas deputadas, **Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno.**

O Consello de Contas de Galicia, no seu informe publicado o 30 de xullo de 2025, sobre a execución dos fondos europeos pola Comunidade Autónoma no exercicio 2023, volve pór de manifesto as importantes eivas na xestión destes recursos extraordinarios por parte da Xunta de Galicia.

Segundo este informe, dos 1.897,4 millóns de euros inicialmente orzamentados procedentes de fondos europeos, só se recoñeceron obrigas por 973,2 millóns (51,3 %) e se pagaron 790,45 millóns (41,7 %).

Os fondos *Next Generation*, en particular, presentan cifras preocupantes: dos 781,44 millóns de euros iniciais, producíronse baixas por 241,87 millóns, quedando un crédito definitivo de 539,6 millóns, dos que só se executaron obrigas recoñecidas netas por 304,9 millóns (56,5 %), e se pagaron 262,6 millóns (48,66 %).

Ademais, o informe sinala que o 52,7 % dos fondos europeos son executados por organismos públicos autonómicos, mentres que a participación da Administración local continúa sendo marxinal.

No exercicio 2023, os concellos galegos recibiron só o 3,75 % dos fondos europeos xestionados pola Xunta, malia o incremento respecto ao ano anterior. Non obstante, este dato contrasta coa súa capacidade de execución e coñecemento do territorio.

Asinado o día 06/08/2025 ás
10:54
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 06/08/2025 ás
10:53
Por Patricia Iglesias Rey

CSV: BOPGDSPG-Fy5inscеR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A situación agrávase ao comprobar que o número de concellos beneficiarios destes fondos caeu nun 15 % respecto ao exercicio anterior, pasando de 258 a 219 entidades locais. Isto supón unha tendencia preocupante de centralización e recentralización dos recursos europeos, que contradí os principios de subsidiariedade, cohesión territorial e gobernanza multinivel que inspiran os regulamentos europeos.

Neste contexto, o Consello de Contas establece dúas recomendacións principais:

- Dar pulo aos instrumentos de planificación e xurídicos vixentes para acadar en tempo os fitos críticos dos programas vinculados ao financiamento *Next Generation*.

- Potenciar os instrumentos de coordinación existentes na Comunidade Autónoma, orientándoos á análise da situación actual da totalidade dos proxectos e á resolución das eivas detectadas, co obxectivo de maximizar o aproveitamento dos fondos no limitado período dispoñible.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

No último ano, a Xunta de Galiza impulsou como resposta á saturación do mercado de viño medidas como a vendima ou poda en verde, a través do procedemento MR446C publicado en abril de 2025. Esta convocatoria, que pretendía ser unha solución de choque fronte á acumulación de viño nas adegas e á caída de prezos, só tivo como resultado a execución de axudas en 16 hectáreas, fronte ás máis de 1.300 hectáreas da Ribeira Sacra ou as 2.500 do Ribeiro. É dicir, un impacto inferior ao 1 % da superficie produtiva afectada, cun orzamento ridículo de 63 000 €, que nin sequera compensaba os custos reais da colleita. A cantidade por quilo destruído limitábase ao 50 % dun prezo medio de referencia de 1,17 €/kg, o que supón 0,58 €/kg, moi por debaixo do custo

Asinado o día 05/08/2025 ás 10:16
Por Sonia Vidal Lamas

CSV: BOPGDSPG-Fy5inscer-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

efectivo de producir uva en zonas heroicas como Chantada, Amandi ou o Avia. Esta medida, anunciada como salvavidas, foi tramitada con prazos inaceptablemente curtos (apenas 10 días entre a publicación e a data límite de solicitude) e sen unha campaña previa de información nin asesoramento técnico, o que impediu que a maioría dos viticultores, especialmente os máis pequenos e sen apoio tecnolóxico, puidesen participar.

Os sindicatos agrarios como o Sindicato Labrego Galego e Unións Agrarias denunciaron que moitos viticultores quedaran fóra do proceso por desinformación, falta de capacidade técnica e prazos impostos sen diálogo. Ademais, o cálculo de rendementos medios que se fixo para determinar as hectáreas subvencionables baseábase nas vendimas precedentes xa recortadas pola caída de prezos e a falta de demanda, o que fixo que moitos produtores quedasen tamén excluídos pola vía técnica, ao non acadar o mínimo rendible para destruír uva.

A esta situación engádese a xa crónica indefensión dos produtores fronte aos prezos impostos polas adegas. En 2024 e 2023, centos de viticultores víronse obrigados a malvender ou directamente a non recoller a uva pola falta de compradores ou pola imposición de prezos por debaixo dos custos. A Consellaría de Medio Rural non puxo en marcha ningún mecanismo efectivo para garantir prezos xustos nin contratos homologados.

As Mesas do Viño, que deberían ser espazos de planificación, regulación e diálogo entre Administración, Consellos Reguladores, produtores e adegas, están totalmente desprofesionalizadas, sen poder real nin capacidade de decisión. Limitáronse a ser escenarios decorativos sen impacto na regulación efectiva do sector.

Nun país onde o viño é parte do territorio, da cultura e da economía rural, esta situación é insostible. Galiza non pode seguir condenando aos seus viticultores a subsistir en precario mentres as administracións fan política de escaparate. Fronte a isto, é necesario un cambio de rumbo.



CSV: BOPGDSPG-Fy5inscеR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por outra banda, debemos ter presente que o mercado exterior e nomeadamente as exportacións a mercados europeos e americanos teñen servido para aliviar a presión sobre a xeración de excedentes en épocas de redución de consumo de viños tintos, sobre todo en zonas vitícolas cunha orientación produtiva de este tipo de elaboracións. Esta opción vese condicionada e ameazada pola inseguridade que ocasiona a caótica política arancelaria do goberno norteamericano.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Por que a Xunta de Galiza segue sen adoptar unha estratexia integral e planificada para o sector vitivinícola que dea resposta unha urxente e eficiente a situación que está a sofrer, cando hai miles de viticultores afectados e un modelo produtivo en risco de desaparición?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 10:19:24
Nº Rexistro: 30438
Data envio: 05/08/2025 10:19:24.934

Asinado dixitalmente por:

Sonia Vidal Lamas na data 05/08/2025 10:16:54

Ariadna Fernández González na data 05/08/2025 10:17:04

Secundino Fernández Fernández na data 05/08/2025 10:17:11

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 10:19:24
Nº Rexistro: 30438
Data envio: 05/08/2025 10:19:24.934

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/08/2025 10:19:25

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por Cristina Campero Dorado



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 10:42:09
Nº Rexistro: 30442
Data envío: 05/08/2025 10:42:09.308

Asinado o día 05/08/2
10:33
Por José Mato Díaz

**A Mesa do Parlamento**

**Miguel Ángel Viso Diéguez, Cristina Campero Dorado, Encarna Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral en pleno.**

esencial tanto desde o punto de vista económico como social e ambiental. Galicia conta cun amplo número de profesionais que traballan neste ámbito ata o punto de liderar, en moitos ámbitos, a transformación do sector cara a unha futuro máis sostible, innovadoro e resiliente.

Gándara

Asinado o día 05/08/2025 ás 10:32
Por María Encarnación Amigo
Díaz

Nos últimos anos, o sector afrontou importantes retos: a necesidade de substitución xeracional, a adaptación a novos estándares ambientais, a transformación tecnolóxica, o encarecemento dos custos operativos, a competencia internacional. Todos estes desafíos requiren do apoio decidido dos instrumentos europeos de financiamento e que estes conten cunha dotación orzamentaria suficiente.

O 16 de xullo de 2025, a Comisión Europea adoptou unha proposta para o próximo marco financeiro plurianual (MFP) para o período 2028-2034. Este inclúe, fundamentalmente os fondos FEAGA (Fondo Europeo Agrícola de Garantía Agraria) e FEADER (Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural) da Política Agrícola Común (PAC).

Neste senso resultan fondamente preocupantes as noticias recentemente coñecidas sobre a intención de propoñer un recorte aparente do entorno do 20% nos fondos destinados ao agrícola e gandeiro no próximo marco orzamentario. Esta redución, de confirmarse, comprometería gravemente a viabilidade da adaptación de moitas explotacións e das comunidades rurais que dependen directa ou indirectamente destas actividades. Ademais, supoñería un retroceso na capacidade de adecuación e consecución dos obxectivos comúns en materia de sustentabilidade, competitividade e seguridade alimentaria.

Asinado o día 05/08/2025 ás
10:32
Por Miguel Ángel Viso Diéguez

Ademais, a actual Política Agraria Común quedaría diluída nun fondo único, no que tamén entraría a pesca e as políticas de cohesión territorial. Desaparecerían ademais os dous piares actuais da PAC (axudas directas e desenvolvemento rural), que quedarían unificados nese mesmo fondo.

Convén lembrar que 20 Estados membros (dun total de 27), entre eles España, asinaron esta primavera unha carta na que lle pedían a Bruxelas manter a Política

CSV: BOPGDSPG-Fy5inscerR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

Agrícola Común como estratéxica, independente e autónoma, cunha boa dotación financeira, personalidade xurídica propia e separada do resto de políticas comunitarias

Neste contexto, resulta urxente que as distintas administracións e, particularmente o Goberno de España -na súa condición de interlocutor directo coa Unión Europea- adopte unha posición clara, firme e proactiva para defender os intereses do sector agrogandeiro no proceso de negociación do novo marco financeiro europeo, ademais de adoptar un compromiso claro en defensa e apoio a este sector no marco do seu plan nacional específico.

Cómpre salientar finalmente, que Galicia vén sendo un exemplo de xestión responsable e eficiente do financiamento destinado ás políticas de cohesión e de apoio ao medio rural. É de todo xeito inaceptable calquera pretendido recorte de fondos que, segundo os cálculos iniciais, suporá unha redución aproximada de 80 millóns de euros anuais para o rural galego, o que implica 480 millóns menos no período, deixando especialmente mermado o orzamento para o desenvolvemento rural. A PAC é un dos mecanismos máis importantes que se xestionan desde as comunidades autónomas e que permite garantir e manter a actividade dos gandeiros e agricultores. Ademais, sen este recurso de apoio directo ao sector, os prezos dos produtos agroalimentarios serían moito máis elevados e repercutiría de xeito negativo no consumidor.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que valoración fai o Goberno galego en relación coa proposta de nova PAC que prevé entrar en vigor a partir do ano 2027?

Santiago de Compostela, 5 de agosto de 2025.

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 10:42:09
Nº Rexistro: 30442
Data envio: 05/08/2025 10:42:09.308

**Asinado dixitalmente por:**

**Miguel Ángel Viso Diéguez na data 05/08/2025 10:32:35**
**María Encarnación Amigo Díaz na data 05/08/2025 10:32:49**
**José Mato Díaz na data 05/08/2025 10:33:03**
**Enrique Barreiro Sánchez na data 05/08/2025 10:33:11**
**Juan Manuel Casares Gándara na data 05/08/2025 10:33:19**
**Cristina Campero Dorado na data 05/08/2025 10:33:32**
**Nicole Grueira Fernández na data 05/08/2025 10:33:43**
**Ángel Rodriguez Conde na data 05/08/2025 10:33:52**
**Cecilia Vázquez Suárez na data 05/08/2025 10:34:06**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 10:42:09
Nº Rexistro: 30442
Data envio: 05/08/2025 10:42:09.308

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/08/2025 10:42:09

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 10:43:33
Nº Rexistro: 30446
Data envio: 05/08/2025 10:43:33.577

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

**Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Argimiro Marnotes Fernández, Rubén Lorenzo Gómez, Roberto Rodríguez Martínez, e Katherinie Varela Fernández** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en pleno.

A nova sentenza do Tribunal Supremo sobre a factoría de Ence en Pontevedra reforza a postura que mantén o Goberno galego desde 2018 fronte ás sucesivas normas estatais que regulan as concesións no dominio público marítimo-terrestre.

Así, conclúe que as concesión outorgadas antes da Lei de costas de 1988 e que se acolleron á prórroga extraordinaria recoñecida na lei actual (como é o caso de Ence) teñen dereito a prorrogar a súa actividade ata 75 anos máis. Un dereito condicionado unicamente a contar cun informe ambiental autonómico favorable

Polo tanto a Xustiza dálle a razón ao Goberno galego na súa defensa das prórrogas para as concesións anteriores a 1988 e rexeita os argumentos e interpretacións cos que o Executivo central leva anos tentando limitar ou negar este dereito e xerando inseguridade xurídica na costa.

Esta é a terceira sentenza do máis alto tribunal no que se valida a prórroga de concesión sobre esta factoría ata 2073, rexeitando as iniciativas xudiciais presentadas na súa contra. O recurso que estima o Supremo, ademais de Ence, foi presentado por outras entidades que apoiaban a continuidade deste complexo industrial, entre eles a Autoridade Portuaria de Marín, os comités de empresa da compañía, empresas auxiliares e asociacións industriais.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que valoración fai o Goberno galego en relación coa nova sentenza do Tribunal Supremos sobre a prórroga da concesión que opera na factoría de Ence en Pontevedra?

Santiago de Compostela, 5 de agosto de 2025.

Por María Deza Martínez
Por Cristina Campero Dorado
Asinado o día 05/08/2 10:39 Por Carmen Pomar T
Asinado o día 05/08/2025 ás 10:39 Por Roberto Rodríguez Martínez
Asinado o día 05/08/2025 ás 10:39 Por Gonzalo Trenor López
CSV: BOPGDSPG-Fy5inscеR-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510
gp-pp@parlamentodegalicia.gal
@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 10:43:33
Nº Rexistro: 30446
Data envio: 05/08/2025 10:43:33.577

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 05/08/2025 10:39:29
Roberto Rodríguez Martínez na data 05/08/2025 10:39:45
Carmen Pomar Tojo na data 05/08/2025 10:39:55
José Luis Ferro Iglesias na data 05/08/2025 10:40:15
Cristina Campero Dorado na data 05/08/2025 10:40:27
María Deza Martínez na data 05/08/2025 10:40:35
Argimiro Marnotes Fernández na data 05/08/2025 10:40:49
Rubén Lorenzo Gómez na data 05/08/2025 10:41:01
Katherinie Varela Fernández na data 05/08/2025 10:41:15

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 10:43:33
Nº Rexistro: 30446
Data envio: 05/08/2025 10:43:33.577

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/08/2025 10:43:34**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 12:02:54
Nº Rexistro: 30458
Data envio: 05/08/2025 12:02:54.376

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 05/08/2 12:01
Por José Manuel Golp

## Á Mesa do Parlamento

**Ramón Fernández Alfonzo, Iria Carreira Pazos, Xosé Manuel Golpe Acuña** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o estado das infraestruturas do Arquitecto Marcide de Ferrol.

Asinado o día 05/08/2025 ás 12:01
Por Iria Carreira Pazos

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Propaganda do Partido Popular xa non é quen de agochar os dramáticos efectos que os seus continuos recortes teñen sobre o noso sistema público de saúde.

Despois de varios accidentes no Hospital materno infantil de Ourense por desprendimentos de teitos en mal estado, o último en marzo deste ano 2025, vén de repetirse un caso semellante no Hospital Arquitecto Marcide de Ferrol o pasado día 24.

O accidente causou feridas á persoa que estaba ingresada no habitación 510 do hospital, unha das habitacións antigas que levan anos agardando pola súa reforma.

Os teitos destas habitacións teñen unha antigüidade de 50 anos e nunca foron reformados en profundidade malia a acumulación de avatares que evidentemente foron deteriorándoos, poñendo en risco a seguridade das persoas doentes e do persoal traballador.

Asinado o día 05/08/2025 ás 12:01
Por Ramón Fernández Alfonzo

Esta habitación, igual que outras moitas no mesmo estado, están situadas xunto as obras de construción dos novos edificios, e polo tanto están sometidas a continuas vibracións, por ocasións moi fortes segundo relata o persoal sanitario.

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 12:02:54
Nº Rexistro: 30458
Data envio: 05/08/2025 12:02:54.376

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

O atraso nas obras do actual Plan director, sen medidas corretoras, e o acontecido no Hospital materno infantil de Ourense, onde os accidentes se repiten sen que a Xunta faga nada, delatan un abandono do sistema público de saúde por parte da Xunta do Partido Popular que non pode ser tolerado.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Por que a Xunta de Galiza non pon en marcha ningún plan especial para corrixir os atrasos acumulados no Plan director do CHUF e actuar sobre as zonas máis vellas e deterioradas das actuais instalacións do Hospital Arquitecto Marcide de Ferrol?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 12:02:54
Nº Rexistro: 30458
Data envio: 05/08/2025 12:02:54.376

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 05/08/2025 12:01:10**

**Iria Carreira Pazos na data 05/08/2025 12:01:17**

**José Manuel Golpe Acuña na data 05/08/2025 12:01:24**

**María Montserrat Prado Cores na data 05/08/2025 12:01:32**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 12:02:54
Nº Rexistro: 30458
Data envio: 05/08/2025 12:02:54.376

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/08/2025 12:02:54**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Á MESA DO PARLAMENTO**

**María Carmen Rodríguez Dacosta e Julio Ernesto Abalde Alonso**, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario Socialista, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno.**

Ao longo dos máis de 30 anos de existencia das escalas dos corpos especiais da Xunta de Galicia, a práctica habitual da Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal (DXEP), antiga D.X. da Función Pública, foi convocar procesos selectivos para estas escalas, sen ter realizado previamente o concurso de traslados correspondente. Despois adxudicaban ao persoal de novo ingreso, en "destino provisional", as prazas vacantes por xubilacións ou os postos de nova creación, que non se ofreceran antes en concursos. Moitas eran prazas de máis responsabilidade, con retribucións máis elevadas, e/ou en localidades máis demandadas polo persoal. Posteriormente, tiña lugar o concurso de traslados para o persoal máis antigo, no que non podían participar as persoas con "destino provisional", que só despois de resolto aquel, podían ter destino definitivo. Algunhas persoas chegaron a estar ata 6 anos nesta situación de "provisionalidade".

Para agravar esta situación, a convocatoria de concursos nos corpos especiais produciuse sempre cunha frecuencia moito menor que noutros corpos da Administración, vulnerando o principio de igualdade. Ata 2024, a maioría das escalas tiveron acceso só a dous ou tres concursos, con períodos de máis de 12 anos sen ter dereito á mobilidade, conciliación familiar ou promoción profesional de non ser a través das comisións de servizos. Na actualidade hai promocións que concursan por primeira vez en 2024 tras 16 anos de espera.
O retraso na convocatoria foi denunciado desde o ano 2021 en varias ocasións ante a DXEP e ante a Valedora do Pobo de Galicia. Xa no **2021**, alegouse que

Asinado o día 05/08/2025 ás 12:12
Por Julio Abalde Alonso

Asinado o día 05/08/2025 ás 12:12
Por Carmen Rodríguez Dacosta

CSV: BOPGDSPG-Fy5inscerR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

se podería vulnerar o principio de igualdade, mérito e capacidade, se se resolvesen os numerosos procesos selectivos en marcha sen ter resolto antes o concurso de traslados.

Así, o concurso, que o Estatuto Básico do Empregado Público (RDL 5/2015) establece como o "*procedemento normal de provisión de postos de traballo*", pasou a ter carácter secundario fronte ás comisións de servizo, que se adxudican de xeito subxectivo e sen ter necesariamente que atender aos principios de igualdade, mérito e capacidade.

Outra práctica común foi non convocar periodicamente procesos selectivos durante longos períodos de tempo, a pesar de existir vacantes nas RPT. Os prazos entre convocatorias foron de 7, 8 e ata 10 anos. As numerosas vacantes cubríanse con persoal interino, algunhas persoas estiveron así máis de 20 anos. Co fin de estabilizalas, entre 2021 e 2022, convocáronse entre 3 e 5 procesos selectivos para cada escala (procesos de acceso libre, de estabilización, extraordinarios de estabilización...). Hai que salientar que as escalas dos corpos especiais contan con poucas prazas e que nestes procesos (2021 e 2022), convocouse unha porcentaxe moi considerable delas. No caso das escalas de enxeñería de montes e enxeñería técnica forestal foi de ata o 50 %, ofertando máis prazas das que existían vacantes.

En febreiro de 2024 convocouse o concurso ordinario para a provisión de postos de traballo vacantes das escalas de enxeñería, enxeñería técnica, arquitectura, arquitectura técnica e ciencias (DOG núm. 50, do 11.03.2024). Trátase dun concurso moi esperado, xa que para moitas persoas destas escalas pode supoñer a última oportunidade de obter praza "en propiedade" con máis responsabilidade e retribucións, ou con máis facilidades para a conciliación.
En xuño de 2024, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) ditou unha sentenza que declarou nulo que o destino adxudicado a unha funcionaria de

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

novo ingreso fora provisional, procedendo á súa adxudicación definitiva (nº de resolución 498/2024). Esta fai referencia á sentenza do Tribunal Constitucional 116/2022, do 27 de setembro, relativa á adscrición provisional na Lei de emprego público de Canarias. Non foi recorrida pola Xunta de Galicia.

Ante este escenario, as persoas participantes no concurso enviaron escritos á Valedora do Pobo e á DXEP, e mantiveron reunións coa directora xeral para advertir da situación relatada. A pesar disto, e sendo coñecedora desta sentenza en firme, en decembro de 2024, a DXEP adxudicou "destino provisional" ás persoas que superaron os procesos selectivos de 2021 e 2022.

A maior parte destas prazas eran as mesmas que as ofrecidas no concurso de 2024, representando para algunha escala o 65 % dos postos ofrecidos no concurso, boa parte delas poden considerarse “as mellores prazas”.

Como era previsible, moitas persoas de novo ingreso presentaron recurso contra a resolución que lles adxudica "destino provisional", co fin de convertelo en definitivo. Algunhas solicitaron como medida cautelar a retirada das prazas do concurso e dúas delas xa foron removidas. Outras solicitaron a extensión de efectos da sentenza 498/2024 e xa hai autos do TSXG concedendo o seu destino como definitivo.

As persoas participantes no concurso presentaron varios recursos ante a DXEP e ante o TSXG contra esta toma de posesión provisional, e tamén se están a personar nalgunhas das demandas do novo persoal. A DXEP non facilita información suficiente para identificar os procedementos e tampouco dá información dos recursos que presenta contra os autos de extensión de efectos, dificultando poder presentarse neles como parte interesada.

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O 11.07.2025 resolveuse o concurso de traslados, adxudicando as prazas, pero adiando a toma de posesión ata nova publicación no DOG. A convocatoria do concurso non autoriza a diferir a data de toma de posesión de forma xenérica ou indefinida e tampouco o art. 8 do Decreto 151/2022. De feito, sinala expresamente que na resolución do concurso debe indicarse a data da toma de posesión**.** Unha das razóns para non tomar posesión está sendo que nas escalas de Enxeñería de montes e E.T. forestal non hai prazas dabondo para todas as persoas con dereito a unha, o que pon en perigo todo o proceso cun novo atraso.

Non tomar posesión tras o concurso supón que as persoas funcionarias antigas non poden consolidar os dereitos sobre as prazas que conseguiron segundo o principio de mérito. Ademais, a dilación dos prazos dá opción a máis solicitudes de medidas preventivas, que poden supoñer a retirada de máis prazas do concurso, e a que se diten máis sentenzas a favor do persoal de novo ingreso.

Toda a situación exposta vulnera os dereitos do persoal funcionario recollidos na Lei 2/2015 e na Lei 5/202; á promoción profesional a través da progresión na carreira profesional; á mobilidade profesional e á conciliación da vida persoal, familiar e laboral. Do mesmo xeito, vulnera os principios fundamentais de igualdade, mérito e capacidade.

Esta situación, non só afecta ás escalas do antedito concurso (2024), senón que é un problema global que se vai a estender a todas as escalas e corpos da administración da Xunta de Galicia.

Ante esta situación, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Cal é a solución que vai dar a Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal á problemática xerada para garantir que as persoas

CSV: BOPGDSPG-Fy5inscer-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

funcionarias con máis antigüidade manteñan as prazas conseguidas no concurso?

Parlamento de Galicia, 4 de agosto de 2025

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
@PSdeG



28071 Madrid

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 12:16:22
Nº Rexistro: 30465
Data envio: 05/08/2025 12:16:22.694

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 05/08/2025 12:12:21**

**Julio Abalde Alonso na data 05/08/2025 12:12:30**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 12:16:22
Nº Rexistro: 30465
Data envio: 05/08/2025 12:16:22.694

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/08/2025 12:16:23**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30485
Data envio: 05/08/2025 16:30:33.511

PARLAMENTO DE GALICIA

Asinado o día 05/08/2 16:25 Por María Deza Martí
Carrera

**Á Mesa do Parlamento**

**Rubén Lorenzo Gómez, Cristina Sanz Arias, María Deza Martínez, María Encarnación Amigo Díaz, Miguel Fidalgo Iglesias, María Felisa Rodríguez Carrera, Ángel Rodríguez Conde, Borja Verea Fraiz e Miguel Ángel Viso Diéguez,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**

Desde a súa entrada en vigor, o 1 de xaneiro de 2025, a Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia, máis coñecida como *Lei de recursos naturais*, marca a política enerxética e industrial de Galicia e garante que calquera proxecto, ademais de ser ambientalmente viable, debe asegurar a xeración de riqueza social e económica na zona onde se implante.

Nesa liña, o Consello da Xunta reunido o 4 de agosto de 2025, aprobou declarar os parques eólicos de Baro e Greco proxectos cunha clara incidencia territorial pola súa entidade económica e social, o que permitirá a súa execución fóra das áreas de desenvolvemento enerxético (ADE).

A construción destes parques fará posible subministrar enerxía verde e competitiva á fábrica de silicio metal en Sabón (A Coruña) e serán os primeiros que xerarán beneficios socioeconómicos de forma directa no noso territorio, tras a aprobación desta nova lei. Así en concreto, entre outras medidas, permitirá o abaratamento da factura da luz ata en 300 euros tanto aos veciños e veciñas como ás pequenas e medianas empresas da zona na que se asentan. De feito, os parques veñen acompañados seguindo o disposto na Lei de recursos naturais, dunha serie de medidas socioeconómicas, incluíndo, neste caso, aos preto de 46.000 habitantes dos 17 concellos onde está prevista a implantación das infraestruturas.

No parque de Baro, as medidas beneficiarán sete municipios da provincia de Lugo: Castro de Rei, Lourenzá, Meira, Mondoñedo, A Pastoriza, Pol e Riotorto, mentres que no proxecto Greco serán un total de dez concellos: seis en Pontevedra (A Cañiza, Cerdedo Cotobade, O Covelo, Fornelos de Montes, A Lama e Ponte Caldelas) e catro na provincia de Ourense (Avión, Beariz, Carballeda de Avia e Melón).

Cómpre sinalar que esta declaración de excepcionalidade permitirá iniciar a tramitación. Unha tramitación na que se determinará se o proxecto é ambiental e tecnicamente viable.

Por Miguel Fidalgo Iglesias
Asinado o día 05/08/2025 ás 16:25 Por Cristina Sanz Arias
Asinado o día 05/08/2025 ás 16:24 Por Rubén Lorenzo Gómez
CSV: BOPGDSPG-Fy5inscer-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30485
Data envio: 05/08/2025 16:30:33.511

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia da tramitación dos dous primeiros parques eólicos que xerarán beneficios sociais e económicos no territorio ao abeiro do disposto na coñecida como *Lei de recursos naturais de Galicia*?

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2025

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30485
Data envio: 05/08/2025 16:30:33.511

**Asinado dixitalmente por:**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 05/08/2025 16:24:59**
**Cristina Sanz Arias na data 05/08/2025 16:25:08**
**María Deza Martínez na data 05/08/2025 16:25:22**
**María Encarnación Amigo Díaz na data 05/08/2025 16:25:38**
**Miguel Fidalgo Iglesias na data 05/08/2025 16:25:53**
**María Felisa Rodriguez Carrera na data 05/08/2025 16:26:09**
**Ángel Rodriguez Conde na data 05/08/2025 16:26:23**
**Miguel Ángel Viso Diéguez na data 05/08/2025 16:26:44**
**Borja Verea Fraiz na data 05/08/2025 16:27:40**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30485
Data envio: 05/08/2025 16:30:33.511

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/08/2025 16:30:37**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2025 10:50:58
Nº Rexistro: 30508
Data envío: 06/08/2025 10:50:58.310

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 06/08/2 10:47
Por Ramón Fernánde

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Manuel Golpe Acuña, Luis Bará Torres** e **Ramón Fernández Alfonzo**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a calidade da auga do río Eume augas abaixo do encoro da Capela.

Asinado o día 06/08/2025 ás 10:47
Por Luis Bará Torres

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2020 vivimos no río Eume un grave episodio de verteduras das lamas acumuladas no encoro da Capela.

Estas lamas, depositadas no fondo e nas paredes do vaso do encoro, son susceptíbeis de conter elementos contaminantes con orixe na actividade mineira realizada pola empresa ENDESA durante 60 anos no Concello das Pontes, na que foi a mina a ceo aberto máis grande no estado español.

A imaxe de turbidez das augas e as cores enferruxadas dos sedimentos que a baixada do caudal do encoro deixaron á vista provocaron unha fundada alarma social.

Este episodio de contaminación do río EUME por culpa de ENDESA motivou a apertura dun expediente sancionador por parte da Administración que rematou nunha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza na que condenan á eléctrica a 1,9 millóns de euros polos danos causados no episodio de 2020.

Asinado o día 06/08/2025 ás 10:47
Por José Manuel Golpe Acuña

Logo deste desastre ambiental, entidades ecoloxistas e de defensa do territorio denuncian que ENDESA incumpre a obriga de manter un caudal mínimo no río Eume, e as fotos publicadas nas súas redes sociais parecen darlles a razón, sen esquecer que de feito esta é unha obriga que foi incumprida por ENDESA durante moitos anos.

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2025 10:50:58
Nº Rexistro: 30508
Data envio: 06/08/2025 10:50:58.310

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

En marzo de 2025 tivemos coñecemento pola prensa dun estudio científico realizado pola Universidade de Santiago financiado por Endesa, en colaboración coa confraría de pescadores de Pontedeume. Este estudo revela que trala realización de varias mostraxes, revela que a baixa salinidade, a abundancia de sulfuros no sedimento e a presencia elevada de materia orgánica son factores que prexudican o crecemento dos bivalvos.

Non transcendeu se o estado do encoro da Capela, coa presenza dos sedimentos contaminados pode ter influencia no estado do banco marisqueiro.

Compre sinalar que a ría de Ares e a desembocadura do río Eume están declaradas como zona de produción de moluscos pola Orde do 19 de xullo de 2010 e posteriormente, polas ordes de 14 de maio de 2011, do 6 de xullo de 2011, do 28 de xullo de 2011, do 23 de novembro de 2011, do 5 de outubro de 2012 e do 30 de abril de 2013.

E por último hai que indicar que, os concellos de Pontedeume e Cabanas contan con cadansúa captación de auga de consumo augas abaixo do encoro da Capela.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas tomará a Xunta de Galiza para garantir a calidade do auga do río Eume na súa desembocadura, e rexenerar o banco marisqueiro do esteiro do río?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2025 10:50:58
Nº Rexistro: 30508
Data envio: 06/08/2025 10:50:58.310

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Golpe Acuña na data 06/08/2025 10:47:41**

**Luis Bará Torres na data 06/08/2025 10:47:48**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 06/08/2025 10:47:54**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2025 10:50:58
Nº Rexistro: 30508
Data envio: 06/08/2025 10:50:58.310

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/08/2025 10:50:58**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2025 11:01:15
Nº Rexistro: 30514
Data envío: 06/08/2025 11:01:15.094

PSG PSOE Parlamento de Galicia
Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O Consello de Contas de Galicia, no seu informe publicado o 30 de xullo de 2025, sobre a execución dos fondos europeos pola Comunidade Autónoma no exercicio 2023, volve pór de manifesto as importantes eivas na xestión destes recursos extraordinarios por parte da Xunta de Galicia.

Segundo este informe, dos 1.897,4 millóns de euros inicialmente orzamentados procedentes de fondos europeos, só se recoñeceron obrigas por 973,2 millóns (51,3 %) e se pagaron 790,45 millóns (41,7 %).

Os fondos *Next Generation*, en particular, presentan cifras preocupantes: dos 781,44 millóns de euros iniciais, producíronse baixas por 241,87 millóns, quedando un crédito definitivo de 539,6 millóns, dos que só se executaron obrigas recoñecidas netas por 304,9 millóns (56,5 %), e se pagaron 262,6 millóns (48,66 %).

Ademais, o informe sinala que o 52,7 % dos fondos europeos son executados por organismos públicos autonómicos, mentres que a participación da Administración local continúa sendo marxinal.

No exercicio 2023, os concellos galegos recibiron só o 3,75 % dos fondos europeos xestionados pola Xunta, malia o incremento respecto ao ano anterior. Non obstante, este dato contrasta coa súa capacidade de execución e coñecemento do territorio.

Asinado o día 06/08/2025 ás 10:55
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 06/08/2025 ás 10:54
Por Patricia Iglesias Rey

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2025 11:01:15
Nº Rexistro: 30514
Data envío: 06/08/2025 11:01:15.094

A situación agrávase ao comprobar que o número de concellos beneficiarios destes fondos caeu nun 15 % respecto ao exercicio anterior, pasando de 258 a 219 entidades locais. Isto supón unha tendencia preocupante de centralización e recentralización dos recursos europeos, que contradí os principios de subsidiariedade, cohesión territorial e gobernanza multinivel que inspiran os regulamentos europeos.

Neste contexto, o Consello de Contas establece dúas recomendacións principais:

- Dar pulo aos instrumentos de planificación e xurídicos vixentes para acadar en tempo os fitos críticos dos programas vinculados ao financiamento *Next Generation*.

- Potenciar os instrumentos de coordinación existentes na Comunidade Autónoma, orientándoos á análise da situación actual da totalidade dos proxectos e á resolución das eivas detectadas, co obxectivo de maximizar o aproveitamento dos fondos no limitado período dispoñible.

Ante esta situación, as deputadas que asinan preguntan:

Que fórmulas prevé o Goberno galego para garantir unha mellor execución e distribución máis equitativa e participada dos fondos nos vindeiros exercicios?

Parlamento de Galicia, 5 de agosto de 2025

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2025 11:01:15
Nº Rexistro: 30514
Data envio: 06/08/2025 11:01:15.094

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Iglesias Rey na data 06/08/2025 10:54:58**

**Elena Espinosa Mangana na data 06/08/2025 10:55:10**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2025 11:01:15
Nº Rexistro: 30514
Data envio: 06/08/2025 11:01:15.094

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/08/2025 11:01:15**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2025 11:44:56
Nº Rexistro: 30521
Data envio: 06/08/2025 11:44:56.039

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana**, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario Socialista, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno.**

O Consello de Contas de Galicia vén de facer público o seu informe de fiscalización sobre a execución dos fondos *Next Generation* destinados ao Programa de Educación Dixital nas etapas de ensino non universitario. O devandito informe revela importantes deficiencias tanto na planificación como na execución do programa, especialmente no que atinxe ao seu impacto na redución da fenda dixital que afecta ao alumnado máis vulnerable.

A análise realizada constata que:

- A participación no programa de préstamo de equipamentos informáticos estivo limitada só aos centros que xa participaran en programas anteriores, o que exclúe unha parte importante da rede educativa sostida con fondos públicos.

- Os propios centros concertados afirman en porcentaxes elevadas que non teñen cubertas as necesidades de equipamento para afrontar a fenda dixital, con datos tan preocupantes como o 72 % en Lugo ou o 53 % en Ourense.

- A determinación da situación de vulnerabilidade do alumnado foi delegada nos equipos directivos, sen establecer un marco común e obxectivo.

- Non se contou cunha planificación axeitada e coordinada cos centros, malia tratarse dun programa financiado con fondos europeos que esixen planificación, transparencia e eficacia.

Asinado o día 06/08/2025 ás 11:20
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 06/08/2025 ás 11:19
Por Patricia Iglesias Rey

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ademais, no relativo á Actuación 3 (formación do profesorado), o informe sinala deficiencias na xestión e seguimento, recomendando un plan específico de formación asociado a cada programa, co fin de garantir a calidade e o aproveitamento real dos recursos investidos.

O dereito á Educación en igualdade de condicións non pode depender de ter participado ou non nun programa previo. A exclusión de centros, a falla de planificación e o deseño centralista do programa lastran o seu obxectivo principal: reducir a fenda dixital e promover a equidade no acceso á educación dixital.

Ante esta situación, as deputadas que asinan preguntan:

Que medidas ten previsto adoptar a Xunta de Galicia para garantir que os programas de educación dixital cheguen a todos os centros sostidos con fondos públicos, con independencia da súa participación en programas anteriores?

Parlamento de Galicia, 5 de agosto de 2025

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2025 11:44:56
**Nº Rexistro: 30521**
Data envio: 06/08/2025 11:44:56.039

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Iglesias Rey na data 06/08/2025 11:19:48**

**Elena Espinosa Mangana na data 06/08/2025 11:20:01**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2025 11:44:56
Nº Rexistro: 30521
Data envio: 06/08/2025 11:44:56.039

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/08/2025 11:44:56**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno.**

O Consello de Contas de Galicia vén de publicar, o 30 de xullo de 2025, o seu Informe de fiscalización dos Fondos de Compensación Interterritorial (FFCI), relativo ao exercicio 2023. O devandito informe revela datos preocupantes sobre a xestión destes fondos pola Xunta de Galicia.

Os FFCI están previstos no artigo 158.2 da Constitución española e teñen por obxecto corrixir os desequilibrios económicos interterritoriais e facer efectivo o principio de solidariedade entre territorios. Galicia, xunto con outras nove comunidades autónomas e dúas cidades autónomas, é beneficiaria destes fondos.

Segundo o informe do Consello de Contas:

- Galicia presenta unha taxa de execución do 66 %, o que supón que 1 de cada 3 euros asignados non foron executados.

- Galicia é a segunda comunidade autónoma con peor índice de execución, só por diante da Rexión de Murcia.

- O 100 % dos fondos asignados no ano 2023 foron destinados á provincia de Pontevedra, sen que Lugo nin Ourense recibisen ningún recurso, situación que tamén se produciu no exercicio 2022.

Asinado o día 06/08/2025 ás 11:24
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 06/08/2025 ás 11:24
Por Patricia Iglesias Rey

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2025 11:50:04
Nº Rexistro: 30528
Data envio: 06/08/2025 11:50:04.851

- A dotación estatal dos FFCI permanece conxelada desde 2014, en 432,4 millóns de euros, dos cales Galicia recibe un 8,92 %.

O propio Consello de Contas recomenda redeseñar os FFCI e incrementar a súa dotación, así como mellorar a planificación e execución autonómica destes recursos. A concentración territorial, a baixa execución e a falla de explicacións públicas sobre os criterios empregados revelan unha falta de transparencia e de orientación redistributiva na aplicación dos fondos en Galicia.

Ante esta situación, as deputadas que asinan preguntan:

Cal é o motivo polo que Galicia presenta unha taxa de execución dos FFCI inferior ao 66 % no exercicio 2023?

Parlamento de Galicia, 5 de agosto de 2025

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2025 11:50:04
Nº Rexistro: 30528
Data envio: 06/08/2025 11:50:04.851

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Iglesias Rey na data 06/08/2025 11:24:10**

**Elena Espinosa Mangana na data 06/08/2025 11:24:23**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2025 11:50:04
Nº Rexistro: 30528
Data envio: 06/08/2025 11:50:04.851

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/08/2025 11:50:06**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2025 12:33:16
Nº Rexistro: 30535
Data envio: 06/08/2025 12:33:16.434

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 06/08/2 12:31
Por Daniel Pérez Lóp

**Á Mesa do Parlamento**

**Xosé Manuel Golpe Acuña, Mercedes Queixas Zas, Daniel Pérez López** e **Iria Taibo Corsanego**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o Parque eólico Seixo, de 77 MW de potencia instalada, e a infraestrutura de evacuación asociada, nos términos municipais de A Laracha, Cerceda, Carral e Abegondo, na provincia de A Coruña.

Asinado o día 06/08/2025 ás 12:31
Por Mercedes Queixas Zas

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Con data 19 de xuño de 2025 foi publicado no BOE nº147 Sec. V-B. Páx. 35125, do Área Funcional de Industria e Enerxía da Delegación do Goberno na Galiza, polo que se somete, ao trámite de Información Pública (IP), a solicitude de autorización administrativa previa (AAP) e o estudo de impacto ambiental (EsIA), da instalación eólica “Seixo”, de 77 MW de potencia instalada, e a infraestrutura de evacuación asociada, nos términos municipais de A Laracha, Cerceda, Carral e Abegondo, na provincia de A Coruña. Código do expediente, PEol-969.

Este parque eólico conta con tres (3) aeroxeradores instalados no concello de Carral, catro (4) no concello da Laracha e nove (9) no Concello de Cerceda. A evacuación da enerxía xenerada polos aeroxeradores da ZONA ESTE realizarase a través dunha liña subterránea de interconexión até a subestación «SET Colectora Seixo 220/30 kV», e a xenerada polos aeroxeradores da ZONA OESTE a través de liñas subterráneas de interconexión até a subestación «SET PE Seixo 220/30 kV». Ademais unha liña de conexión aero-subterránea para conectar as 2 SET. A enerxía producida conectaría á rede

Asinado o día 06/08/2025 ás 12:31
Por José Manuel Golpe Acuña

CSV: BOPGDSPG-Fy5inscerR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2025 12:33:16
Nº Rexistro: 30535
Data envio: 06/08/2025 12:33:16.434

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

na Liña aérea de alta tensión a 220kV de Evacuación dos parques eólicos Feas e Seselle que á súa vez conectaría coa Subestación planeada por REE no Concello de Abegondo.

O boom eólico que se está a dar en Galiza nos últimos anos, con novos proxectos diarios en todos os puntos da nosa xeografía amosan a falta de planificación enerxética neste eido, dándose graves irregularidades con parques eólicos proxectados sobre espazos protexidos, a escasos metros de vivendas, con invasión de zonas de especial protección, parques eólicos proxectados en zonas onde xa houbo unha DIA negativa ou dándose fragmentacións fraudulentas dos múltiples proxectos existentes.

Esta proliferación de parques eólicos, non responde tampouco aos principios do PNIEC que debería responder a unha estratexia planificada en política enerxética e climática, cando se están a tramitar parques eólicos de forma individual sen unha avaliación conxunta, para o que é preciso un Plan Estratéxico que aborde isto concretamente, sen que se xustifique a cantidade e necesidade de produción de enerxía, a súa finalidade cando menos na zona afectada.

Non cabe considerar que os proxectos son unha contribución positiva para a loita contra o cambio climático. Contrariamente, supón unha perda significativa de superficie natural e unha grave deterioración dos valores ambientais, servizos ecosistémicos e perda paisaxística.

Pola contra, os supostos beneficios a que fai referencia o propio estudo, menciona a creación de emprego, sendo isto totalmente ficticio, pois os propios estudos non determinan nin tan sequera aproximadamente o número de postos de traballo que crearían, e recoñecen que unha vez instalados os parques, na súa fase de explotación estes empregos diminuirán, polo tanto estamos a falar de empregos temporais na fase de implantación dos parques e sen especificar nin aproximadamente cantos.

CSV: BOPGDSPG-Fy5inscerR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Na área afectada polo proxecto existen outros parques eólicos e liñas de alta tensión de evacuación. A ausencia de avaliación ambiental acumulada e sinérxica da totalidade do conxunto das infraestruturas provoca que se descoñeza o impacto real que todas estas instalacións van provocar e indefensión na veciñanza afectada por todos estes proxectos.

Nunha área de 25 quilómetros de radio atópanse tanto en fase de autorización como de desenvolvemento ou xa en funcionamento outros 40 Parques eólicos, algúns deles mesmo coincidindo na polígonal co proxecto de PE Seixo como sería o caso do PE Meirama, actualmente coa autorización paralizada cautelarmente polo TSXG.

Na documentación de estudo de impacto ambiental non se avalían correctamente os efectos acumulativos da proximidade de varios parques eólicos. Este estudo carece de metodoloxía aplicada á hora de avaliar estes efectos e clasificar os mesmos, así como hai unha ausencia total de medidas correctoras identificadas.

É necesario que a avaliación ambiental deste novo proxecto se faga tendo en conta os parques existentes e grande cantidade tanto de proxectos eólicos como de infraestruturas de evacuación nesta zona e se contemplen os efectos provocados por este proxecto como acumulativos dos xa en funcionamento ou proxectados.

Xunguido a todo isto xorde o feito de que o área onde se pretende implantar este parque eólico coincide coa nomeada “Zona de transición xusta” de Meirama.

O proxecto do parque eólico Seixo contempla a instalación de 16 aeroxeradores nos termos municipais de Cerceda, A Laracha e Carral. Estando os tres dentro da Zona de Transición Xusta, (ZTX) do Nó de Transición Xusta, (NTJ) de Meirama. Polo tanto, a materialización deste proxecto resta potencial aos proxectos presentados no  NTX de Meirama. De feito, entra en conflito territorial con proxectos presentados ao concurso del NTX.

CSV: BOPGDSPG-Fy5inscer-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2025 12:33:16
Nº Rexistro: 30535
Data envio: 06/08/2025 12:33:16.434

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

A autorización deste parque eólico sería un feito contrario ao obxectivo que se persigue dentro da estratexia de transición xusta, xa que o promotor non está obrigado a ofrecer contrapartida algunha a cambio da autorización de explotación.

Do mesmo xeito, e recoñecendo que o promotor do parque eólico Seixo non pretende evacuar a enerxía a través do nó de Meirama, a localización dentro da ZTX de Meirama do proxecto de PE Seixo, pode provocar recurso por parte dos promotores que presenten os seus proxectos a este nó.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é o estado da tramitación do parque eólico Seixo, que informes se teñen presentado e cales están pendentes?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2025 12:33:16
Nº Rexistro: 30535
Data envio: 06/08/2025 12:33:16.434

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Golpe Acuña na data 06/08/2025 12:31:17**

**Mercedes Queixas Zas na data 06/08/2025 12:31:23**

**Daniel Pérez López na data 06/08/2025 12:31:33**

**Iria Taibo Corsanego na data 06/08/2025 12:31:38**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2025 12:33:16
Nº Rexistro: 30535
Data envio: 06/08/2025 12:33:16.434

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/08/2025 12:33:17**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PSG PSOE Parlamento de Galicia

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paloma Castro Rey e Carlos López Font**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno.**

O día 14 de outubro de 2024 a Xunta de Galicia anunciou o rescate de 4 autovías galegas, entre a que se atopaba a autovía do Salnés AG-41.

A asunción por parte do Goberno galego faise efectiva a principios do ano 2025 continuando nun inicio as concesionarias que se encargaban do seu mantemento.

As persoas traballadoras destas concesionarias, conscientes de que se atopan nunha situación temporal, presentan un escrito solicitando ao Goberno galego información sobre o seu futuro laboral no mes de decembro,  ao non ter resposta vense obrigados a interpoñer un recurso de alzada ante a Axencia Galega de Infraestruturas no mes de xaneiro, novamente sen resposta por parte da Xunta.

No mes de xuño a Axencia Galega de Infraestruturas publica os pregos de conservación ordinaria e viabilidade invernal da rede autonómica de estradas de Galicia, integrando o mantemento e conservación da AG-41 no lote 6 (Pontevedra Norte) e deixando sen prever 13 postos de traballo en relación cos existentes ata o de agora.

Ante isto as persoas traballadoras interpoñen  un recurso ante o TACGAL, con solicitude de suspensión do procedemento de licitación como medida preventiva, que foi desestimado o pasado 27 de xullo 2025.

Asinado o día 06/08/2025 ás 12:36
Por Carlos López Font

Asinado o día 06/08/2025 ás 12:36
Por Paloma Castro Rey

CSV: BOPGDSPG-Fy5inseR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

Grupo
Parlamentario
Socialista

Desde o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que por lei o novo contrato debe subrogar ao persoal das contratas que viña realizando o mantemento e por isto o goberno debe modificar o prego vixente.

Ante esta situación, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Vai o Goberno galego modificar o prego de licitación publicado o día 10 de xuño de 2025 para a conservación ordinaria e vialidade invernal da rede autonómica de estradas de Galicia, no sentido de manter integramente os postos de traballo existentes no lote 6 (Pontevedra Norte) relativos ao mantemento e conservación da AG-41?

Santiago de Compostela, 6 de agosto de 2025

CSV: BOPGDSPG-Fy5inssceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2025 12:43:58
Nº Rexistro: 30542
Data envio: 06/08/2025 12:43:58.597

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 06/08/2025 12:36:11**

**Carlos López Font na data 06/08/2025 12:36:20**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2025 12:43:58
Nº Rexistro: 30542
Data envio: 06/08/2025 12:43:58.597

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/08/2025 12:43:59

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno.**

A política eólica en Galicia está a experimentar unha etapa de profunda reconfiguración, marcada pola autorización de novos proxectos ao abeiro da Lei 2/2024, do 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia, e outras modificacións lexislativas que permiten autorizar parques eólicos fóra das áreas territoriais previstas no Plan Sectorial Eólico de Galicia de 1997. Esta situación xera incertezas sobre o grao de planificación, impacto ambiental e participación pública no desenvolvemento destas infraestruturas.

A recente autorización, polo Consello da Xunta, dos parques eólicos denominados Baro e Greco, promovidos pola empresa Villar Mir Energía e destinados en boa parte a abastecer a planta de Ferroatlántica en Sabón, require unha análise rigorosa e transparente, da que se carece por parte do Goberno galego.

As medidas anunciadas pola Xunta, como descontos nas facturas eléctricas, participación financeira dos veciños ou creación de emprego local, non contan con garantías públicas nin teñen un impacto claramente acreditado no benestar colectivo. Por outra parte, chama a atención que a promotora sexa un grupo empresarial cunha traxectoria marcada pola súa proximidade ao Partido Popular e por proxectos industriais fracasados e ambientalmente cuestionados, como a mina de San Finx en Lousame.

Asinado o día 06/08/2025 ás 12:39
Por Lara Méndez López

Asinado o día 06/08/2025 ás 12:39
Por Patricia Iglesias Rey

CSV: BOPGDSPG-Fy5inSceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

É fundamental garantir que calquera nova autorización eólica se realice dentro dun marco de legalidade, planificación pública, transparencia e interese xeral, afastado de prácticas de favoritismo ou trato preferente a determinados operadores.

Por outra banda, a tramitación e autorización dos parques eólicos denominados Baro e Greco, promovidos pola empresa Villar Mir Energía, esixe unha especial atención á participación da sociedade *Recursos de Galicia S.A.,* de natureza público-privada pero cunha participación maioritaria da Xunta de Galicia, que posúe o 30 % do capital social. Esta sociedade está presidida pola conselleira de Economía e Industria, o que reforza o carácter público da súa actuación, malia as afirmacións do Goberno galego que pretenden presentar a entidade como unha sociedade meramente privada.

Segundo advertiu o Consello de Contas de Galicia, *Recursos de Galicia* está suxeita a un grao de "influencia pública significativa", polo que debería transparentar a súa actividade, publicar información relativa aos acordos comerciais subscritos e render contas perante a cidadanía. Neste contexto, resulta fundamental esclarecer se se asinou algún acordo de colaboración, memorando de entendemento ou protocolo cos promotores dos parques eólicos Baro e Greco, especialmente co grupo Villar Mir, e cal foi o papel efectivo de *Recursos de Galicia* no desenvolvemento, planificación ou promoción destes proxectos.

A opacidade existente arredor destas actuacións é incompatible cos principios de boa gobernanza, publicidade e participación cidadá que deben rexer o desenvolvemento das políticas enerxéticas e a xestión do patrimonio natural e territorial galego.

Ante esta situación, as deputadas que asinan preguntan:

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2025 12:47:41
Nº Rexistro: 30548
Data envio: 06/08/2025 12:47:41.623

Grupo
Parlamentario
Socialista

Cal é a xustificación da Xunta de Galicia para autorizar no Consello da Xunta e tramitar os proxectos eólicos Baro e Greco, promovidos pola entidade Villar Mir Energía, fóra da planificación territorial vixente no Plan sectorial eólico de 1997, e con posibles acordos coa Sociedade Recursos de Galicia, na que a Xunta é socia maioritaria e preside a conselleira de Economía e Industria, sen garantir a transparencia, a información pública á cidadanía e aos concellos afectados?

Parlamento de Galicia, 5 de agosto de 2025

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2025 12:47:41
Nº Rexistro: 30548
Data envio: 06/08/2025 12:47:41.623

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Iglesias Rey na data 06/08/2025 12:39:33**

**Lara Méndez López na data 06/08/2025 12:39:46**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2025 12:47:41
Nº Rexistro: 30548
Data envio: 06/08/2025 12:47:41.623

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/08/2025 12:47:42

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2025 12:59:13
Nº Rexistro: 30558
Data envio: 06/08/2025 12:59:13.766



Por José Luis Ferro Iglesias
Asinado o día 06/08/2 12:57 Por Cristina Campero

**Á Mesa do Parlamento**

**Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Jose Luis Ferro Iglesias, Argimiro Marnotes Fernández, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en pleno.**

O novo marco orzamentario avanzado pola Unión Europea para o período 2028-2034 xera unha fonda preocupación en Galicia diante dun máis que probable recorte de financiamento para o Corredor Atlántico de Mercadorías Ferroviarias.

O que parece unha noticia inicialmente positiva como é que o Mecanismo Conectar Europa (MCE), do que se nutre esta infraestrutura, ve incrementado os seus recursos, a natureza xenérica desta dotación e que a distribución dependa da vontade do Goberno central xera moita incerteza. Nese sentido, a experiencia cos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) demostra que a centralización se traduciu nunha xestión ineficaz, con atrasos e falta de transparencia.

A preocupación agrávase pola inacción do Ministerio de Transportes, que desde 2021 non solicita fondos do MCE para mellorar o ferrocarril galego no marco do Corredor Atlántico, mentres si o fai para proxectos do Corredor Mediterráneo.

A falta de compromiso co Corredor Atlántico perpetúa a obsolescencia da rede ferroviaria galega, afectando a mobilidade da cidadanía e a competitividade das súas empresas.

A falta de compromiso vese reflectida tamén na opacidade do Plan Director do Corredor Atlántico, onde se segue sen concretar cifras e prazos, nin se reúne o anunciado grupo de traballo para o seu seguimento, como tamén xera dúbidas a propia creación do Comisionado do Corredor Atlántico que, contrariamente ao esperado, non se traduciu en ningún avance.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que valoración fai o Goberno galego en relación co probable recorte do financiamento europeo para o Corredor Atlántico de Mercadorías Ferroviarias de cara ao novo período 2028-2034?

Por Rubén Lorenzo Gómez
Asinado o día 06/08/2025 ás 12:56 Por Carmen Pomar Tojo
Asinado o día 06/08/2025 ás 12:56 Por Gonzalo Trenor López
CSV: BOPGDSPG-Fy5inseR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2025 12:59:13
Nº Rexistro: 30558
Data envío: 06/08/2025 12:59:13.766

PARLAMENTO DE GALICIA

Santiago de Compostela, 6 de agosto de 2025

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2025 12:59:13
Nº Rexistro: 30558
Data envio: 06/08/2025 12:59:13.766

**Asinado dixitalmente por:**

**Gonzalo Trenor López na data 06/08/2025 12:56:46**

**Carmen Pomar Tojo na data 06/08/2025 12:56:57**

**Cristina Campero Dorado na data 06/08/2025 12:57:12**

**María Deza Martínez na data 06/08/2025 12:57:21**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 06/08/2025 12:57:29**

**José Luis Ferro Iglesias na data 06/08/2025 12:57:43**

**Argimiro Marnotes Fernández na data 06/08/2025 12:58:00**

**Roberto Rodríguez Martínez na data 06/08/2025 12:58:16**

**Katherinie Varela Fernández na data 06/08/2025 12:58:28**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2025 12:59:13
Nº Rexistro: 30558
Data envio: 06/08/2025 12:59:13.766

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/08/2025 12:59:15

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2025 13:20:37
Nº Rexistro: 30560
Data envio: 06/08/2025 13:20:37.473

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Mercedes Queixas Zas** e **Iria Taibo Corsanego**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o dereito de acceso público á Casa Cornide da Coruña como BIC.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 4 de agosto a familia Franco comezaba, por fin, a cumprir a Lei de patrimonio cultural de Galiza a respecto do cumprimento do réxime de visitas públicas á Casa Cornide unha vez declarada BIC. Malia todo, cómpre dicir, que de forma moi restritiva, xa que só permiten o acceso de cinco persoas por quenda de visita dunha hora, o que explica que nesta altura xa resulte imposíbel dispor de cita até o mes de febreiro de 2026.

O artigo 48 da devandita lei regula as obrigas dos titulares dos bens declarados BIC á hora de facilitar as visitas públicas gratuítas nun mínimo de catro días ao mes, catro horas cada día, unha obriga que a familia do ditador leva incumprindo desde a declaración BIC en 2023.

A primeira visita institucional celebrada este 4 de agosto demostrou que a vocación e vontade de espolio é unha acción que segue a acompañar os herdeiros do ditador, pois puido comprobarse que no interior da Casa Cornide non quedan bens mobles, apenas espazos baleiros, isto é, unha nova burla á democracia e á sociedade galega.

A Casa Cornide, representación da Ilustración galega, por unha banda, e do espolio franquista pola outra, é hoxe un espazo baleiro da memoria de José Cornide, unha



Asinado o día 06/08/2025 ás 13:18
Por Iria Taibo Corsanego
Asinado o día 06/08/2025 ás 13:18
Por Mercedes Queixas Zas
CSV: BOPGDSPG-Fy5inscer-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

construción interior deturpada a respecto da orixinal e orfa de todos os bens materiais que facían parte da casa, unha circunstancia que non sorprende logo das alertas dadas pola veciñanza, con constancia fotográfica, ante a presenza de furgonetas de mudanzas que facían presaxiar a situación confirmada agora na primeira visita.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Como valora a Xunta este novo espolio da familia Franco na Casa Cornide deixándoa baleira de bens móbeis?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-Fy5inscеR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2025 13:20:37
Nº Rexistro: 30560
Data envio: 06/08/2025 13:20:37.473

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 06/08/2025 13:18:34

Iria Taibo Corsanego na data 06/08/2025 13:18:40

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2025 13:20:37
Nº Rexistro: 30560
Data envio: 06/08/2025 13:20:37.473

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/08/2025 13:20:38

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2025 09:58:41
Nº Rexistro: 30622
Data envío: 07/08/2025 09:58:41.377

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Brais Ruanova Vilas-Boas** e **Noa Presas Bergantiños**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre falla na execución e planificación dos Fondos Europeos por parte da consellería de economía e industria no exercicio 2023.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 29 de xullo de 2025 coñecíase o Informe de Fiscalización de Fondos Europeos no exercicio do ano 2023 feito polo Consello de Contas. Unha vez máis, podemos ler un informe demoledor sobre a falta de planificación e execución do goberno galego e o desaproveitamento de fondos vitais para o desenvolvemento económico e social de Galiza como son os europeos.

Este informe ten como finalidade proporcionar ao Parlamento Galego e á sociedade un informe no que se exprese o desenvolvemento da execución orzamentaria dos fondos por parte das entidades e organismos que dispoñen destes, a identificación dos Fondos Europeos percibidos polos organismos xestores e a execución dos orzamentos de ingresos, realizándose unha análise final dos diversos beneficiarios e receptores finais das distintas modalidades de Fondos Europeos identificadas.

O Consello de Contas incide en que novamente se está a producir unha eiva na execución dos fondos europeos e que existe o risco que parte destes fondos se perdan, agravándose a situación para os fondos do marco Next Generation.

No pormenorizado, hai que sinalar a falta de compromiso por parte da Consellería de Economía e Industria (na período fiscalizado aínda como Vicepresidencia 1ª e



Asinado o día 07/08/2025 ás 09:56
Por Noa Presas Bergantiños
Asinado o día 07/08/2025 ás 09:56
Por Brais Ruanova Vilas-Boas
CSV: BOPGDSPG-Fy5inscer-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2025 09:58:41
Nº Rexistro: 30622
Data envio: 07/08/2025 09:58:41.377

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Consellería de Economía, Industria e Innovación) á hora de executar os fondos como de cumprir coas obrigas recoñecidas de ditos fondos.

O sector industrial é un dos grandes beneficiarios dos fondos europeos, sexa pola súa capacidade para incidir na descarbonización como para adquirir compromisos de desenvolvemento sustentábel e xeración de emprego de calidade no noso país.

No exercicio 2023 a Consellería con competencias en materia industrial adquiriu a través de fondos europeos preto de 246,4M€ situándose como a segunda consellería en participación dos fondos europeos (só por detrás da de Medio Rural), o que suporía unha boa nova para o sector, mais cando se analizan os datos de execución tanto de obrigas recoñecidas “O” como dos pagamentos executados “P” os datos deixan en moi mal lugar a xestión que se fixo dende o executivo galego.

Atendendo a fase “O” constátase unha execución de apenas o 51,79 %, moi por embaixo da media galega do 67,83 %, e aínda máis preocupante é a situación da fase “P” con apenas un 33,94 % executado, novamente por debaixo da media (55,10 %).

Esta situación, como ven sinala o Consello de Contas demostra unha mala planificación á hora de xestionar estes recursos, co agravante de que existe o risco de poder perder parte destes fondos.

Outro dato que cabe sinalar é a porcentaxe de baixas de crédito que se produciron na consellería (103.076.126,48 €) que supón a maior baixa absoluta de crédito de tódalas consellerías, supoñendo o 22,8 % sobre o total de baixas.

Sobre as baixas tamén advirte o consello de contas, que se debe levar a cabo unha mellor planificación para evitar un volume tan elevado destas que a fin de contas perturban os datos de execución, sendo estes menores aínda.

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2025 09:58:41
Nº Rexistro: 30622
Data envío: 07/08/2025 09:58:41.377

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Polo tanto cómpre que o goberno galego abandone a política do anuncio e se poña a serio a planificar co conxunto do sector industrial o uso dos fondos europeos, que en definitiva, son tamén en segundo nivel, fondos das galegas e dos galegos.

Para termos un sector industrial con futuro, que se adapte aos cambios cómpre facer unha boa planificación e acelerar a súa execución para que este tipo de recursos teñan unha aplicación real nos sectores produtivos e na sociedade.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas pensa desenvolver o Goberno galego para reverter a baixa execución dos fondos europeos para que poidan chegar a de xeito material aos sectores produtivos e á sociedade galega?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2025 09:58:41
Nº Rexistro: 30622
Data envio: 07/08/2025 09:58:41.377

**Asinado dixitalmente por:**

**Brais Ruanova Vilas-Boas na data 07/08/2025 9:56:49**

**Noa Presas Bergantiños na data 07/08/2025 9:56:56**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2025 09:58:41
Nº Rexistro: 30622
Data envio: 07/08/2025 09:58:41.377

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/08/2025 9:58:41**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2025 10:43:04
Nº Rexistro: 30628
Data envio: 07/08/2025 10:43:04.256

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 07/08/2 10:41
Por Sonia Vidal Lama

**Á Mesa do Parlamento**

**Ariadna Fernández González, Secundino Fernández Fernández** e **Sonia Vidal Lamas**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a dermatose nodular contaxiosa.

Asinado o día 07/08/2025 ás 10:41
Por Secundino Fernández Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Dermatose Nodular Contaxiosa é unha enfermidade vírica que afecta a bovinos, causando graves perdas económicas derivadas dos seus síntomas, entre os que se atopa a hipertermia, a presenza de nódulos na pel e as mucosas, a inflamación dos nódulos linfáticos ou o edema cutáneo, entre outros. Aínda que a mortalidade non é elevada, o seu proceso, cuxa incubación previa se move nos 12 días, ten graves efectos sobre os animais, cunha afección especialmente aguda nas vacas de aptitude leiteira, que sofren un destacado descenso na súa produción. Non menos importantes, a efectos económicos, son as restricións de movementos de animais e os seus produtos que provoca a enfermidade, coa conseguinte perda indirecta engadida.

Trátase, ao igual que outras enfermidades que chegaron a Galiza na última tempada transmitidas de igual forma por vectores, dunha enfermidade de declaración obrigatoria (EDO) segundo o RD 779/2023 de xeito que, seguindo a normativa vixente, a detección de posibles focos da enfermidade se notificará de inmediato de acordo co Regulamento de Execución (UE) 2020/2002.

Asinado o día 07/08/2025 ás 10:40
Por Ariadna Fernández González

Recentemente asistimos á aparición de gromos en diversos países, afectando así mesmo á Unión Europea, con casos detectados en Italia e Francia. No primeiro caso, contabilizáronse dende xuño coa primeira diagnose positiva, 37 gromos, a meirande parte



CSV: BOPGDSPG-Fy5inscer-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2025 10:43:04
Nº Rexistro: 30628
Data envio: 07/08/2025 10:43:04.256

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

deles localizados na illa de Cerdeña; no caso de Francia, do que non se coñece a orixe polo de agora, contabilízanse 39 gromos, activándose a investigación epidemiolóxica correspondente e a vacinación de emerxencia de toda a cabana gandeira bovina. A presenza da enfermidade de xeito mais ou menos estendido no norte de Africa, engadido ás altas temperaturas que favorecen a presenza de vectores e a movementos incontrolados, coa falla de vacinas dispoñibles nestas rexións, aumentan o risco de que a enfermidade chegue ao estado español, na actualidade dende varias frontes.

É por este motivo polo que Galiza debe estar preparada para unha posible vaga de Dermatosis Nodular contaxiosa, ao concentrarse no noso país unha grande cantidade de gando vacún, con especial énfase no gando de produción de leite que, como se dixo anteriormente, resulta especialmente afectado. A chegada e afección desta enfermidade no sector gandeiro galego carrexaría consigo grandes perdas na nosa cabana gandeira, xa fortemente afectada en pasadas campañas pola EHE e na actualidade pola Lingua Azul, que deixou perdas animais e económicas de gran relevancia nas explotacións galegas, das que aínda se están a recuperar ou que, en moitos casos, aínda están padecendo.

A preocupación por parte das administracións competentes e do goberno galego a través da Consellería de Medio Rural debe ser máxima, tomando as medidas de protección cara a cabana gandeira que correspondan en aras de protexela dunha nova enfermidade vírica que traería efectos devastadores a un sector sanitariamente moi debilitado nestes momentos. Motivado polas medidas aplicadas por parte do goberno galego ao respecto da entrada de enfermidades víricas no pasado máis recente e a súa actitude pouco organizada en canto á prevención (coma por exemplo no caso da vacinación da Lingua Azul, onde imperou a desorganización e a falla de visión na súa suspensión recente coordinada co goberno central) ou no caso da EHE (a reacción foi lenta e as indemnizacións non foron equitativas e claras), dende o BNG vemos con preocupación esta nova enfermidade que se atopa na fronteira do Estado Español e

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

solicitamos que a actitude sexa responsable e eficaz para evitar erros cometidos recentemente e consecuencias que puideron ser evitadas de cara o futuro.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Prevé a Xunta de Galiza levar a cabo reunións de traballo orientadas a prepararse dende os servizos veterinarios oficiais e dende o sector gandeiro galego para unha eventual chegada da Dermatose Nodular Contaxiosa ao noso país?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2025 10:43:04
Nº Rexistro: 30628
Data envio: 07/08/2025 10:43:04.256

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 07/08/2025 10:40:54

Secundino Fernández Fernández na data 07/08/2025 10:41:02

Sonia Vidal Lamas na data 07/08/2025 10:41:10

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2025 10:43:04
Nº Rexistro: 30628
Data envio: 07/08/2025 10:43:04.256

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/08/2025 10:43:04

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2025 12:23:44
Nº Rexistro: 30647
Data envío: 07/08/2025 12:23:44.459

Asinado o día 07/08/2
12:21
Por Silvia Longueira C

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paloma Castro Rey, Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno.**

Hai uns días,  a Asociación Hispania Nostra constituída por un comité de científicos historiadores de recoñecido prestixio, e que foi creada no ano 2007 co obxectivo da defensa, conservación e mellora do patrimonio natural do Estado, publicou unha lista vermella na que fai visibles aqueles bens en risco de desaparición, destrución ou alteración esencial dos seus valores.

Asinado o día 07/08/2025 ás
12:21
Por Julio Abalde Alonso

Nesta listaxe aparecían 19 bens situados na provincia de Pontevedra:

- O hórreo do cura de Ribela, no concello da Estrada,

- A ponte Malvar, na parroquia de Cerponzóns (Pontevedra), e a casa reitoral de San Martiño de Borela (Cerdedo-Cotobade).

-Na comarca do Morrazo aparecen na lista vermella a fábrica Massó, en Cangas; a capela vella de San Xaquín na Illa de Ons; e o pazo El Real, en Moaña.

- Na do Salnés ponse o foco en construcións como a casa dos duques de Terranova e a casa Becerra, as dúas en Vilagarcía.

- E na de Caldas, a Telleira das Rañas en Catoira.

Asinado o día 07/08/2025 ás
12:20
Por Paloma Castro Rey

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2025 12:23:44
Nº Rexistro: 30647
Data envio: 07/08/2025 12:23:44.459



Desde o Grupo Socialista entendemos que o Goberno galego debe protexer os bens de interese cultural e histórico para poder preservar a nosa identidade, e polo tanto, solicitamos ao goberno que impulse, en coordinación coa Deputación de Pontevedra e os concellos onde se atopan estes bens, as medidas que permitan levar a cabo as tarefas de conservación que sexan necesarias en aras a evitar a súa desaparición.

Ante esta situación, as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Entende este goberno que ten a obriga de conservar o noso patrimonio cultural como sinal da nosa identidade galega?

Santiago de Compostela, 7 de agosto de 2025

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2025 12:23:44
Nº Rexistro: 30647
Data envío: 07/08/2025 12:23:44.459

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 07/08/2025 12:20:47**

**Julio Abalde Alonso na data 07/08/2025 12:21:00**

**Silvia Longueira Castro na data 07/08/2025 12:21:13**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2025 12:23:44
Nº Rexistro: 30647
Data envio: 07/08/2025 12:23:44.459

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/08/2025 12:23:45**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2025 13:34:51
Nº Rexistro: 30655
Data envio: 07/08/2025 13:34:51.762



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno.**

O pasado mes de xullo, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TJUE) ditou unha sentenza que avala o procedemento de consulta pública establecido pola normativa estatal española en materia de parques eólicos, desmentindo as teses da Xunta de Galicia e de varios promotores que pretendían responsabilizar ao Goberno de España das suspensións preventivas decretadas por diferentes tribunais.

Cómpre lembrar que foi o Goberno de España quen defendeu este procedemento ante as institucións europeas, e que a ministra para a Transición Ecolóxica, Teresa Ribera, amosou en todo momento disposición de colaboración institucional coa Xunta de Galicia para mellorar a planificación e garantir seguridade xurídica.

A sentenza do TJUE constitúe, por tanto, un exemplo de bo facer institucional do Executivo estatal progresista. Pola contra, non serve como escusa para xustificar a parálise de numerosos proxectos en Galicia, a maioría dos cales permanecen suspendidos por razóns estritamente ambientais, segundo as resolucións xudiciais. Entre os motivos principais atópanse a falta de adaptación do Plan Sectorial Eólico de Galicia de 1997 ás novas esixencias europeas en materia de protección de hábitats e ecosistemas, a inexistencia dunha zonificación ambiental con criterios de sensibilidade, e a falta de actualización da Rede Natura galega.

Asinado o día 07/08/2025 ás 13:32
Por Lara Méndez López

Asinado o día 07/08/2025 ás 13:32
Por Patricia Iglesias Rey

CSV: BOPGDSPG-Fy5inscer-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2025 13:34:51
Nº Rexistro: 30655
Data envio: 07/08/2025 13:34:51.762

Mentres outras comunidades autónomas como Aragón, Castela e León ou a Comunidade Valenciana adaptaron os seus plans eólicos aos criterios establecidos polo MITECO en 2021, a Xunta de Galicia mantivo un modelo obsoleto e sen base territorial, outorgando autorizacións ambientais favorables en zonas non aptas ambientalmente segundo os estándares comunitarios.

A isto súmase a situación crítica que atravesan numerosos proxectos renovables en Galicia debido á incerteza sobre o cumprimento dos fitos para acceder ao punto de conexión á rede eléctrica.

O Goberno de España vén de aprobar o Real decreto-lei 7/2025, do 24 de xuño polo que se aproban medidas urxentes para o reforzo do sistema eléctrico, publicado no Boletín Oficial do Estado número 152, do 25 de xuño de 2025, que inclúe medidas extraordinarias para evitar un "apagón renovable" e prorrogar os prazos para que os proxectos poidan cumprir cos fitos esixidos e garantir a súa viabilidade. O voto en contra do Partido Popular e do BNG a este decreto, tanto no Congreso como na súa campaña pública, supón un risco real para o desenvolvemento eólico galego, pon en risco millóns de euros de investimento e a creación de empregos, ao que a Xunta de Galicia debería responder con responsabilidade e lealdade institucional.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan preguntan:

Vai a Xunta de Galicia apoiar de forma explícita o Real decreto-lei 7/2025, do 24 de xuño aprobado polo Goberno de España, que busca evitar un "apagón renovable" e garantir a viabilidade dos proxectos eólicos que non puideron cumprir os fitos polos retrasos administrativos?

Parlamento de Galicia, 7 de agosto de 2025

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2025 13:34:51
Nº Rexistro: 30655
Data envio: 07/08/2025 13:34:51.762

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Iglesias Rey na data 07/08/2025 13:32:28**

**Lara Méndez López na data 07/08/2025 13:32:37**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2025 13:34:51
Nº Rexistro: 30655
Data envio: 07/08/2025 13:34:51.762

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/08/2025 13:34:52

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 10:04:44
Nº Rexistro: 30675
Data envio: 08/08/2025 10:04:44.367

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 08/08/2
10:02
Por Noa Presas Berg

## Á Mesa do Parlamento

**Brais Ruanova Vilas-Boas, Ramón Fernández Alfonzo** e **Noa Presas Bergantiños**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as accións que debe tomar o goberno galego verbo da disolución da Sociedade Impulsa Galicia.

Asinado o día 08/08/2025 ás
10:02
Por Ramón Fernández Alfonzo

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 7 de xullo de 2025 viuse de coñecer a través dos medios de comunicación a nova da disolución da sociedade Impulsa Galicia.

Esta sociedade estivo dende o momento da súa creación no foco do Consello de Contas, onde en sucesivos informes recomendouse a súa fiscalización por parte deste organismo en base á elevada participación pública e ao control efectivo do seu consello de administración por parte da Xunta de Galiza.

Así e todo, ante cada demanda por parte do BNG de transparentar a actividade de Impulsa, o executivo galego negouse reiteradamente a proporcionar ningunha información ao respecto da actividade desta sociedade, así como de aceptar ditas recomendacións do Consello de Contas.

Asinado o día 08/08/2025 ás
10:02
Por Brais Ruanova Vilas-Boas

A nova da disolución de Impulsa mostra o fracaso absoluto da política en materia de economía e industria do Partido Popular, pois unha sociedade fundada (de xeito clandestino) para atraer financiamento dos fondos Next Generation, non conseguiu o seu obxectivo.

CSV: BOPGDSPG-Fy5inscer-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Tampouco se xeraron os milleiros de empregos que se foron prometendo reiteradamente dende o goberno galego e, en definitiva, os dous aspectos máis salientables nos que avanzou esta sociedade son a creación de RDG e o proxecto, amplamente rexeitado pola sociedade galega, da megacelulosa de Altri na Ulloa.

A creación de RDG, xunto coa aprobación da lei de recursos, supuxo a privatización da xestión e da toma de decisións sobre o planeamento en materia de uso dos recursos naturais de Galiza. Tamén sobre esta sociedade ten incidido o Consello de Contas pedindo tomar medidas para poder exercer a súa fiscalización.

No en tanto, é curioso que a disolución da sociedade Impulsa veña acompañada dunha nota de prensa da propia sociedade na que se celebran os "logros" e "obxectivos cumpridos" por parte da mesma, que contrasta frontalmente coa realidade de milleiros de empregos que nunca se crearon e un desastroso acceso a fondos Next Generation dos proxectos avalados por Impulsa.

Así e todo, cómpre, unha vez materializada esa disolución, que o Goberno Galego sexa totalmente transparente na recuperación do capital depositado nesta sociedade, así como de garantir que os acordos segredos entre o executivo (a través de Impulsa) e Altri poidan ser coñecidos polo conxunto da sociedade galega.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Pensa o Goberno galego dar conta de todos os procedementos para recuperar o capital público depositado en Impulsa así como facer público o informe coa pasteira de Altri?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-Fy5inscerR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 10:04:44
Nº Rexistro: 30675
Data envio: 08/08/2025 10:04:44.367

**Asinado dixitalmente por:**

**Brais Ruanova Vilas-Boas na data 08/08/2025 10:02:21**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 08/08/2025 10:02:28**

**Noa Presas Bergantiños na data 08/08/2025 10:02:34**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 10:04:44
Nº Rexistro: 30675
Data envio: 08/08/2025 10:04:44.367

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/08/2025 10:04:44**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 10:39:27
Nº Rexistro: 30691
Data envio: 08/08/2025 10:39:27.238

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Cristina Fernández Davila** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a ausencia total de especialistas pediátricos nos Centros de Saúde da comarca do Condado-Paradanta.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de xullo debatiamos, na Comisión 5ª de Sanidade, unha PNL presentada polo BNG para revertir a situación sanitaria de milleiros de nenos, nenas e adolescentes que carecían de atención pediátrica nos seus centros de saúde na Comarca do Condado-Paradanta. O PP votou en contra de cubrir as vacantes e tamén de proceder á substitución das pediatras que estaban de baixa laboral, vacacións ou permiso, polo tanto esta proposta foi rexeitada.

Naquel intre, para 9 concellos afectados había tan só dous pediatras en Ponteareas e unha en Salvaterra de Miño, a punto de coller as súas vacacións.

Apenas tres semanas despóis o último pediatra que había en Ponteareas colleu a baixa laboral a comezos desta mesma semana e non quedan pediatras que atendan ás menores de 14 anos nun territorio con tanta poboación infantil como é esta comarca do sur de Pontevedra.

A estratexia da Xunta de Galiza foi clara e directa. Primeiro, en cada centro de saúde desviaban as consultas pediátricas a Ponteareas, pero agora as familias deben desprazarse coas crianzas, 50 kms. en moitos casos, ata o Hospital de referencia Álvaro Cunqueiro para calquera consulta por enfermidade, quedando pendentes outras revisións pediátricas ou vacinas, nunha etapa que é fundamental para o desenvolvemento físico e psíquico das máis pequenas/os.

Asinado o día 08/08/2025 ás 10:37
Por María Montserrat Prado Cores

Asinado o día 08/08/2025 ás 10:37
Por Cristina Fernández Davila

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Esta situación é insostible, estase vulnerando un dereito básico da veciñanza de Ponteareas e a súa Comarca, o Condado-Pardanta, que é unha atención sanitaria de calidade e próxima á poboación. Paulatinamente, ano a ano, este dereito foi sendo eliminado e dende a pandemia quedou limitado a consultas unhas horas, uns días á semana, compartindo así un pediatra para varios concellos como eran as seguintes agrupacións:

- Mondariz, Mondariz Balneario e Covelo.

- A Caniza e Crecente

- As Neves e Arbo

Pero cada vez que collían baixa por enfermidade ou maternidade (como en Mondariz e A Caniza) e vacacións, este servizo desaparecía, colgaban o cartel de "HOXE NON HAI PEDIATRA" e as doenzas eran consultadas polos 2 pediatras de Ponteareas, e se era de importancia directamente atendían á cativa/o nas urxencias hospitalarias.

Como xa defendeu o BNG o pasado 10 de xullo, era inevitable que coa inacción do Sergas, chegaramos ao momento actual en que non se conta con ningún pediatra para a atención infantil.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai tomar a Consellería de Sanidade, a través do Sergas, para dotar todos os centros de saúde dos municipios da comarca do Condado-Paradanta do persoal de Pediatría necesario para prestar unha atención sanitaria de boa calidade á poboación menor de 14 anos na Comarca??

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-Fy5inscеR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 10:39:27
Nº Rexistro: 30691
Data envio: 08/08/2025 10:39:27.238

**Asinado dixitalmente por:**

**Cristina Fernández Davila na data 08/08/2025 10:37:04**

**María Montserrat Prado Cores na data 08/08/2025 10:37:12**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 10:39:27
Nº Rexistro: 30691
Data envio: 08/08/2025 10:39:27.238

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/08/2025 10:39:27**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 10:54:42
Nº Rexistro: 30693
Data envío: 08/08/2025 10:54:42.906

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

**Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Paula Mouzo Mas, María Deza Martínez, Jesús María Fernández Rosende, María Dolores Hermelo Piñeiro, María Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**

O sector pesqueiro constitúe un piar esencial tanto desde o punto de vista económico como social e ambiental. Galicia conta cunha das maiores frotas pesqueiras da Unión Europea e lidera, en moitos ámbitos, a transformación do sector cara a unha pesca máis sostible, innovadora e resiliente.

Nos últimos anos, o sector afrontou importantes retos: a necesidade de substitución xeracional, a adaptación a novos estándares ambientais, a transformación tecnolóxica da frota, o encarecemento dos custos operativos, o impacto do Brexit e a competencia internacional. Todos estes desafíos requiren do apoio decidido dos instrumentos europeos de financiamento, como o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) cunha dotación orzamentaria suficiente.

O 16 de xullo de 2025, a Comisión Europea adoptou unha proposta para o próximo marco financeiro plurianual (MFP) para o período 2028-2034. Este inclúe o apoio á aplicación da Política Pesqueira Común, ao Pacto Europeo para os Océanos e á política marítima e acuícola da Unión, diluída no marco do Fondo de Asociación Nacional e Rexional.

Neste senso resultan fondamente preocupantes as noticias recentemente coñecidas sobre a intención de propoñer un recorte aparente do 67% nos fondos destinados ao sector pesqueiro no próximo marco orzamentario. Esta redución, de confirmarse, comprometería gravemente a viabilidade da adaptación de moitas explotacións pesqueiras e das comunidades que dependen directa ou indirectamente desta actividade. Ademais, supoñería un retroceso na capacidade de adecuación e consecución dos obxectivos comúns en materia de sustentabilidade, competitividade e seguridade alimentaria.

Neste contexto, resulta urxente que as distintas administracións e, particularmente o Goberno de España -na súa condición de interlocutor directo coa Unión Europea- adopten unha posición clara, firme e proactiva para defender os intereses do sector pesqueiro no proceso de negociación do novo marco financeiro europeo. Esta ademais non é unha demanda política ou partidista, senón unha reivindicación liderada polo

Por Dolores Hermelo Piñeiro
Rosende
Asinado o día 08/08/2 10:47 Por Paula Mouzo Mas
Asinado o día 08/08/2025 ás 10:47 Por Patricia García González
Asinado o día 08/08/2025 ás 10:47 Por Miguel Fidalgo Iglesias
CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 10:54:42
Nº Rexistro: 30693
Data envío: 08/08/2025 10:54:42.906

propio sector tal e como se evidenciou na última reunión do Consello Galego de Pesca reunido o 6 de agosto.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia ante o posible recorte de fondos europeos pesqueiros previsto na proposta de Marco Financeiro Plurianual 2028-2034?

Santiago de Compostela, 8 de agosto de 2025

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**Miguel Fidalgo Iglesias na data 08/08/2025 10:47:38**
**Patricia García González na data 08/08/2025 10:47:50**
**Paula Mouzo Mas na data 08/08/2025 10:47:59**
**María Deza Martínez na data 08/08/2025 10:48:08**
**Jesús María Fernández Rosende na data 08/08/2025 10:48:23**
**Dolores Hermelo Piñeiro na data 08/08/2025 10:49:19**
**Maria Magdalena Perez Millares na data 08/08/2025 10:50:32**
**Raúl Santamaría González na data 08/08/2025 10:50:59**
**Manuel Santos Costa na data 08/08/2025 10:51:14**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/08/2025 10:54:43**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 11:58:44
Nº Rexistro: 30696
Data envio: 08/08/2025 11:58:44.233

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Julio Ernesto Abalde Alonso** e **Carlos López Font**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

As confrarías de pescadores son corporacións de Dereito Público que actúan como órganos de consulta e colaboración coa Administración sobre temas de interese xeral e referentes á actividade extractiva pesqueira e a súa comercialización, especialmente nos sectores artesanal e de baixura.

Estas entidades públicas sen ánimo de lucro levan pedindo, dende que España entrou na UE, que, por parte de Bruxelas, se recoñeza a figura das confrarías de pescadores e poidan optar, por tanto, aos fondos estruturais como o antigo FEMP e o actual FEMPA. Piden basicamente que se equiparen as confrarías de pescadores ás organizacións de produtos pesqueiros.

É preciso un traballo conxunto das administracións de cara a que as institución comunitarias recoñezan a labor dos pósitos na xestión pesqueira, que logren o pleno recoñecemento dentro da Política Pesqueira Común e poder optar aos fondos estruturais da UE.

En Galicia contamos na actualidade con 63 confrarías de pescadores que ademais da importante labor no eido da xestión pesqueira, da produción e da comercialización levan a cabo un traballo fundamental no eido da responsabilidade social.

Asinado o día 08/08/2025 ás 11:33
Por Carlos López Font

Asinado o día 08/08/2025 ás 11:33
Por Julio Abalde Alonso

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 11:58:44
Nº Rexistro: 30696
Data envio: 08/08/2025 11:58:44.233



Por iso, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera a Xunta de Galicia que a UE debe de recoñecer a figura das confrarías de pescadores e poder optar así aos fondos estruturais dela?

Santiago de Compostela, 8 de agosto de 2025

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 11:58:44
Nº Rexistro: 30696
Data envio: 08/08/2025 11:58:44.233

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Abalde Alonso na data 08/08/2025 11:33:41**

**Carlos López Font na data 08/08/2025 11:33:51**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/08/2025 11:58:44**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 12:00:38
Nº Rexistro: 30698
Data envío: 08/08/2025 12:00:38.792

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Julio Ernesto Abalde Alonso** e **Carlos López Font**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa  a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Xa no ano 2014 o director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica comparecía nesta Cámara para dar conta das accións previstas por parte da Consellería en materia de xestión pesqueira. Xa daquela falaba de revisar o Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos e útiles para a extracción de recursos mariños por tratarse dun Decreto “moi ríxido” e que era precisa unha ferramenta máis flexible para acadar maiores niveis de sustentabilidade.

No ano 2016 a por aquela entón conselleira do Mar dicía que actualizaría o Decreto de artes de pesca e marisqueo para adaptalo ás necesidades e realidades da evolución do sector. Continuaba explicando que se faría atendendo ao diálogo co sector coa finalidade de obter o benestar social do sector e, ao mesmo tempo, de manter a explotación sostible dos recursos mariños.

Pois ben, todo isto a día de hoxe, non é un realidade, xa que o Decreto de artes de pesca que está en vigor é o do ano 2011.

É preciso actualizar a normativa marítimo-pesqueiro e tamén é preciso, como reclama o propio sector, adoptar a normativa á realidade. É preciso modificar este Decreto para actualizar a norma e adaptala ás evolucións.

Asinado o día 08/08/2025 ás 11:34
Por Carlos López Font

Asinado o día 08/08/2025 ás 11:34
Por Julio Abalde Alonso

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 12:00:38
Nº Rexistro: 30698
Data envio: 08/08/2025 12:00:38.792



Por todo o anteriormente exposto, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

En que fase se atopa a renovación e modificación do obsoleto Decreto polo que se regulan as artes, aparellos e útiles para a extracción de recursos mariños?

Santiago de Compostela, 8 de agosto de 2025

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 12:00:38
Nº Rexistro: 30698
Data envío: 08/08/2025 12:00:38.792

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Abalde Alonso na data 08/08/2025 11:34:09**

**Carlos López Font na data 08/08/2025 11:34:19**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 12:00:38
Nº Rexistro: 30698
Data envio: 08/08/2025 12:00:38.792

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/08/2025 12:00:40**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 12:01:55
Nº Rexistro: 30700
Data envío: 08/08/2025 12:01:55.283

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Julio Ernesto Abalde Alonso** e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

Os programas de madrugadores escolares, servizos aula matinal ou almorzo, segundo as diferentes denominacións que se veñen empregando, son servizos de asistencia, conciliación da vida laboral e familiar e apoio á escolarización que xa existen en moitos centros educativos públicos da nosa Comunidade Autónoma.

Na actualidade, a Xunta de Galicia e os regulamentos en materia de servizos complementarios educativos só recoñecen como tales servizos os de comedor escolar e transporte público escolar. Estes servizos de apoio á escolarización, que se desenvolveron na súa orixe como servizos de apoio á poboación rural, deben asumir a realidade dos tempos actuais e definirse como servizos esenciais de apoio á conciliación familiar e laboral universalizando a súa existencia en todos os centros de ensino públicos da comunidade, como xa se está facendo coas actividades extraescolares e de reforzo, que serán financiadas pola Xunta de Galicia.

O Goberno de España lanzou o III Plan Estratéxico para a Igualdade Efectiva entre Homes e Mulleres 2022-2025, do cal o seu segundo eixo de traballo, e que cómpre lembrar concentra o 91 % dos recursos económicos do programa e se centra na implementación de medidas para o emprego digno e a redución da quebra salarial e das pensións, así como da corresponsabilidade nos coidados.

Que haxa escolas infantís de 0 a 3 anos e políticas públicas de conciliación como o Plan Corresponsables, que permitan que as mulleres, que son as que maioritariamente asumen esas tarefas de coidados, poidan exercer todos e cada

Asinado o día 08/08/2025 ás 11:36
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 08/08/2025 ás 11:36
Por Julio Abalde Alonso

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

un dos seus dereitos e non soamente poder conciliar a vida laboral coa vida familiar, senón tamén a vida persoal. En definitiva o apoio ás familias e ás mulleres dáse a través da provisión de servizos públicos que permitan o acceso ao traballo.

O artigo 80 da LOE dispón a habilitación competencial que insta ás comunidades autónomas a realizar as políticas de compensación en prol da igualdade de oportunidades. Así mesmo, o artigo 112.5 dispón que as administracións educativas potenciarán que os centros públicos poidan ofrecer actividades e servizos complementarios co fin de favorecer que amplíen a súa oferta educativa para atender as novas demandas sociais.

No Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación, declárase que: "*o disposto no devandito decreto para os comedores escolares, é plenamente aplicable, polas razóns xa expostas, aos servizos de madrugadores e de aula matinal*".

Estes servicios existentes na noso comunidade son xeralmente xestionados polas ANPA e/ou os concellos, sen a supervisión, implicación e apoio da Consellería de Educación e nunha situación precaria ao non estar recoñecidos dentro da propia normativa regulamentaria da Xunta de Galicia, o cal implica unha precarización maior aínda, dende o punto de vista dos espazos de servizo, que os propios dos servizos de comedor escolar.

Esta situación agrávase polo feito de que os concellos non dispoñen de competencias nin recursos para manter estes servicios complementarios que son fundamentais para posibilitar a conciliación e facer fronte ao reto demográfico, sobre todo en aqueles concellos con un número importante de nenos e nenas, como é o caso de Narón, concello para o que é un gran problema que o

CSV: BOPGDSPG-Fy5inSceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 12:01:55
Nº Rexistro: 30700
Data envio: 08/08/2025 12:01:55.283



"programa de madrugadores" continúe a depender das asociacións de nais e pais de alumnas/os, sendo un servizo imprescindible para moitas familias, e correse un grave risco de non poder mantelo nas actuais condicións no vindeiro curso. O concello non poden facerse cargo deste servizo por non ser competentes e non poder exercer novas competencias ou servizos en cumprimento da lexislación de estabilidade orzamentaria.

Igualmente, a Fegamp indica que os programas de madrugadores están incorporados dentro dos traballos da comisión técnica da delimitación de competencias local e autonómica, que debe reunirse con urxencia unha vez constituído o novo goberno galego, para estudiar aquelas competencias que teñen que ser asumidas pola Xunta de Galicia, sendo esta unha das competencias propias da Administración educativa autonómica.

Finalmente, o citado decreto da Consellería de Educación dispón na súa disposición adicional terceira: "Asunción progresiva pola consellería con competencias en materia de educación da xestión."

Por todo isto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Contemplan declarar servizo educativo complementario os programas de madrugadores escolares, servizos de aula matinal e almorzo?

Santiago de Compostela, 8 de agosto de 2025

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 12:01:55
Nº Rexistro: 30700
Data envio: 08/08/2025 12:01:55.283

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Abalde Alonso na data 08/08/2025 11:36:26**

**Silvia Longueira Castro na data 08/08/2025 11:36:38**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 12:01:55
Nº Rexistro: 30700
Data envío: 08/08/2025 12:01:55.283

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/08/2025 12:01:55

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Julio Ernesto Abalde Alonso** e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

A educación concertada na nosa comunidade ten alcanzado un importante protagonismo no sistema educativo galego sostido con fondos públicos. De feito o alumnado que realiza os seus estudos de educación obrigatoria en centros privados sostidos con fondos públicos representa no curso 2022/2023, segundo datos da Xunta de Galicia, mais do 27 % do total de alumnado de educación infantil, primaria e secundaria, e o 21 % do alumnado de ciclos formativos de FP.

O ESADE vén de publicar un informe titulado “El coste de acceso a la escuela concertada en España: las cuotas que pagan las familias y sus causas” (https://www.esade.edu/ecpol/es/publicaciones/cuotas-escuela-concertada/), no que aborda a situación de aportación de cotas “voluntarias” das familias en estes centros concertados, a pesar de dispoñer dunha financiación pública que debería de abarcar todo o custe da formación recibida.

Aínda que o informe non inclúe Galicia, ao centrarse nas comunidades autónomas con maior presenza da ensinanza concertada, é dicir, Andalucía, Cataluña, Madrid, Comunidade Valenciana e País Vasco, a publicación contén afirmacións moi relevantes e que poden claramente ser de aplicación en Galicia:

- A día de hoxe non hai gratuidade universal para acceder á escola concertada.

Asinado o día 08/08/2025 ás 11:37
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 08/08/2025 ás 11:37
Por Julio Abalde Alonso

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- O anterior explícase polo sistema de financiamento e unha regulación máis laxa dos seus servizos, o que incentiva o cobro de cotas voluntarias na teoría pero habituais na práctica.
- Facilítase un sistema de selección social para familias de maior renda a cambio de un copago.
- Os centros concertados escolarizan un alumnado cun nivel socioeconómico máis alto e escolarizan en moi menor medida alumnado inmigrante o que aumenta a segregación escolar.

Polos datos do estudo, entre o 81 % e o 95 % do alumnado, segundo nivel educativo, realiza achegas aos centros, que poden alcanzar entre 680 e 860 € por curso, incluíndo os casos en que non se realizan achegas.

O informe inclúe tamén unha serie de medidas para garantir que a dobre rede, pública e concertada, non se converta nun factor de segregación escolar e de desigualdade, e asegurar a gratuidade do acceso á educación sostida con fondos públicos. Entre as medidas propostas están:

- Auditar os gastos non concertados, así como as cotas dos centros que están prestando servizos non concertados e que se financian a través das cotas das familias.
- Desenvolver mecanismos e incentivos para rematar co sistema de concertos plenos nos centros claramente sobrefinanciados e cuxas cotas son claramente elevadas, situándose notablemente por enriba dos gastos non concertados no seu balance económico.
- Supervisar o custe do comedor escolar nos centros concertados e equiparalo cos costes dos centros públicos, para evitar que se converta nunha fonte indirecta de financiación dos centros.
- Regular as achegas das familias en concepto de actividades complementarias e outros servizos como o transporte, e establecer umbrais idénticos para centros públicos e concertados.

CSV: BOPGDSPG-Fy5inscеR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

É importante sinalar que este informe ten provocado unha certa reacción por parte das patronais dos centros concertados e contestada polo propio ESADE cun documento que se atopa na mesma web do informe.

Dende o Grupo Parlamentario dos Socialistas nin dende o PSdeG non cuestionamos á existencia da ensinanza concertada, pero si a posible existencia de mecanismos que fagan que non sexa totalmente gratuíta e que, polo tanto, non sexa universalmente accesible. A única forma de comprobar que non existen prácticas non desexables atribuíbles aos centros concertados é analizar e coñecer o que está a ocorrer na rede de centros concertado de Galicia.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Existe por parte da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional algún tipo de control sobre percepción de cantidades de achega voluntaria por parte dos centros de educación en réxime de concerto?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2025

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 12:03:00
Nº Rexistro: 30702
Data envío: 08/08/2025 12:03:00.990

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Abalde Alonso na data 08/08/2025 11:37:23**

**Silvia Longueira Castro na data 08/08/2025 11:37:32**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 12:03:00
Nº Rexistro: 30702
Data envio: 08/08/2025 12:03:00.990

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/08/2025 12:03:01**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 08/08/2 11:38
Por Carlos López Fon

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Julio Ernesto Abalde Alonso, Silvia Longueira Castro** e **Carlos López Font**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A mediados de xuño os representantes dos mariscadores da ría do Burgo realizaron unha convocatoria de xuntanza cos representantes da Xunta de Galicia e da Delegación do Goberno do Estado. Por parte da Delegación do Goberno asistiu a secretaria xeral da Subdelegación e o responsable de Costas; o Goberno galego non enviou ningún representante, a pesar de que estaba confirmada a súa presenza.

Asinado o día 08/08/2025 ás 11:38
Por Silvia Longueira Castro

A Xunta de Galicia ten as competencias exclusivas en marisqueo e, por este motivo, debe achegar algún tipo de solución ás persoas traballadoras do sector marisqueira da ría do Burgo. O Goberno galego alega que o Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico (MITECO) é o responsable destas novas axudas, xa que é o Informe de Impacto Ambiental do proxecto o que afirma que non se poderá mariscar na ría do Burgo entre 18 e 24 meses.

A realidade é que a día de hoxe as familias (74 - 78) que viven da ría do Burgo se atopan nunha situación límite, sen poder traballar e sen ningunha solución por parte de ningunha das administracións implicadas. A Administración galega é a que, en primeiro, lugar debe velar polos recursos marisqueiros e polos intereses das persoas traballadoras das rías, recabando a colaboración do Goberno do Estado para que as axudas sexan unha realidade.

Asinado o día 08/08/2025 ás 11:38
Por Julio Abalde Alonso

No ano 2018 este proxecto formúlase como unha execución compartida entre ambas administracións. A Xunta de Galicia renuncia a participar e o proxecto é

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 12:03:59
Nº Rexistro: 30704
Data envio: 08/08/2025 12:03:59.589

realizado e financiado na súa totalidade polo Ministerio, cun coste total de máis de 36 millóns de euros. Unha vez que o proxecto está executado e recepcionado, parece razoable establecer un mecanismo de compromiso compartido, baixo o liderado da Xunta de Galicia, para facer fronte ao período de paralización ata que os bancos sexan produtivos e se podan cubrir as necesidades do colectivo das mariscadoras ata que o banco volva a ser produtivo.

En declaracións públicas, o Goberno do Estado manifesta a súa predisposición para establecer un marco de acordo xusto, suficiente e que dea resposta e non deixe desamparado ao colectivo mais vulnerable: os mariscadores e mariscadoras. Pero é necesario que a Xunta de Galicia faga fronte as súas responsabilidades como administración competente e traballe para dar unha resposta conxunta e razoable a esta xusta demanda.

Polo anteriormente exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Como pensa facer realidade as competencias en marisqueo da Xunta de Galicia na ría do Burgo e protexer aos mariscadores e ás mariscadoras?

Santiago de Compostela, 8 de agosto de 2025

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 08/08/2025 11:38:29

Silvia Longueira Castro na data 08/08/2025 11:38:39

Carlos López Font na data 08/08/2025 11:38:52

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 12:03:59
Nº Rexistro: 30704
Data envio: 08/08/2025 12:03:59.589

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/08/2025 12:04:00**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 12:05:11
Nº Rexistro: 30706
Data envio: 08/08/2025 12:05:11.557

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Julio Ernesto Abalde Alonso** e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

Rematado o curso escolar 2023-2024 e a planificación do curso 2024-2025 é hora de facer valoración e unha avaliación das medidas que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP de da Xunta de Galicia levou a prol do ensino público de calidade nos distintos concellos de Galicia. Os gobernos locais teñen unhas cargas económicas asumindo funcións que non lle corresponden; familias teñen unha cargas polos costes da educación obrigatoria, en moitos casos sen transporte para que os seus fillos e fillas teñan unha formación profesional básica; as infraestruturas dos colexios e institutos non adaptados e modernizados de acordos coas condicións e servizos actuais da actividades académica; colexios do rural cada curso con menos prazas que deixan fora dos centros dos pequenos concellos fora ou en lista de agarda ata que comeza o novo curso, menos unidades e docentes e menos recursos.

Numerosos concellos teñen que asumir competencias propias da Administración autonómica. Estamos nunha constante loita entre as competencias da administración local e autonómica, cada vez que teñen que asumir gastos nos centros escolares que non son de mantemento senón de inversión. Pero neste fogo cruzado sempre perden os centros escolares e polo tanto as nosas nenas e nenos, sobre todo nos pequenos concellos que non teñen capacidade de compensar a falta de actuación da Consellería. É preciso que a Consellería de Educación asuma dunha vez por todas as súas responsabilidades.

Asinado o día 08/08/2025 ás 11:39
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 08/08/2025 ás 11:39
Por Julio Abalde Alonso

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O transporte escolar é deficiente para alumnado de ensinanzas en Bacharelato e de Formación Profesional, sobre todo no ámbito rural, onde moitas das familias teñen que afrontar o gasto do transporte ou mesmo son as familias quen se fan cargo do traslado dos seus fillos e fillas aos institutos e centros de formación profesional.

Por outra banda é necesaria tamén unha inversión en recursos humanos e en profesorado tanto en docentes en xeral como en profesionais especialistas ( Pedagoxía Terapéutica, Audición e Linguaxe, orientación, etc…). Tal como o manifestan os propios centros e as familias do noso concello, cada curso suprímese profesorado especialista e de apoio a alumnado con necesidades educativas especiais, sobre todo nos colexios rurais, onde ano tras ano estamos diante de situación de solicitudes de escolarización non atendidas.

Todas estas situacións non garanten unha educación pública de calidade sobre todo nas zonas do rural pero que se están estendendo ás cidades. Os continuos recortes e disfuncións na educación pública do noso país están a xerar un incremento da desigualdade social e constitúen unha perda irreparable da igualdade de oportunidades, empeorando as condicións nas que se exerce o dereito á educación.

Polo exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten a Consellería unha planificación das inversións previstas nos centros de educación da Comunidade Autónoma?

Santiago de Compostela, 8 de agosto de 2025

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 12:05:11
Nº Rexistro: 30706
Data envio: 08/08/2025 12:05:11.557

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Abalde Alonso na data 08/08/2025 11:39:29**

**Silvia Longueira Castro na data 08/08/2025 11:39:41**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 12:05:11
Nº Rexistro: 30706
Data envio: 08/08/2025 12:05:11.557

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/08/2025 12:05:12**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 08/08/2 11:41
Por Lara Méndez Lóp

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Julio Ernesto Abalde Alonso, Silvia Longueira Castro** e **Lara Méndez López**, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario do Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O futuro Edificio de Investigación en Industria Intelixente (EI3) de Ferrol, promovido pola Universidade da Coruña (UDC), é un proxecto de gran relevancia para o desenvolvemento económico, tecnolóxico e educativo da cidade de Ferrol e a súa comarca.

Asinado o día 08/08/2025 ás 11:40
Por Silvia Longueira Castro

Este centro, que se situará nunha parcela propiedade da UDC de 1.400 metros cadrados na avenida de Esteiro, estará destinado a converterse nun referente no ámbito da industria intelixente. O EI3 integrará áreas de investigación clave como robótica industrial, materiais, optimización de procesos industriais, enxeñería naval e offshore, xestión industrial e deseño e desenvolvemento de produto.

O EI3 proxéctase como un polo de innovación ao servizo de proxectos estratéxicos de enxeñería, innovación e deseño. A infraestrutura proposta terá laboratorios avanzados, servizos administrativos, un auditorio, un museo científico interactivo e espazos de coworking. Estes espazos facilitarán a colaboración entre investigadores, profesionais e empresas tecnolóxicas, promovendo un ecosistema de innovación e desenvolvemento, é dicir, é máis que un edificio educativo ou de investigación.

Asinado o día 08/08/2025 ás 11:40
Por Julio Abalde Alonso

A construción do EI3 representa un investimento significativo no futuro de Ferrol e a súa comarca, prevese a xeración de emprego de alta cualificación, a atracción de talento nacional e internacional e o fortalecemento do tecido

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 12:06:24
Nº Rexistro: 30708
Data envio: 08/08/2025 12:06:24.989

empresarial local. Así mesmo, a especialización do campus universitario de Ferrol como Campus Industrial demostrou ser un motor de crecemento, cun aumento do número de estudantes, reflectindo o potencial de crecemento e o fortalecemento da oferta educativa e de investigación e transferencia na comarca.

Na actualidade o proxecto arquitectónico xa está redactado e entregado. Esta infraestrutura está incluída no Plan de Infraestruturas Universitarias Singulares da Xunta de Galicia que ten unha importante infrafinanción e, para levar a cabo a construción do centro, requírese un esforzo financeiro considerable, que a UDC en solitario non pode asumir, e unha planificación plurianual que garanta a súa viabilidade e finalización.

O EI3 non só beneficiará á comunidade académica, senón que tamén terá un impacto directo na comunidade da comarca. Esta infraestrutura establecería sinerxías co CMI Navantia-UDC e o Centro de excelencia de Construción Naval de Navantia e colaboraría co Centro de Excelencia do Xemelgo Dixital do CIS. O centro ofrecerá formación especializada en industria intelixente, creando oportunidades para a capacitación e o desenvolvemento profesional dos cidadáns de Ferrol e os seus arredores.

Ademais, o centro fomentará o desenvolvemento de proxectos de investigación e emprendemento, contribuíndo á creación de novas empresas e ao fortalecemento do tecido industrial local, xa que o EI3 disporía dunha oficina de apoio ao emprendemento e fortalecemento do tecido industrial local, xa que o EI3 disporía dunha oficina de apoio ao emprendemento e comercialización de resultados de investigación así como un espazo para viveiro e incubación de “spinoffs” e “ statups” de base tecnolóxica que permitiría incrementar o tecido empresarial da comarca.“

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 12:06:24
Nº Rexistro: 30708
Data envio: 08/08/2025 12:06:24.989



O Edificio de Investigación en Industria Intelixente (EI3) é un proxecto estratéxico para Ferrol e a súa  comarca que pode transformar a cidade nun hub de innovación e desenvolvemento tecnolóxico.  O financiamento e o apoio institucional son cruciais para garantir a súa realización e éxito que será o de Ferrol e a súa comarca.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Pensa a Xunta de Galicia que a comarca de Ferrol precisa dun centro de investigación, innovación e emprendemento que facilite o futuro industrial e innovador de Ferrol e a súa comarca?

Santiago de Compostela, 8 de agosto de 2025

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Abalde Alonso na data 08/08/2025 11:40:36**

**Silvia Longueira Castro na data 08/08/2025 11:40:50**

**Lara Méndez López na data 08/08/2025 11:41:02**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 12:06:24
Nº Rexistro: 30708
Data envio: 08/08/2025 12:06:24.989

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/08/2025 12:06:25**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 12:07:28
Nº Rexistro: 30710
Data envío: 08/08/2025 12:07:28.303

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 08/08/2
11:42
Por Lara Méndez Lóp

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Julio Ernesto Abalde Alonso**, **Silvia Longueira Castro** e **Lara Méndez López**, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Cidade das TIC é un proxecto de desenvolvemento dun polo de innovación tecnolóxico no sector das tecnoloxías emerxentes, como son a IA, o BigData, a robótica, etc, nas instalacións da antiga Fábrica de Armas, cedido o seu uso polo Ministerio de Defensa, impulsado pola Universidade da Coruña coa colaboración da Xunta de Galicia, o Concello e a Deputación da Coruña e o sector empresarial, representado polo ClusterTic de Galicia.

Asinado o día 08/08/2025 ás
11:42
Por Silvia Longueira Castro

A Cidade das TIC pretende desenvolver un espazo baseado no coñecemento e a innovación ao servizo do tecido empresarial de Galicia, sobre todo das pequenas e medianas empresas, e ser un elemento de atracción e retención de talento na nosa comunidade. Os principais elementos do proxecto son a formación, a investigación, a transferencia, o emprendemento, con apoio a constitución, incubación e lanzamento de empresas de base tecnolóxica, e a participación das empresas, tanto as instaladas na CdT como as do resto de Galicia, tanto PYMES como grandes empresas tecnolóxicas, nacionais ou internacionais.

Asinado o día 08/08/2025 ás
11:42
Por Julio Abalde Alonso

Este centro, que será construído pola Universidade da Coruña, ten que xogar un papel fundamental de interacción coas actividades da AESIA na cidade da Coruña e en Galicia, o que permitirá atraer talento e empresas a nosa comunidade autónoma que queiran aproveitar a sinerxías coas universidades galegas e a AESIA..

CSV: BOPGDSPG-Fy5inscеR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Esta infraestrutura de investigación da Cidade das TIC foi incluído pola Universidade da Coruña no Plan de infraestruturas da Xunta de Galicia, asinado no 2023, ademais do novo centro na Cidade da Saúde, en Santiago; a integración da Facultade de Formación do Profesorado no Complexo Docente, en Lugo, o Centro de Investigación da Industria Intelixente de Ferrol, o Centro de Enxeñería Aeroespacial de Ourense e o Centro de Investigación Mariña de Vigo, así como a remodelación do Hospital Provincial no campus de Pontevedra. Estas infraestruturas supoñen un coste global de 137 millóns de euros.

A este Plan de infraestruturas do SUG, o Goberno autonómico destina 40 millóns de euros –10 millóns cada ano ata o 2026–, o que supón unha financiación da Xunta inferior ao 30 % do custe total das mesmas, claramente insuficiente.

As universidades teñen posibilidades moi limitadas de cofinanciar estas infraestruturas xa que non dispoñen de fontes de ingreso mais alá das achegas da Xunta de Galicia, a través do plan de financiamento claramente insuficiente, e as taxas universitarias, conxeladas dende o ano 2010. A cofinanciación neste caso estaría moi por riba da cofinanciación de outros fondos, como os Fondos FEDER que está entre un 30-4 0%. Polo que é necesario que a Xunta de Galicia, que dispón de múltiples vías de financiación a través de fondos propios ou distintos fondos europeos, NG-EU, FEDER, etc. colabore coa UDC na financiación da construción do CITIC na Cidade das TIC.

Ademais, o financiamento de este Centro de Investigación encadraríase dentro dos programas sectoriais e proxectos de IA na nosa comunidade que permita aproveitar a oportunidade da situación da AESIA en A Coruña e consolidar o ecosistema de innovación que facilite a implantación de empresas tecnolóxicas e retención e atracción de talento na Comunidade de Galicia, tal e como vén de

CSV: BOPGDSPG-Fy5inscerR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

aprobar por unanimidade o Pleno do Parlamento de Galicia nunha Proposición non de lei presentada e defendida polo Grupo Parlamentario Popular.

As actividades de investigación dos grupos e investigadores que se instalen neste novo edificio do Centro Singular de Investigación da Rede da Xunta de Galicia (CIGUS), o CITIC, estarán especializados e tecnoloxías de Intelixencia Artificial, Aprendizaxe Maquina, Procesamento de linguaxe Natural, Ciencia e Enxeñería de Datos, Sostenibilidade e Algoritmos Verdes, Realidade aumentada, etc. e se centrarán en desenvolvemento de aplicacións para a saúde, loxística, téxtil e naval, principalmente, nas que teñen unha ampla experiencia.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Pensa a Xunta de Galicia que o novo edificio do CITIC, como centro de investigación, innovación da Cidade das TIC, facilita a relación coa AESIA e a implantación de novas empresas tecnolóxicas na nosa comunidade autónoma?

Santiago de Compostela, 8 de agosto de 2025

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 12:07:28
Nº Rexistro: 30710
Data envio: 08/08/2025 12:07:28.303

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 08/08/2025 11:42:14

Silvia Longueira Castro na data 08/08/2025 11:42:23

Lara Méndez López na data 08/08/2025 11:42:34

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 12:07:28
Nº Rexistro: 30710
Data envío: 08/08/2025 12:07:28.303

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/08/2025 12:07:50

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 12:08:47
Nº Rexistro: 30712
Data envio: 08/08/2025 12:08:47.208

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Julio Ernesto Abalde Alonso** e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional publicou o mes de xullo a resolución pola que se ditan as instrucións para o desenvolvemento dos ensinos de formación profesional para o curso 2024/2025

Segundo indicou a Xunta de Galicia estas normas teñen un carácter "transitorio" ata que se aprobe o novo decreto que a Xunta de Galicia debe tramitar para adaptalo á nova lei de FP. Estas instrucións aplicaranse no primeiro curso dos ciclos formativos da oferta común, modalidade presencial e réxime xeral, non se inclúe nin a oferta modular nin a FP Dual Intensiva.

No que respecta as prácticas, os ciclos poderán incorporar no primeiro curso un período de formación na empresa ou no organismo equiparado como parte integrada do currículo dos módulos profesionais e serán, como máximo, un total de 80 horas nos ciclos básicos e de 200 nos ciclos medios e superiores.

De feito, a fase de formación na empresa será determinada por cada centro en función das características da oferta formativa, das particularidades dos sectores produtivos e da dispoñibilidade de postos e das condicións do alumnado.

O momento en que se debe incorporar unha nova lexislación dos ensinos de FP é o idóneo para realizar unha avaliación do feito até agora e detectar as posibles áreas de mellora, neste caso sobre todo na parte correspondente a

Asinado o día 08/08/2025 ás 11:43
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 08/08/2025 ás 11:43
Por Julio Abalde Alonso

CSV: BOPGDSPG-Fy5inscеR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 12:08:47
Nº Rexistro: 30712
Data envio: 08/08/2025 12:08:47.208

practícalas en empresas da FP Dual. A nova lei xeneraliza a formación Dual e, ademais, regula a FP Dual intensiva, que na nosa comunidade porase en marcha no curso 2025/2026. É por tanto claro que a regulación de FP Dual nas súas distintas modalidades será central  no novo decreto que debe aprobar a Consellería durante este curso.

E por todo isto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que porcentaxe de ciclos e alumnado ten a FP dual na súa distribución por familias de competencia e xeográfica na rede sostida con fondos públicos?

Santiago de Compostela, 8 de agosto de 2025

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 12:08:47
Nº Rexistro: 30712
Data envio: 08/08/2025 12:08:47.208

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 08/08/2025 11:43:18

Silvia Longueira Castro na data 08/08/2025 11:43:26

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 12:08:47
Nº Rexistro: 30712
Data envio: 08/08/2025 12:08:47.208

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/08/2025 12:08:47

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Julio Ernesto Abalde Alonso** e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

No pasado mes de xullo aparecía na prensa o seguinte titular: “A unitaria máis antiga, e bonita, de Santiago, creada en 1808, sálvase ao encandear tamén a pais doutros concellos” no texto a súa responsable declaraba: “Necesitabamos un rapaz e temos, ao menos, tres” o que permitirá a continuidade do proxecto. Esta é a situación de numerosos centros no rural, e non só unitarias, como é a Escola de Educación Infantil Gaioso, de Ou Eixo, que ven perigar curso a curso a súa continuidade e que teñen que lanzar, como neste caso, chamadas de alerta ao ver que perigaba o mínimo de alumnos esixido para evitar o peche.

En moitos destes centros de escolas unitarias e CRA realízanse proxectos educativos que son exemplos de boas prácticas, presentados en Congresos da Escola Rural, o último celebrado en maio de 2024 en Ribadavia, deseñadas por profesorado motivado e concienciado e por familias que en moitas ocasións elixen esta forma de ensino como unha educación alternativa.

O propio conselleiro en clausura do Congreso encomiou as iniciativas punteiras que se estaban desenvolvendo na nosa comunidade autónoma animando aos profesores e familia a seguir traballando para garantir unha educación de calidade, sobre todo nas zonas máis afectadas polo descenso demográfico que afecta á nosa comunidade autónoma.

Asinado o día 08/08/2025 ás 11:44
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 08/08/2025 ás 11:44
Por Julio Abalde Alonso

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por todo o anteriormente exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cal é o numero de escolas unitarias e CRA en Galicia nos próximos anos?

Santiago de Compostela, 8 de agosto de 2025

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 12:09:37
Nº Rexistro: 30714
Data envío: 08/08/2025 12:09:37.577

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Abalde Alonso na data 08/08/2025 11:44:01**

**Silvia Longueira Castro na data 08/08/2025 11:44:13**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 12:09:37
Nº Rexistro: 30714
Data envio: 08/08/2025 12:09:37.577

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/08/2025 12:09:38**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 12:10:51
Nº Rexistro: 30716
Data envío: 08/08/2025 12:10:51.435

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

No mes de xullo do ano 2023 a Consellería de Facenda e Función Pública, a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades e a tres universidades públicas galegas, coa presenza do presidente da Xunta de Galicia Alfonso Rueda, asinan o convenio para a posta en marcha dun plan de dotación de infraestruturas singulares para a docencia ou a investigación nos sete campus galegos.

Trátase dunha dotación específica para posibilitar que as universidades podan dotarse de grandes infraestruturas con orzamentos plurianuais, que non poden ser realizadas cos presupostos ordinarios das universidades do Plan de financiamento universitario.

Cada universidade propón as infraestruturas deste plan que son incluídas previa aceptación pola Xunta de Galicia. As infraestruturas que finalmente se asinaron no convenio de infraestruturas foron: o edificio da Facultade de Farmacia da Cidade da Saúde en Santiago; a integración da Facultade de Formación do Profesorado no Complexo Docente, en Lugo, o novo CITIC da Cidade das TIC, na Coruña, o Centro de Investigación da Industria Intelixente de Ferrol, o Centro de Enxeñería Aeroespacial de Ourense e o Centro de Investigación Mariña de Vigo, así como a remodelación do Hospital Provincial no Campus de Pontevedra.

Segundo a información da propia Xunta de Galicia, este plan mobilizaría 100 millóns de euros entre 2023 a 2026, si ben o cálculo máis conservador de

Asinado o día 08/08/2025 ás 11:45
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 08/08/2025 ás 11:45
Por Julio Abalde Alonso

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

construción das infraestruturas sería de 137 millóns de euros. Pois ben, a Xunta de Galicia aporta nos catro anos de vixencia do plan 40 millóns de euros, a razón de 10 millóns de €/ano, para as tres universidades galegas, o que supón unha financiación da Xunta de Galicia inferior ao 30 % do custe total das mesmas, claramente insuficiente.

E de onde se mobilizaría o 70 % restante, case 100 millóns de euros con fondos propios das universidades públicas galegas. As universidades teñen case nulas posibilidades cofinanciar estas infraestruturas xa que non dispoñen de fontes de ingreso mais alá das achegas da Xunta de Galicia, a través do Plan de Financiamento Universitario, claramente insuficiente, e as taxas universitarias, conxeladas dende o ano 2010.

As universidades non teñen, contrariamente aos que sucede coa Xunta de Galicia aceso a  financiación con outros fondos, como son os Fondos FEDER ou outros fondos europeos, NG-EU, etc., nin opción de acudir a endebedamento, polo que dificilmente poderán obter a financiación necesaria, polo que este plan así definido non é mais que una nova medida cosmética da Xunta de Galicia que non poderá executarse, perdendo os efectos beneficios da súa dispoñibilidade.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cal é a execución actual do Plan de Infraestruturas Universitarias asinada pola Xunta de Galicia e as universidade públicas do SUG?

Santiago de Compostela, 8 de agosto de 2025

CSV: BOPGDSPG-Fy5inseR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 12:10:51
Nº Rexistro: 30716
Data envio: 08/08/2025 12:10:51.435

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Abalde Alonso na data 08/08/2025 11:45:06**

**Silvia Longueira Castro na data 08/08/2025 11:45:15**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 12:10:51
**Nº Rexistro: 30716**
Data envio: 08/08/2025 12:10:51.435

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/08/2025 12:10:51**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

## A MESA DO PARLAMENTO

**Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno.**

A política desenvolvida polo Goberno do Partido Popular de Mariano Rajoy a partir do ano 2011 cunha política agresiva de contención dos recursos humanos nos servizos público, que tivo a súa máxima mostra na imposición dunha taxa de reposición drástica, produciu unha redución do número de traballadores e traballadoras en servizos fundamentais como son a educación ou a sanidade.

No caso da educación, ademais a pandemia modificou dunha forma importante a estrutura e o numero de efectivos na educación, tentando introducir novas metodoloxías que tiñan como fin último reducir os efectivos e a presenza de docentes nas aulas.

En concreto, no caso da Educación Primaria e Secundaria produce unha redución de efectivos do curso 2020/2021 ao 2022/2023, ultimo curso con datos consolidados, de 13.766 a 13.430 no caso dos mestres de Primaria, no caso de profesorado de secundaria pásase de 13.531 a 13.843, pero ese incremento é ficticio xa que aproximadamente 930 son do profesorado FP que se incorpora ao profesorado de ensino secundario como consecuencia da creación do novo corpo de profesorado especialista en sectores singulares da formación profesional. O número total de docentes pasa de 31.392 no curso 2020/2021 a 30.571 no curso 2022/2023.

Asinado o día 08/08/2025 ás 11:46
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 08/08/2025 ás 11:46
Por Julio Abalde Alonso

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

Polo tanto, prodúcese un descenso do número de efectivos que non son compensados polas convocatorias de prazas de profesorado, que na ultima convocatoria deixou vacantes un numero significativo de prazas.

Non obstante, durante este período o número total de empregados públicos da Administración autonómica  increméntase de 140.000 a 150.000 empregados públicos da Xunta de Galicia, que en xaneiro de 2023 alcanza un máximo con 117.000 empregados totais. Prodúcese un descenso do numero absoluto de docentes e non se aproveita o incremento de emprego público que non vai ao sector educativo.

É por isto que, o deputado e a deputada que asinan, preguntan:

Que valoración fai a Consellería dos resultados dos últimos concursos de profesorado tanto na quenda de interno como o na de concurso libre?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2025

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 12:11:54
Nº Rexistro: 30718
Data envío: 08/08/2025 12:11:54.902

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Abalde Alonso na data 08/08/2025 11:46:00**

**Silvia Longueira Castro na data 08/08/2025 11:46:11**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 12:11:54
Nº Rexistro: 30718
Data envio: 08/08/2025 12:11:54.902

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/08/2025 12:11:55**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 12:13:05
Nº Rexistro: 30720
Data envio: 08/08/2025 12:13:05.793

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Julio Ernesto Abalde Alonso, Silvia Longueira Castro** e **Elena Espinosa Mangana**, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno.**

As familias das escolas infantís da rede do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (Consellería de Política Social), manifestaron reiteradamente que queren que os seus fillos e fillas consuman nos comedores escolares produtos de proximidade. Produtos como froitas e verduras de tempada, peixe fresco, como o capturado polo cerco galego, e carne de procedencia galega, como é a nosa denominación de orixe Tenreira Galega.

Na actualidade o menú que se ofrece cumpre, por suposto e non se pon en dúbida, con todas as normas sanitarias e de seguridade, así como as nutricionais, pero non inclúe esa proximidade na orixe: a carne pode chegar de Polonia, o peixe é conxelado e de especies que se pescan lonxe das nosas costas e que, en numerosas ocasións, nin se consumen tradicionalmente na nosa comunidade.

A Xunta obriga, desde a norma de 2019, ás empresas que xestionan os menús a optar por provedores de proximidade, pero non significa que o produto fornecido sexa efectivamente de proximidade; os provedores locais, á súa vez, traen os alimentos de diferentes partes do mundo, xa non de Galicia ou España. A consulta da trazabilidade dos produtos demostrou que a carne viña de Polonia, o peixe deixou de ser fresco para pasar a ser conxelado, as froitas e hortalizas percorren grandes distancias até chegar o prato dos nosos fillos e fillas, etc. Esta situación non parece lóxica nin desde o punto de vista de defensa do noso sector primario nin desde a sustentabilidade.

Asinado o día 08/08/2025 ás 11:46
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 08/08/2025 ás 11:46
Por Julio Abalde Alonso

CSV: BOPGDSPG-Fy5inSceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 12:13:05
Nº Rexistro: 30720
Data envio: 08/08/2025 12:13:05.793



Os nosos fillos e fillas merecen unha alimentación de calidade e é fundamental que a escola pública a idades tan temperás sexa un exemplo de calidade e equilibrio nutricional xa que a alimentación senta as bases da saúde infantil, enfrontando así problemas actuais e de futuro como é a obesidade infantil. É importante que os nenos aprendan cal é a frecuencia adecuada de inxesta semanal, por exemplo, de peixe e carne e a importancia dos vexetais e a froita na saúde. Pero non só a calidade alimenticia senón que a seguridade dos produtos consumidos é fundamental e non se soluciona cos produtos de proximidade, por iso, é importante a información do procesado e a trazabilidade dos produtos coa colaboración cos distintos axentes da cadea de produción e distribución.

Para iso, debemos pór en marcha un plan en colaboración coas asociacións de produtores agrícolas, gandeiros e distribuidores que permita dispor de produtos de proximidade na cantidade, calidade e seguridade adecuada para un sistema de comedores distribuídos por toda a comunidade autónoma. Igualmente, sería importante contar coa participación das asociacións de pescadores das distintas pesqueiras, especialmente coas do cerco, así como coas lonxas.

Esta colaboración en rede é necesaria porque, aínda que cada comedor dá servizo a poucos usuarios, a cantidade global é moi importante e en ocasións un único produtor podería individualmente dar soporte a toda a rede.

En definitiva, sería un modelo que por unha banda une a calidade nutricional e alimenticia coa formación en hábitos saudables desde a infancia cos menús escolares co apoio aos sectores primarios da agricultura, gandaría e pesca e por último coa sustentabilidade enerxética xa que se evitan longos desprazamentos das materias primas. Un exemplo claro de economía circular da que tan necesitada está a nosa comunidade.

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 12:13:05
Nº Rexistro: 30720
Data envio: 08/08/2025 12:13:05.793



Este modelo foi testado na nosa comunidade autónoma con moi bos resultados, eficiente e sustentable economicamente. Este é o caso dos ecocomedores que utilizan, por exemplo, na escola infantil municipal da Caracola, en Novo Mesoiro da Coruña, que non só ten unha mellor calidade do produto, utiliza produtos ecolóxicos, senón que consegue un descenso importante no custo do menú para as familias. Trátase de escalar e estender o modelo.

Por iso, o deputado e as deputadas que asinan preguntan:

Realiza a Consellería un seguimento do cumprimento da normativa da Xunta de Galicia do ano 2019 que obriga aos xestores dos comedores escolares á utilización de provedores de proximidade?

Santiago de Compostela, 8 de agosto de 2025

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 12:13:05
Nº Rexistro: 30720
Data envio: 08/08/2025 12:13:05.793

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Abalde Alonso na data 08/08/2025 11:46:43**

**Silvia Longueira Castro na data 08/08/2025 11:46:53**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 12:13:05
Nº Rexistro: 30720
Data envio: 08/08/2025 12:13:05.793

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/08/2025 12:13:06

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 12:14:33
Nº Rexistro: 30722
Data envio: 08/08/2025 12:14:33.746

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Julio Ernesto Abalde Alonso**, **Silvia Longueira Castro e Patricia Iglesias Rey**, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O pasado ano os representantes das persoas traballadoras e a Xunta de Galicia asinaron un acordo que, como manifestou o conselleiro na súa comparecencia no Parlamento, era un paso de xigante cara a educación do futuro, cunha maior atención personalizada ao alumno, e vencellando a calidade propia do ensino coa igualdade de oportunidades, e o cerne do programa Promociona do Plan MEGA.

No acordo fixábanse uns criterios de referencia para a agrupación de varios cursos nunha mesma aula para a fixación de novas ratios máximas de alumnado por aula. Aceptábase que a agrupación de cursos distintos nunha mesma aula só se levaría a cabo se a suma dos diferentes niveis daba lugar a un grupo máximo de 14 alumnos/as (se todos eran do mesmo ciclo) e de 12 (se eran de ciclos distintos).

A pesar do acordo, segundo veñen denunciando dende as federacións de ANPA, numerosos centros de ensino da provincia, sobre todos das zonas rurais que sofren un intenso descenso demográfico, estanse a producir agrupamentos de alumnado de cursos distintos que incumprirían eses criterios.

En varios casos non se respectan as novas ratios máximas de alumnado por aula nin se ten en conta a presenza de alumnado con necesidades especiais que debería contar coma dous alumnos ou coma tres, en función do grao de discapacidade.

Asinado o día 08/08/2025 ás 11:50
Por Silvia Longueira Castro
Asinado o día 08/08/2025 ás 11:50
Por Julio Abalde Alonso
CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Esta situación de agrupamento prodúcese na inmensa maioría en centros situados en núcleos rurais da provincia da Coruña, e tamén nas outras provincias, os cales sempre contan cun mínimo de recursos para o alumnado, relegándoos a ser nenas e nenos de segunda, as familias séntense desprotexidas á hora de ofreces ás súas fillas e fillos unha educación de calidade no rural, como reiteradamente denunciamos os socialistas de Galicia no parlamento.

A maiores, nestes días a propia Federación de Mulleres Rurais de Galicia solicitoulle á Xunta de Galicia que mellore a dotación para este curso 2024/2025 de recursos humanos e materiais nas escolas rurais galegas a través de políticas centradas na loita contra o despoboamento do interior de Galicia. A modificación de cocientes na agrupación de nenos no nivel infantil e primaria, unido a falla de persoal de apoio para nenos e nenas con NEAE, está provocar unha diminución na calidade da educación e discriminación da escola rural e unha fuxida cara as zonas urbanas. Situación que se ve confirmada co peche de seis escolas unitarias, que se suma aos dos de anos anteriores.

A Consellaría de Educación di estar avaliando os datos para organizar as unidades escolares en función das matrículas centro a centro e tomar de decisións sobre agrupamentos. Isto e inadmisible xa que realizase a posteriori e tardiamente, mantendo aos familias na incerteza de onde escolarizará aos seus nenos e nenas, cando os datos de matriculación son coñecidas antes do verán.

Esta situación é consecuencia da redución de recursos humanos, para a escola en zonas rurais. Falta de profesorado que prexudica ao alumnado, pero tamén aos docentes, que ven como a súa carga de traballo está por riba do normal e do soportable. Non é o mesmos traballar nun aula con alumnado dun único curso, que traballar con alumnado de distintos cursos na mesma aula, sobre

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 12:14:33
Nº Rexistro: 30722
Data envio: 08/08/2025 12:14:33.746

todo cando no momento da programación do curso existe incerteza de como será a organización e a dotación de recursos, incerteza que fai que numerosas familias decida trasladar aos nenos a cidades próximas coa conseguinte despoboamento dos centros de ensino e do rural.

Por todo isto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cree a Xunta de Galicia que a limitación de prazas ofertadas nos cursos iniciais de cada ciclo facilita o mantemento dos alumnos nos centros do rural e así garantir a súa sustentabilidade e non perda de alumnado?

Santiago de Compostela, 8 de agosto de 2025

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 12:14:33
Nº Rexistro: 30722
Data envio: 08/08/2025 12:14:33.746

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Abalde Alonso na data 08/08/2025 11:50:10**

**Silvia Longueira Castro na data 08/08/2025 11:50:21**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 12:14:33
Nº Rexistro: 30722
Data envio: 08/08/2025 12:14:33.746

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/08/2025 12:14:34**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 08/08/2
11:51
Por Silvia Longueira C

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Julio Ernesto Abalde Alonso, Patricia Iglesias Rey** e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Neste inicio do curso 2024/2025, as familias dos nenos escolarizados no CEIP O Pindo (Carnota), e na escola unitaria referente para o alumnado do Ézaro (Dumbría) e de diversos núcleos de Carnota, especialmente Pindo, Curra, Quilmas, Panchés e Caldebarcos, veñen denunciando a precaria situación na que se atopan os centro e a deficitaria atención educativa que están tendo os seus fillos e fillas neste curso.

Asinado o día 08/08/2025 ás
11:51
Por Patricia Iglesias Rey

A Comunidade educativa do centro está constatando este curso como dende a Consellería de Educación estase facendo unha pésima xestión, con recortes totalmente inaceptables e unha redución de persoal totalmente inexplicable e que socava o bo proxecto levado a cabo nos últimos cursos.

Tanto a Dirección do centro, como o alcalde do Concello de Carnota, como a ANPA do centro fixeron chegar á Administración educativa as peticións básicas que se precisan para que o alumnado sexa atendido; a día de hoxe, co curso comezado, seguen sen respostas e sen solucións.

Asinado o día 08/08/2025 ás
11:51
Por Julio Abalde Alonso

As súas xustificadas demandas para o curso 2024/2025 foron remitidas aos servicios territoriais e abordadas na reunión mantida entre o alcalde de Carnota e o conselleiro de Educación o pasado 2 de setembro, a quen fixeron chegar de novo as peticións de toda a comunidade educativa: Consello Escolar, familias con alumnado que presenta necesidades educativas específicas e

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

profesionais educativas do centro educativo, sen que ata o momento obtiveran resposta.

As súas xustas peticións son: dotar de máis horas de mestres especialistas en PT e AL. Actualmente contan con un PT durante 5 horas, redución do 50 % respecto ó curso pasado, totalmente insuficientes polo que se solicita recuperar as horas do curso anterior. Especialista AL a tempo completo: actualmente non dispoñen de especialista AL cando o curso pasado dispoñían de 10 horas de AL. A Consellería comprometeuse a dotar un AL a tempo completo, pero ata este momento nos se asignou. Igualmente solicitan Persoal Auxiliar Coidador para un alumno que, segundo o Equipo de Orientación da propia Consellería, precisa do apoio de especialistas en PT, AL e Persoal Auxiliar Coidador e que, a día de hoxe, está desatendido.

O conselleiro na súa comparecencia no Parlamento, manifestou que o Plan MEGA era un paso de xigante cara a educación do futuro, cunha maior atención personalizada ao alumno, e vencellando a calidade propia do ensino coa igualdade de oportunidades e a equidade. cando na realidade estase a producir unha diminución na calidade da educación e discriminación da escola rural provocando unha fuxida cara as zonas urbanas. Situación que se ve confirmada co peche de seis escolas unitarias este curso.

O propio conselleiro de Educación é coñecedor de primeira man da situación no CEIP O Pindo e destas demandas polo que é incomprensible a inacción e a falta de resposta da Consellería.

CSV: BOPGDSPG-Fy5inscеR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cree a Consellería de Educación que se pode facer verdadeira educación reducindo a dotación de persoal docente especialista de PT e AL?

Santiago de Compostela, 8 de agosto de 2025

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 12:15:28
Nº Rexistro: 30724
Data envio: 08/08/2025 12:15:28.537

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Abalde Alonso na data 08/08/2025 11:51:34**

**Patricia Iglesias Rey na data 08/08/2025 11:51:44**

**Silvia Longueira Castro na data 08/08/2025 11:51:54**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 12:15:28
Nº Rexistro: 30724
Data envio: 08/08/2025 12:15:28.537

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/08/2025 12:15:29**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Julio Ernesto Abalde Alonso** e **Carlos López Font**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Os datos oficiais publicados recentemente son contundentes: segundo PescadeGalicia, o 1 de xaneiro ata o 12 de agosto, as vendas en lonxa son de 2,58 millóns de quilos, un 40 % por baixo do mesmo período do 2023 e a metade da media dos últimos 23 anos.

Esta crise pásalle factura sobre todo ás mariscadoras e mariscadores, tanto os que faenan a pé como en embarcación, e tamén aos pescadores de baixura e litoral: desde xaneiro facturaron 33,45 millóns de euros, un 26 % menos que o ano pasado por estas datas e un 37 % menos que a media do que vai de século, nin o incremento de prezos compensa a drástica redución de capturas cando o prezo do quilo de marisco este ano é un 43 % superior á media desde o ano 2000.

Ante todo este panorama a Consellería do Mar non solo nega a realidade, senón que se esconde tras xustificacións puntuais, busca culpables noutras administracións e anuncia día tras día o Plan de competitividade e sostenibildiade do sector marisqueo 2023-2025, que nin os axentes do sector coñece, e afirma que toma todas as medidas necesarias para a protección do sector marisqueiro.

A realidade non é así: as medidas e axudas que se anuncian non se plasman en convocatorias e cando é así, a carga burocrática e a tramitación fai que non chegan ou tardan en recibir ás persoas afectadas, por exemplo as axudas como consecuencias dos peches dos bancos neste ano 2024 aínda non están

Asinado o día 08/08/2025 ás 11:52
Por Carlos López Font

Asinado o día 08/08/2025 ás 11:52
Por Julio Abalde Alonso

CSV: BOPGDSPG-Fy5inscer-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 12:18:48
Nº Rexistro: 30726
Data envio: 08/08/2025 12:18:48.683



xestionadas totalmente e as axudas de 550 euros, que se aceleraron por razóns electorais do PP, cando para máis de 7.000 persoas beneficiarias escasamente chegaron a 4.000, quedando sen abonar aproximadamente 2 M€ dos 4,5 inicialmente asignados.

O propio conselleiro afirmou en sede parlamentaria, estar en contacto directo co sector e que toma todas as medidas de protección do medio e das persoas traballadoras do mar, sen embargo, as propias confrarías trasladan publicamente a súa preocupación pola "ausencia de solucións dilixentes e efectivas" ante os "graves problemas" que atravesa o sector do marisqueo galego.

É demostración do malestar do sector por como  a Consellería está a xestionar as convocatorias para poder acollerse ás axudas pola paralización temporal do FEMPA (Fondo Europeo Marítimo de Pesca e Acuicultura), tanto polos criterios como pola cantidade total que finalmente percibe cada mariscador/a que nada ten que ver, afirman, co prometido pola Consellería do Mar. Para esas confrarías pontevedresas non hai dúbida de que «existe un incumprimento manifesto» do que había anunciado a Consellería do Mar.

A Consellería leva moito tempo perdido, pero o sector marisqueiro non ten tempo, a Consellería ten que actuar xa.

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 12:18:48
Nº Rexistro: 30726
Data envio: 08/08/2025 12:18:48.683

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que nivel de diálogo estableceu a Consellería co sector marisqueiro para a posta en marcha das axudas aos mariscadores/as do Plan de Competitividade e Sostenibilidade do marisqueo de Galicia 2024-2025?

Santiago de Compostela, 8 de agosto de 2025

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 12:18:48
Nº Rexistro: 30726
Data envio: 08/08/2025 12:18:48.683

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Abalde Alonso na data 08/08/2025 11:52:44**

**Carlos López Font na data 08/08/2025 11:52:55**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 12:18:48
Nº Rexistro: 30726
Data envio: 08/08/2025 12:18:48.683

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/08/2025 12:18:49**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 12:19:42
Nº Rexistro: 30728
Data envío: 08/08/2025 12:19:42.902

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Julio Ernesto Abalde Alonso, Silvia Longueira Castro** e **María Elena Espinosa Mangana**, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

O pasado día 29 de setembro celebrouse o Día Mundial do Corazón. É unha boa razón para dar unha ollada a resposta que dá a nosa sanidade publica á atención as doenzas coronarias en xeral e ao que ten que ver co tratamento e recuperación das enfermas e enfermos cardíacos na nosa comunidade autónoma.

Na área de Ferrol, por poñer un exemplo, atopámonos cunha incidencia anual de máis de 500 infartos de miocardio que, por fortuna, en gran parte actualmente se recuperan, pero precisan dunha atención especializada e dun proceso específico de rehabilitación. Na actualidade na área de Ferrol temos unha poboación de mais de 3000 pacientes con insuficiencia cardíaca e que precisarían da atención destes servizos de rehabilitación cardíaca.

Sen embargo, estes pacientes atópanse totalmente desprotexidos e abandonados polo Servizo Público Galego de Saúde xa que, contrariamente ao que sucede nos outros hospitais e áreas sanitarias, o Complexo Hospitalario de Ferrol non dispón desa necesaria unidade de rehabilitación cardíaca. Esta situación agrávase xa que tampouco existe esta unidade de rehabilitación cardíaca no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, co que os pacientes de cardiopatía da área de Ferrol, e tamén da Coruña, teñen que desprazarse a Santiago ou a Lugo, os hospitais públicos máis próximos que dispoñen deste servizo. Isto supón unha importante dificultade xa que o traslado ten que realizarse por medios propios ou públicos xa que non son

Asinado o día 08/08/2025 ás 11:54
Por Elena Espinosa M
Asinado o día 08/08/2025 ás 11:53
Por Silvia Longueira Castro
Asinado o día 08/08/2025 ás 11:53
Por Julio Abalde Alonso
CSV: BOPGDSPG-Fy5inscеR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

atendidos polo transporte sanitario, ademais dun custe adicional que en moitas ocasións non pode ser afrontado polos pacientes de sectores económicos vulnerables, o que aumenta aínda máis a desigualdade á hora de acceder a un servizo público esencial como é a sanidade, que debería ser unha das principais preocupacións da Consellería de Sanidade.

Aínda é mais incomprensible cando a área de Ferrol é unha das que teñen unha maior incidencia de episodios de insuficiencia cardíaca o que faría prioritario a existencia dese servicio nesta área.

Polo tanto, non é de recibo que a Consellería de Sanidade manteña estas dúas áreas sanitarias, Ferrol e Coruña, sen este servizo tan importante para a saúde e a calidade da atención sanitaria da nosa poboación e que supoña unha desigualdade e agravio manifesto con respecto as outras áreas sanitarias galegas que si dispoñen deste servizo.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cales son os números de incidencia dos episodios de cardiopatías nas áreas sanitarias de Ferrol, e de A Coruña – Cee?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro do 2025

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 12:19:42
Nº Rexistro: 30728
Data envio: 08/08/2025 12:19:42.902

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Abalde Alonso na data 08/08/2025 11:53:46**

**Silvia Longueira Castro na data 08/08/2025 11:53:55**

**Elena Espinosa Mangana na data 08/08/2025 11:54:07**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 12:19:42
Nº Rexistro: 30728
Data envio: 08/08/2025 12:19:42.902

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/08/2025 12:19:43**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Asinado o día 08/08/2 13:11 Por Patricia Iglesias F

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Julio Ernesto Abalde Alonso, Silvia Longueira Castro, Patricia Iglesias Rey** e **Lara Méndez López**, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

No discurso de investidura do 9 de maio de 2024 e na constitución do Goberno do Sr. Rueda unha das principais novidades foi a aposta pola promoción do I+D+i en Galicia coa inclusión das competencias da Ciencia na Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP, que materializase coa incorporación da Axencia Galega de Innovación (GAIN) na Consellería coa función da xestión das políticas de Ciencia e Desenvolvemento pero sen as competencias de innovación empresarial. Curiosamente, esta incorporación do GAIN na Consellería non supuxo a supresión da Subdirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica Universitaria, sen quedar claro quen e con que instrumentos xestionan a Ciencia e o I+D na nosa comunidade.

Asinado o día 08/08/2025 ás 13:11 Por Silvia Longueira Castro

O ecosistema de I+D+i da nosa comunidade precisa dun marco estable e sostible dos programas e convocatorias nos distintos programas de financiamentos de programas e proxectos de investigación estrutural e competitivas e, sobre todo, nas convocatorias para axudas dos distintos contratos para persoal investigador nas distintas categorías, predoutorais, postdoctorais, ciencia excelente é captación de talento, que son os distintos pasos que caracterizan e definen a carreira investigadora na nosa comunidade.

Asinado o día 08/08/2025 ás 13:10 Por Julio Abalde Alonso

O ecosistema do I+D+i galego non pode seguir con continuos cambios nas estruturas xestoras nin nos programas a que nos ten acostumados o Goberno do Partido Popular. Precísase continuidade na articulación, coordinación e financiamento así como os criterios de acceso, xestores dos programas, etc. Si

CSV: BOPGDSPG-Fy5inscsR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 13:32:36
Nº Rexistro: 30731
Data envio: 08/08/2025 13:32:36.103



isto é importante nas convocatorias de fondos de investigación competitivos e estruturais, especial atención debe terse nas que desenvolven a carreira investigadora estable e en condicións laborais dignas aos investigadores e as investigadoras na nosa comunidade.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cales serán as unidades xestoras na actual estrutura organizativa da Xunta de Galicia dos distintos programas de financiamento da I+D+i actualmente en vigor?

Santiago de Compostela, 8 de agosto de 2025

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 13:32:36
Nº Rexistro: 30731
Data envio: 08/08/2025 13:32:36.103

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Abalde Alonso na data 08/08/2025 13:10:56**
**Silvia Longueira Castro na data 08/08/2025 13:11:08**
**Patricia Iglesias Rey na data 08/08/2025 13:11:20**
**Lara Méndez López na data 08/08/2025 13:11:32**

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 13:32:36
Nº Rexistro: 30731
Data envio: 08/08/2025 13:32:36.103

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/08/2025 13:32:36

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2025 13:33:34
Nº Rexistro: 30733
Data envio: 08/08/2025 13:33:34.774

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Julio Ernesto Abalde Alonso, María Elena Espinosa Mangana** e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

O día 13 de xaneiro, coñecemos o déficit de enfermeiras/os en España, que se arrastra desde hai décadas que nos sitúa en 100.000 profesionais. Si temos en conta o número de profesionais por cada 1.000 habitantes, encontramos que a media en España en 6,5 profesionais por cada 1.000 habitantes, mentres que nos países da Unión Europea esta proporción situase en 8,5 enfermeiras/os por cada 1.000 habitantes.

Ademais, as diferenzas entre CC.AA é considerable. Da mesma forma tamén existen diferenzas entre as provincias de Galicia.

Si facemos unha revisión destes datos nas provincias galegas, vemos que só Lugo está por encima da media de España e o resto dos cocientes provinciais son realmente preocupantes. A Coruña ocupa o 37º lugar de todas as provincias e tampouco alcanza a media española con 5,68 enfermeiras por cada 1.000 habitantes, moi inferior as 6,5 profesionais de media no estado español e moi lonxe da media europea de 8,5.

É certo que se incorporaron enfermeiras/os pero non o fan ao ritmo para paliar o déficit. Da mesma forma que Galicia segue con déficit entre as enfermeiras que saen da nosa Comunidade Autónoma con respecto ás que entran. Neste contexto sabemos que de Galicia saíron no ano 2023 510 enfermeiras, e con todo só entraron 156. De aí que o déficit autonómico claro.

Asinado o día 08/08/2025 ás 13:12
Por Elena Espinosa M
Asinado o día 08/08/2025 ás 13:12
Por Silvia Longueira Castro
Asinado o día 08/08/2025 ás 13:12
Por Julio Abalde Alonso
CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
@PSdeG
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid

Pero non é a primeira vez que coñecemos o déficit, xa o Colexio Xeral de Enfermería denunciárao, do mesmo xeito que os sindicatos. No primeiro caso, cifraba o déficit para Galicia en 10.000 profesionais.

A realidade é que todos estes números lévannos a unha dura realidade: Galicia sitúase como a penúltima Comunidade Autónoma en cocientes de enfermeiras. E Coruña, tal e como indicamos non está ben colocada no "ranking" das provincias en España. É un problema máis que engádese á falta de médicos en atención primaria ou de pediatras.

Pero preocúpannos tamén as mensaxes que está a transmitir a Xunta de Galicia como pode ser o flexibilizar as normas para 2025 para poder incorporar ao Sergas a diplomados procedentes de países que non forman parte da Unión Europea e nada se di con respecto a salvagardar a profesión pero sobre todo a seguridade para o paciente.

Por todo o exposto anteriormente, o deputado e as deputadas que asina formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten algún plan a Xunta de Galicia para incrementar o número de enfermeiras/os na Coruña, para alcanzar, a curto prazo, polo menos a media española?

Santiago de Compostela, 8 de agosto de 2025

CSV: BOPGDSPG-Fy5insceR-1
Verificación:
